



CÁTEDRA

Revista eumesa de estudos
Pontedume N.º 26





CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Imaxe da cuberta:

Fachada principal da igrexa de S. Miguel de Bremao. Reconstruída no século XVII, conserva a data de 1187 ao comezo do contraforte esquerdo. O rosetón foi feito na restauración da primeira metade do século XX.

Deseño da cabeceira da revista:

Noli Vilariño

Deseño e maquetación da cuberta e do interior:

Marga L. Lamas. flopsestudio.com

Impresión:

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Páxina *web* da revista:

catedra.pontedeume.es

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

Da historia non só debemos saber as datas, ou ter na nosa memoria só unha imaxe dos principais acontecementos históricos; xa que o estudo da historia tamén é un proceso evolutivo, tanto porque co tempo poden localizarse documentos descoñecidos, ou porque xorden novos enfoques que poñen en dúbida a versión que tiñamos dalgún feito histórico; ou, sucede tamén, que as circunstancias vividas fan que poñamos máis atención a algún suceso, tema, ou persoaxes aos que no lle tiñamos dado a importancia debida.

Por elo, debemos fomentar o estudio da historia, xa que as súas ensinanzas son a base do patrimonio cultural e social co que contan os membros dunha comunidade para saber da súa identidade.

É aí onde radica a importancia da Revista Eumesa de Estudos “Cátedra”, posto que ao longo destes 26 anos foi unha ferramenta indispensable para o coñecemento da historia da nosa Vila e bisbarra. Algo máis dun cuarto de século, no que logrou converterse nun referente a nivel galego no eido dos estudos locais.

Por iso, debemos sentirnos afortunados como sociedade por contar entre os nosos membros con persoas dispostas a poñer o seu tempo, esforzo e coñecemento a disposición desta inconmensurable tarefa. Grazas a todos os autores e autoras que cos seus traballos encheron de contido Cátedra nesta nova edición e nas vintecinco precedentes, e ao Consello de Redacción pola súa entrega ao longo de todo este tempo.

Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

O MESTRE FRUTOS FERNÁNDEZ MARTÍNEZ E O MUTUALISMO ESCOLAR.

UNHA PÁXINA DA HISTORIA DA EDUCACIÓN SOCIAL EN GALICIA

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago de Compostela / De Nova Escola Galega

1. A BIOGRAFÍA PROFESIONAL DUN DESTACADO MESTRE DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1.1 A BUSCA DO PERSONAXE

Ao longo dos anos vinte do século XX entre as diversas dinámicas e incidencias que ían marcando o alborear novo da sociedade galega hai que contar igualmente coa paulatina extensión das redes escolares. A pesar de tan numerosas e por veces abafantes deficiencias ían creándose escolas públicas, á beira das máis tradicionais escolas e centros privados vilegos ou urbanos e á beira das escolas impulsadas polos emigrantes galegos en América. Escolas que pedían, como é natural, a maior presenza de mestres e de mestras, o que aconteceu en efecto, aínda que isto foi algo que se intensificou no tempo da II República.

O tempo aquel pedía mestres novos, isto é, con mellor preparación académica e profesional, con mellor conciencia do seu servizo e acción como función pública, e mesmo con maior apertura de horizontes. Isto, nestas tres dimensións referidas, non sempre se deu; porén, nos anos 20 aumentou o número de mestres e de mestras con inquiredas novas: máis atentos a súa formación, que comezaron a viaxar para este logro (Madrid, Barcelona, nalgún casos ao estranxeiro da man da “Junta para la Ampliación de Estudios”, que concedía axudas e autorizacións para este logro...), que recibían algunha publicación pedagóxica periódica, como a *Revista de Pedagogía*, que inicia a súa saída en 1922, acompañándose dunha liña de publicacións de adecuado formato e económico prezo para que fosen accesibles ao profesorado, ou que ían a algún dos varios congresos pedagóxicos convocados, tamén en Galicia.

Un destes mestres inquiredos foi Frutos Fernández Martínez (Pontedeume, 1894–A Coruña, 1966). Xa hai anos que tiñamos algunha leve referencia del e sabíamos do seu exercicio docente na Escola do Pósito Marítimo de Pescadores desde onde nalgún momento do tempo da II República promovía unha revista escolar, *Floración*. Nada máis.



Frutos Fernández Martínez

Pero este mestre debía ter algo singular, porque eran moi poucos os mestres e mestras que entre nós promovían daquela unha revista escolar, protagonizada polos escritos dos nenos e das nenas e case sempre aparecen ligados a unha corrente pedagóxica que coñecemos como Pedagogía Freinet, en relación coa acción desenvolvida por un mestre e pedagogo francés, Célestin Freinet, un decidido impulsor dunha das orientacións máis vivas e dinámicas de construción dunha pedagogía activa no seo das humildes escolas públicas da época, un mestre con vínculos socio-políticos e sindicais de esquerda e defensor dos dereitos da infancia, quen contra a fin dos anos vinte comezou a ter algunha transcendencia internacional europea.

Finalmente na publicación anual *Cátedra. Revista de Estudios Eumeses* na súa edición de 2014¹ aparecían algúns datos e fotografías referidas a este mestre; datos e fotografías que aumentaban noutra contribución publicada na mesma revista de estudos na edición

de 2015. A través deste fío puidemos chegar a realizar unha conexión co seu neto, o profesor Antón Prego Fernández, por medio de quen foi posible achegarse aos imprescindibles datos biográficos do mestre, con algúns soportes documentais, entre eles unha copia dun dos números de *Floración*, o nº 2². A partir diso foinos posible ensarillar algúns outros aspectos que nos permiten enriquecer e entender mellor esta biografía³.

2. TRAZOS BIOGRÁFICOS

Frutos Fernández aproba as oposicións públicas como mestre, co número 3 en toda España, en 1927, sendo destinado a unha escola rural do concello lucense de Pol. Un ano máis tarde, realizado un curso de ensinanzas de orientación marítima, recibe a acreditación de aptitude e con ela o seu traslado á escola nacional do pósito de pescadores de

1. PAZ RODRÍGUEZ, J. (2014). *Euterpe (Sociedade Cultural Eumesa, 1934–1937)*. “Cátedra. Revista de Estudios Eumeses”, nº 21 (2015), pp. 8-9; unha moi breve semblanza do metre.

2. BOUZA FARALDO, M. (2015). *A escola eumesa no s. XX*, “Cátedra. Revista de Estudios Eumeses”, nº 22 (2015), pp. 21-25.

3. Estas informacións e soportes documentais fóronme ofrecidos xenerosamente polo profesor Antón Prego Fernández, a quen lle expreso a miña gratitude, sendo similares aos xa referidos por Manuel Bouza Faraldo no seu texto “A escola eumesa no s. XX”, *op.cit.*

Pontedeume, onde desde 1928 realizará o seu exercicio docente ata que en 1934 pasa a exercer esta docencia na Escola de Orientación Marítima Juan Castro Mosquera d'A Coruña, que formaba parte do Grupo Escolar Concepción Arenal, e neste exercicio permanecerá durante 25 anos ata a súa xubilación en 1964.

Ao longo deste periplo docente iniciado en 1927 e desde a súa dedicación ao mundo do mar, hai que sinalar que en 1930 foi nomeado Delegado da Federación de Pósitos da Galicia Norte para representar aos pescadores na asemblea estatal celebrada daquela en Madrid; participou en diversas actividades de promoción do mutualismo escolar propiciadas pola chamada “Caja Central del Crédito Marítimo”, na súa Delegación de Galicia, sendo nomeado en 1934 delegado da “Caja Regional de Previsión” para asistir a Asemblea española de mutualidades escolares, onde os seus alumnos presentaron diversos traballos que contaron con mostras de eloxio; en 1950, a Dirección Xeral de Ensino Primario concedeulle a medalla de bronce da mutualidade escolar e aínda en 1963 a mesma Dirección Xeral lle fixo un novo recoñecemento polo seu labor pedagóxico.

Cómpre indicar que desempeñou o seu labor docente practicando a metodoloxía didáctica indutiva e intuitiva e unha orientación de activismo pedagóxico, no que hai que encadrar, no seu tempo como docente en Pontedeume as seguintes iniciativas:

- A celebración de frecuentes excursións e visitas didácticas cos nenos e mozos
- O mantemento dun taller de carpintería e outro de encadernación.
- A creación e mantemento dunha rondalla de instrumentos de pulso e púa, que actuaba a beneficio de institucións circumescolares (como o mantemento dunha cantina escolar para que todos os nenos tiveran ocasión dunha comida quente), e coa que percorreu diversas cidades e vilas da Galicia norte.
- A creación dun grupo coral de voces infantís.
- A creación en 1932 do xornal escolar *Floración*, con varios números editados, e
- A posta en marcha dun Biblioteca Popular Circulante, coa colaboración municipal.


Foi esta mesma conduta didáctica a utilizada no seu paso ás Escolas Concepción Arenal da Coruña en 1934: igualmente aquí, promoveu dúas mutualidades infantís –cos nomes de Pondal e de Rosalía de Castro–, os talleres de encadernación e de carpintería, unha pequena imprenta, unha biblioteca popular circulante tamén ao servizo dos mariñeiros de altura, unha rondalla formada por 25 adultos do barrio mariñeiro e un comedor infantil de 60 prazas.

Xunto a súa docencia ligada ás cuestións de orientación marítima, tamén desde o curso 1959-60 exerceu como profesor de ensinos complementarios de música, canto, debuxo, caligrafía e francés. Co paso do tempo, Frutos Fernández chegou a dispor da súa acreditación como perito mercantil, podendo ser nalgún momento profesor de contabilidade e de cálculos mercantís.

Non coñecemos m o día a día da súa acción docente que, porén, debía desenvolverse de modo acorde coa orientación pedagóxica sinalada. Un docente entregado á

causa da educación dos fillos dos sectores populares, con forte laboriosidade e consciente do seu labor favorable a unha educación cidadá de acentos democráticos, onde encaixaría tamén o himno co que, ao parecer, remataban as súas clases no tempo da República.

O 36 veu ser tamén para este mestre motivo de preocupación, aínda que non constaba a súa adhesión ás forzas político-sindicais de esquerda ou á Fronte Popular; por Orde ministerial de 24 de abril de 1940, examinado o seu expediente de depuración por parte da Delegación administrativa de primeiro ensino da provincia da Coruña, imporáse a pena de suspensión de emprego e soldo por dous anos e a súa inhabilitación para cargos directivos e de confianza, como noutros varios centos de casos en Galicia. O recurso que puido enviar á




Doc. 1: Himno que mestre e nenos cantaban no remate das clases



Rondalla da Escola do Pósito de Pescadores

Delegación, cos apoios recibidos valorando a ‘corrección’ da súa conduta político e relixiosa, foi tomado en consideración a finais de 1941, quedando reducido o seu castigo a só a “inhabilitación para cargos directivos y de confianza”, ata que o 9 de xullo de 1952 foi definitivamente cancelado o seu Expediente político desfavorable.



Doc.2: Copia da comunicación administrativa relativa á imposición de castigo en consecuencia do seu expediente de depuración política logo de 1936

3. AS ESCOLAS DOS PÓSITOS MARÍTIMOS DE PESCADORES

Era penosa, polo común, a vida dos sectores laborais artesanais, industriais e en diversos campos produtivos nos comezos do século XX. Unha situación social que por grave levou a algunhas importantes mobilizacións sociais impulsadas tanto desde os sectores socialistas, como desde os anarco-sindicalistas, co logro dalgunhas conquistas sociais e laborais, nas que se distinguiu o movemento obreiro da mesma cidade d'A Coruña. Con estas preocupacións tamén se creara a finais do século XIX a oficial Comisión de Reformas Sociais, da que procedían algúns valiosos informes sobre o estado social das clases populares.

O mundo dos mariñeiros encontrábase nestas circunstancias. Neste contexto o alférez de navío Alfredo Saralegui Casellas⁴ (Ferrol, 1883 - Ferrol, 1961) dirixiuse en 1915 ao presidente da Comisión de Reformas Sociais, a destacada figura de Gumersindo de Azcárate –que fora un dos impulsores da Institución Libre de Enseñanza– coa proposta de creación dunha Caixa Central de Crédito Marítimo (que logo se coñeceu como “Instituto Social de la Marina”), unha institución oficial crediticia desde a que se puidera contribuír á mellora das condicións de vida dos mariñeiros. A iniciativa foi aprobada oficialmente en 1919⁵ e como parte das súas actividades entre 1921 e 1927 creáronse un número importante de Pósitos Marítimos nas costas españolas: en 1935 había 58 en Galicia, deles 35 na provincia d’A Coruña e 17 en Pontevedra, e un total de 199 en toda España con Canarias⁶ (en 1944 desapareceron con tal denominación de Pósitos, pasando a ser Confrarías de Pescadores).

Foi a partir destes Pósitos, un deles en Pontedeume, onde en bastantes casos se crearon tamén durante os anos vinte as chamadas “escolas dos pósitos”, como escolas de carácter público que atendían aos fillos dos mariñeiros e nas que xunto ao programa ordinario da escola primaria os seus mestres impartían coñecementos relacionados coa bioloxía e coa xeografía marítima máis próxima á escola, utilizando, a estes efectos, as excursións e paseos escolares de observación e de estudo e tamén relativos ao mundo profesional da pesca, o que incluía o recoñecemento dalgunhas innovacións técnicas presentes nos barcos de pesca⁷.

Ademais de Frutos Fernández, nas escolas dos pósitos que se crearon en Galicia, exerceron algúns mestres ben destacados, tal como foi o caso de Xosé Otero Espasandín na escola de Ribeira, ou o do aragonés Felipe Carnicer, quen desde as terras de Viveiro pasaría a dirixir a Escola Oficial de Pesca de Cangas de Morrazo no tempo da II República. O labor de Frutos Fernández, que ao longo da súa vida profesional mereceu varios recoñecementos, xa foi recoñecido en 1935 polo Consello provincial de Primeiro Ensino, baixo os prestixiosos nomes dos inspectores Manuel Díaz Rozas e Peinado Altabre, como podemos ver no documento nº 3.

4. AS MUTUALIDADES ESCOLARES

Foron tradicionalmente graves as vicisitudes dos sectores humildes e populares. Diversas perspectivas de orde socio-político se confrontaron coa presente cuestión xa

4. Destituído como oficial en 1936 e xulgado como defensor da legalidade republicana en 1940.

5. SÁNCHEZ BLANCO, J. (1992). *Historia del Crédito Social Pesquero (1900-1985)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Trátase aquí a figura de Alfredo Saralegui (pp. 15-99) e COSTA ALONSO, J. (2000). *Memorias da miña vida societaria*. Santiago de Compostela: Consellería de Pesca,

6. Desde esta Caixa desenvolvéronse varias publicacións periódicas que permiten seguir a súa historia: España Marítima, creada en 1926, que pasou a denominarse España Marítima y Pesquera (entre 1930 e 1936).

7. COSTA RICO, A. (1989). *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á IIª República*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp.335–338.



Consejo Provincial de Primera Enseñanza de La Coruña



Este Consejo Provincial, en sesión celebrada el seis del actual y a propuesta del Inspector de la zona D. Manuel Díaz Rozas, acordó concederle a V. un cumplido voto de gracias, como reconocimiento de su labor mutualista y educativo social.

Lo que tengo el honor de comunicarle para su conocimiento y efectos consiguientes.

Salud y República.

La Coruña a 14 de junio de 1.935.

EL PRESIDENTE.

J. Fernández



Sr. D. Frutos Fernández, Maestro de la escuela de O. marítima de

JUAN CASTRO MOSQUERA.

desde as primeiras décadas do século XIX. Entre nós, un personaxe de gran talla, como foi a figura do coruñés Ramón de la Sagra, foi testemuño e adaíl. Os proto-socialismos, os socialismos, as orientacións anarquistas, unha parte da masonería internacional... ou xa a fin do século XIX a doutrina social católica impulsada polo Papa León XIII, teñen as súas claves de desenvolvemento nestas amargas circunstancias, que explican igualmente a creación, como xa indicamos, en 1883 da “Comisión de Reformas Sociales”.

Neste contexto, nacia en 1908 o Instituto Nacional de Previsión, un organismo oficial de protección social creado por Antonio Maura e promulgado por Alfonso XIII mediante lei do 27 de febreiro; un antecedente dos Servizos de Seguridade Social. Desde este organismo coidouse na importancia de favorecer a educación mutualista e previsor do futuro, mediante a creación de institucións infantís de previsión, como eran as “mutualidades escolares” (de orixe francés): a súa existencia supoñía a creación de pequenas asociacións de escolares, cunha xunta directiva ou consello de administración (baixo a dirección dun profesor), a través das que mediante o pago de modestas cotizacións por parte de cada neno (consignadas nunha “cartilla de mutualidad escolar”) ou mediante a reunión dalgúns fondos a través de actividades musicais, teatrais e outras, a escola podía facer fronte e organizar unha cantina, unha colonia escolar de vacacións, unha modesta viaxe escolar, ou o socorro económico puntual a unha das familias dos nenos por caso de penuria. Os beneficios sociais e pedagóxicos que se derivaban desta mutualidade eran certos: o recoñecemento infantil da importancia do aforro, o que tiña de educación moral e cívica entre os escolares participantes, o que permitían emprender...

E así, un real decreto de 7.7.1911 creaba as mutualidades escolares en España e dispoñía a súa organización e outro de 20.9.1919 mandaba o seu establecemento en todas as escolas españolas. Medida que, polo que parece, se levou á práctica de modo irregular. No tempo da IIª República débéuselle querer dar un impulso a esta iniciativa das mutualidades escolares, uníndoa coa orientación do activismo da Escola Nova e coa procura da educación social e cívica, como o filósofo e pedagogo norteamericano John Dewey viña propoñendo⁸.

En tal sentido, é oportuno citar a aparición da publicación *Revista de Mutualismo Escolar y Previsión Infantil*, da que se editaron 20 números nas anualidades de 1934 e 1935⁹. Nela destacan as seguintes seccións: os informes sobre a propia vida da Asociación de Mutualidades Escolares; a información bibliográfica sobre obras ligadas á Escola Nova, á promoción do cooperativismo escolar, e ao coidado dos cotos agrícolas (avícolas, apícolas e sericícolas); os Textos seleccionados (como “antoloxía de textos” orientados cara a educación colectiva e a aprendizaxe da cidadanía), e as Experiencias: así, e como exemplo, o nº 3 de 1934 incluía unha experiencia de cooperativa escolar francesa publicada previamente en *La Gerbe*, que era unha das revistas do movemento Freinet, falando

8. DEWEY, J. (2016). *Democracia e Educación*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da USC. Edición de Antón Costa Rico.

9. Puidemos acceder á consulta de 16 destes 20 números na Biblioteca da Universidade de Santiago.

do cinematógrafo da escola, do seu xardín de plantas medicinais, da cría de coellos que realizaban, da recolección de plantas e dos resultados acadados.

Nas súas páxinas aparecen referencias a varias experiencias realizadas en Galicia: a mutualidade da escola da Barcala (A Baña) co seu coto escolar sericícola; a mutualidade das Escolas Labaca que acada un premio nacional español¹⁰; a mutualidade Alfredo Saralegui de Pontedeume (“con moi curiosos gráficos e estatísticas, carpetas con exemplares da súa revista *Floración* de intercambio escolar, labores de marquería e encadernación”); a mutualidade de Lovios, e a Cooperativa Rural Escolar de Budiño (CREANN), que dirixía o mestre Luis Carragal Peón¹¹.

Nestes momentos a Comisión española de Mutualidades escolares estaba presidida polo prestixioso profesor Aniceto Sela y Sempil e formada, entre outros, polo tamén destacado inspector de educación Juvenal de Vega y Relea e polo tratadista Álvaro López Núñez¹². En Galicia eran os mestres Delegados Frutos Fernández, Francisco Javier Anta y Seoane, director das Escolas Labaca d’A Coruña e Consuelo Hervella Nieto.

5. FRUTOS FERNÁNDEZ E A REVISTA INFANTIL FLORACIÓN

A edición de revistas infantís, coa publicación de textos escritos polos nenos e nenas dunha escola, era unha das manifestacións da acción escolar xa con algunha tradición no mundo occidental europeo e americano á altura dos anos 30 do século XX, sobre todo en Norteamérica. Contra mediados dos anos vinte o mestre francés Célestin Freinet deulle un novo pulo a esta iniciativa: non se trataría dunha publicación de adultos impresores recollendo textos infantís; polo contrario, serían os propios nenos, coa participación do adulto mestre ou mestra, quen producirían os textos e escollerían os que serían publicados, facéndoo eles mesmos mediante pequenas caixas de imprenta que manipulaban con coidado, e tamén ilustraban.

Isto veu dar un novo modo de comunicación e de expresión infantil e a partir deses momentos houbo revistas dos adultos con textos infantís, revistas infantís elaboradas polos propios nenos e produtos mixtos. En todo caso, poucas revistas aínda. E como xa dixemos, as que se publicaban nos anos 30 en España obedecían en maior medida a esta orientación freinetiana. A revista *Floración*, da que só coñecemos actualmente o nº 2, de maio de 1932, encóntrase nunha situación intermedia.

A revista é sobre todo unha expresión da vida da escola organizada como “mutualidade”: nela participaban 60 socios, “que pagan semanalmente 10 céntimos: cuando

10. En 1935 desenvolveu unha semana mutualista con exposición de traballos, sesións de cine para escolares, senllas veladas teatral e musical, unha excursión e unha xuntanza de profesorado.

11. Ocupámonos desta experiencia no libro noso *Escolas e Mestres*, op. cit., pp. 334-5 e fixoo con máis detemento e datos Narciso de Gabriel Fernández (1989) en *Agricultura e escola*. Contra a rutina e o éxodo rural. Santiago de Compostela: Sdervizo de Publicación da USC.

12. Autor, entre numerosas obras e textos relacionados coa protección social en España, de *La protección a la infancia en España* (Madrid, 1908), obra de referencia no campo da historia da educación social en España..

FLORACION

AÑO I

PUBLICACION QUINCENAL DE LA ESCUELA NACIONAL DE ORIENTACION
MARITIMA DE PUENTE DEUME (CORUÑA)

NÚM. 2

8 DE MAYO DE 1932

De las Cantinas Escolares

Personas entusiastas de los problemas culturales de nuestro pueblo se han acercado a nosotros para felicitarnos por la idea expuesta en el artículo titulado "PRO CANTINAS ESCOLARES", publicado en el primer número de "FLORACION".

Agradecemos tales muestras de simpatía que nos animan a proseguir con mayor interés nuestra campaña en beneficio de la infancia desvalida.

En relación con este asunto nos han visitado también algunos padres de niños pobres para preguntarnos si sus hijos tienen derecho a disfrutar del "desayuno escolar" que facilita el Maestro de la "Cátedra".

Nuestra contestación ha sido, naturalmente, afirmativa, puesto que los recursos con que sostiene ese "desayuno" proceden, como sabemos todos, y así lo ha declarado en la Prensa el citado Maestro, de lo recaudado en la última "Fiesta de la Flor" celebrada en este pueblo.

Es, pues, dinero reunido para los niños pobres de todas las escuelas de la villa, y no exclusivamente para los de una determinada.

España tiene en sus mares un veneno enorme de riqueza; pero España ha vuelto siempre sus espaldas al mar; le ha mirado siempre con desprecio. Toda la vida del mundo circula sobre el mar.

"Floración" y el público

Lo mismo de este pueblo que de varios lugares de España, llegan a nosotros felicitaciones y alientos por la aparición de este periódico. Agradecemos estas muestras de simpatía que nos estimulan a seguir laborando por los fines que nos hemos propuesto en nuestro editorial del primer número; mas con ser ello confortador y alocuto poderoso no basta para que "FLORACION" continúe siendo el portavoz de las ansias culturales de este pueblo. Es preciso, urgente además, la ayuda económica. Cubrir el importe de la modesta tirada con anuncios, donativos y suscripción, he ahí nuestras aspiraciones en el aspecto económico.

Comprendiéndolo así, una importante casa comercial de la lo-

calidad se ha suscripto con una cuota de cinco pesetas mensuales. También un culto joven, que, lo mismo que la citada casa, ha demostrado en diversas ocasiones su amor y entusiasmo por nuestras instituciones escolares, nos ha enviado diez pesetas con destino a nuestra Biblioteca, solemnizando así la "semana del libro" recientemente celebrada.

Ayudas de esta clase son las que necesita "FLORACION". A quienes nos las proporcionan los testimoniamos desde estas columnas nuestro profundo y sincero agradecimiento.

A nuestros intrépidos marinos debe la humanidad el descubrimiento de más de la mitad del Globo.

Jugando a las entrevistas

Son las doce de la mañana. Los niños de la escuela, digo, mis antiguos condiscipulos, comienzan a salir, al mismo tiempo que entran otros para el ensayo de la rondalla. En las oficinas del Pósito Infantil veo al Presidente, Manuel Vilarinho, y me dirijo a él, preguntándole:

—¿Qué haces?

—Examinando estos libros de Contabilidad —me responde él, cerrando el de Caja, que tiene sobre las rodillas.

—Te voy hacer unas preguntas, si no tienes prisa.

—Hazme las que quieras.

—¿Qué acuerdos habéis llevado a cabo desde que dejé la escuela?

—Hemos llevado varios; pero ahora no recuerdo todos. Si tienes mucho interés en saberlo, miraré el libro de Actas.

—Si, tengo mucho interés; aunque me fui de la escuela, me gusta saber qué hay de nuevo, en esta simpática sociedad, que tantos beneficios nos proporciona, y además no sólo quiero saberlo yo, sino que lo quiero decir a los lectores de nuestro periódico.

—Te complaceré —me dice, introduciendo una mano en un bolsillo que revuelve igual que otros dos, sacando una llave pequeña, con la que abre un cajón, dejé que saca un libro.

—Pues bien; te diré: los más importantes solamente, puesto que hay otros que no lo son tanto, si te parece, tú mismo los puedes leer.

—Si, prefiero leerlos yo.

Me entrega el libro abierto, que yo leo. En éste veo que no hay un

solo borrón ni una sola mancha. Entre los varios acuerdos que me parecen de mayor importancia hay uno, el cual copio literalmente:

"A continuación, el profesor da cuenta de unos donativos de libros recibidos de varios lugares de España, entre ellos de Barcelona, del niño Juan Campá; de Tarragona, de una pescadora; de Cádiz, de un jefe de Correos, y de Melilla, de una maestra nacional y sus alumnas. Se acordó darles a todos ellos un expresivo voto de gracias

Le pregunto:

—¿Y siguen mandando libros estos amigos de la cultura?

—Si, todos ellos —me responde—, principalmente Juan Campá, que, semanalmente manda paquetes de revistas, sellos, estampas, cada vez con más interés.

Yo me quedo admirado de la constancia con que estas personas apoyan esta obra de cultura. Ingratos seríamos si no alabásemos y agradeceríamos la obra de estas almas caritativas.

—Otra pregunta: ¿Qué cantidad se habrá enviado a la Caja Regional Gallega desde la fundación de la mutualidad, o sea en marzo de 1930, hasta la fecha?

—Aproximadamente, cerca de 500 pesetas, aunque podría ser mayor esta cantidad, pues muchos padres de los niños que asisten a la escuela no inscriben a sus hijos en la mutualidad, porque no saben lo beneficios que proporciona dicha inscripción, creyendo también que eso es, como suele decirse, un "engaño bobos y quita dinero".

—Ya sé que, por desgracia, es así; pero, dejemos esto, y continuemos nuestra entrevista: ¿Hay alguna veleta en proyecto?

—Si, varias; pero como andamos confeccionando una decoración... —¡Vamos, niños, a ensayar algo!— dice don Frutos, dando una palmada.

Se oye el afinar de guitarras, bandurrias, laúdes, mandolinas, preparándose para interpretar el "Largo", de Handel.

Y tenemos que suspender nuestra entrevista. Por ella puede verse que el Pósito Infantil marcha adelante, progresando...

Étias Calvo Barro (13 años).

Ex alumno de la Nacional del Pósito.

El "vení, víditi, víditi", del más ilustre de los guerreros, es inferior al "plus ultra" del más ilustre de los marinos.

los socios están enfermos se les da 0,40 céntimos diarios”, dándose conta dos intercambios que mantiñan con escolas de diversos lugares de España.

Ata aquí, pois, o breve relato de vida do profesor Frutos Fernández; unha vida profesional agora mellor encadrada no escenario social e nas dinámicas socio-pedagóxicas da época con acentos de reforma social.

UN INTENTO DE FUSIÓN DOS CONCELLOS DE CABANAS E PONTEDEME (1948)

Eduardo Veiga Piñeiro

1. INTRODUCCIÓN

Non se pode escribir a historia dunha vila sen contar cos arquivos municipais. Pero estes arquivos non só conteñen feitos senón propostas, pretensións e incluso ilusións e proxectos que nunca se levaron á práctica. Un destes proxectos é o intento de unir os concellos de Cabanas e Pontedeume. O seu impulsor foi don Juan Sarmiento Patiño, natural de Cabanas, Xefe Comarcal do Movemento e alcalde de Pontedeume.

Neste breve artigo, explicamos os pormenores dun proxecto que, de materializarse, houbera cambiado a historia dos concellos, pero que ao non ser así desmentiu as negras previsións de don Juan Sarmiento.

2. A PROPOSTA INICIAL

Na primavera de 1948, en concreto o 7 de maio, Juan Sarmiento presenta no Concello de Cabanas un escrito para que a corporación municipal do devandito concello o debata e tome un acordo favorable na fusión dos concellos. O escrito di:



“Esta Jefatura Comarcal atenta, como es su obligación, a orientar la actividad política de las Entidades y Corporaciones sujetas a su jurisdicción, y al acuerdo con las normas y consignas del Mando, cree oportuno, aprovechando el momento de toma de posesión de la nueva corporación de esa dicha presidencia, aborde un tema trascendental para la vida de ese Municipio. Se refiere esta Jefatura a la fusión de los Municipios de Cabañas y Puentedeume.

La evolución natural de la vida de los pueblos se impone en muchos casos y en éste concretamente como una imperiosa necesidad.

Comunes conveniencias lo exigen, por otra parte, el espíritu de la Ley determina en la Base segunda de la Ley de Bases del Régimen Local de diecisiete de julio de 1945, que cuando existan motivos de conveniencia o necesidad económica o administrativa podrá decretarse la agregación parcial de un Término a otro; en la misma Base se determina también que cuando la población, territorio o riqueza imponible no sean suficientes para atender y sostener los servicios municipales obligatorios, no podrá crearse municipio alguno; logicamente no debe continuar existiendo un municipio cuyos medios económicos no le permitan abordar o solucionar problemas que no solo afectan al Término Municipal, sino al interés general. Desgraciadamente hemos de reconocer que las posibilidades de ese Ayuntamiento son escasas; como consecuencia, los servicios no pueden estar atendidos y es indudable también que su privilegiada situación le obliga a prestar atención primordial a problemas que como el de la playa de la Magdalena son de vital interés para la Comarca y que su solución, además de urgente, lleva aparejada la solución de múltiples problemas que del mismo derivan.

La fusión, por tanto, de los Ayuntamientos de Cabañas y Puentedeume, permitirá solucionar todos estos problemas que son comunes, como queda dicho, a ambos Municipios.

A esta unión solo ventajas podrían acarreararse y en ningún caso serían lesionados intereses de nadie. Por otra parte y como razón fundamental que guía nuestra conducta, téngase en cuenta que el deseo de nuestro Caudillo de España, quien en reiteradas ocasiones nos ha hecho el alto honor de ocuparse de problemas locales, entre los cuales figura, en lugar destacable, la solución de los problemas enumerados en este escrito y que sirven de base a la propuesta de fusión de ambos Ayuntamientos.

Planteado, pues, de esta manera este problema, cree esta Jefatura Comarcal que ha llegado el momento de que esa Corporación Municipal tome el acuerdo para el logro de los fines comunes de ambos Municipios”.

3. OBXETIVOS DO PROXECTO

O día 10 de maio o Concello de Cabanas celebra sesión extraordinaria, baixo a presidencia do señor alcalde don Ramiro Fuentes Anca, e os concelleiros don Manuel Seco, don Víctor Sánchez, don José Prego, don Ramón Prego, don M. Pena, don R. Pena, co único punto da orde do día a “*proposta do Xefe Comarcal de Movemento*” para a fusión dos concellos de Cabanas e Pontedeume. A devandita Corporación, despois dunha ampla deliberación, acorda por unanimidade ter por ben acollida dita proposta e que o presidente se dirixa á corporación de Pontedeume co fin de que esta formule pliego de bases no que se faga constar os beneficios que reportaría a este concello a fusión que se proxecta co Concello de Pontedeume, e unha vez estudadas por esta Corporación, acordar o que se considere máis convinte aos intereses de este Concello.

O Concello de Pontedeume celebra o día 19 do mes de maio sesión extraordinaria cun único punto na orde do día: “Debater o acordo acadado no Concello de Cabanas”. Baixo a presidencia do señor alcalde, don Juan Sarmiento Patiño, e os concelleiros, don Francisco López Quiveu, don Adolfo Rey Martínez, don Román Piñeiro Carrillo, don José Regueira Orosa, don Gonzalo López Varela, don Manuel J. Allegue Tenreiro e don Luis Fraga Couceiro. Dita Corporación, despois dun amplo cambio de impresións, acorda, por aclamación, facer súa a proposta formulada polo Xefe Comarcal do Movemento, e en consecuencia ver con verdadeira satisfacción a fusión dos concellos de Cabanas e Pontedeume en un só, analizando as ventaxas que de dita fusión han de acarrear e que quedan puntualizadas na forma seguinte:

- “a) Creación de un Ayuntamiento con mayor número de habitantes y mayores posibilidades económicas.*
- b) Explotación de la playa de la Magdalena, base del turismo en la comarca.*
- c) Traída de aguas.*
- d) Saneamiento de las marismas situadas entre la línea del Ferrocarril y la carretera general de Betanzos a Jubia con contrucción de los grupos de viviendas, según proyecto del arquitecto Sr. Molina Brandao, y*
- c) Cabañas pasaría a participar del patrimonio que posee el Ayuntamiento de Pontedeume.*

A continuación, después de un minucioso examen de la cuestión, se acordó unanimemente proponer a la Corporación Municipal de Cabañas la fusión de ambos Ayuntamientos con sujeción a las siguientes bases y en armonía con el artículo 19 del Reglamento de Población y Términos Municipales y del artículo 10 de la Ley Municipal vigente, a saber:

Primero. – Los Ayuntamientos de Puente deume y Cabañas, con sus respectivos términos municipales, se fusionaran para formar uno solo, que llevará el nombre de Puente deume.

Segundo. – La capitalidad del nuevo municipio radicará en la villa de Puente deume.

Tercero. – Los créditos, deudas, bienes, derechos y obligaciones de cada Ayuntamiento serán respetados íntegramente y liquidados por el nuevo ayuntamiento funcionando, sin distinción alguna, haciéndose éste cargo de todos ellos como incorporados al mismo.

Cuarta. – Los bienes, aprovechamiento, usos públicos y generales de cada una de las parroquias continuaran en la misma forma que actualmente, administrados por el Ayuntamiento fusionado, en armonía con las disposiciones legales que lo regulan.

Quinta. – Como estipulaciones generales, se establecen las siguientes:

Continuará como secretario del Ayuntamiento fusionado el que lo es del Ayuntamiento de Puente deume, habida cuenta de que la secretaría de Cabañas se encuentra vacante.

Los funcionarios del Ayuntamiento de Cabañas, ya tengan su nombramiento en propiedad o interinamente, cualquiera que sea la forma de su designación, pasarán al fusionado de Puente deume, con las categorías, haberes y derechos que les corresponden, formando en las plantillas o escalafones con los servicios con que cuentan, en concepto de funcionarios en propiedad. En ningún caso podrán sufrir lesión en sus haberes y derechos, que les serán respetados íntegramente.

La villa de Cabañas, con el lugar del Arenal y la parroquia de S. Martín do Porto serán consideradas como casco urbano y por consiguiente serán extendidos a los mismos servicios de vigilancia, alumbrado, abastecimiento de aguas y, en general, todos los demás propios de las casas urbanas.

El nuevo Ayuntamiento fusionado tomará a su cargo la realización urgente de las obras siguientes: la construcción de la carretera denominada “del Kilómetro uno de la carretera de Cabañas a Mugar dos, pasando por el lugar del Val”, en la parroquia de S. Martín do Porto a Larage, así como también la denominada de Cabañas a Erines. La construcción de fuentes y lavaderos precisos en las distintas parroquias del Ayuntamiento de Cabañas. Solicitar de quien corresponda el deslinde del Pinar de la playa de la Magdalena, con el fin de conseguir su conservación y repoblación. Construcción de la traída de aguas, según el proyecto realizado por el ingeniero Sr. Molina.

Las parroquias del Ayuntamiento de Cabañas continuarán tributando con arreglo a las tarifas establecidas en la actualidad, no pudiendo elevárseles los repartos ni exigirles otro nuevo impuesto.

Se respetará sus costumbres y tradiciones, mientras se sujeten a las leyes, así como las ferias actualmente establecidas del Ocho y Veinticinco de cada mes, no pudiendo tomarse acuerdo alguno que perjudique su normal desenvolvimiento y procurando en lo posible mejorar sus instalaciones y accesos.

Y por último se acordó así mismo que se remita certificación al Ayuntamiento de Canabas para su aprobación, si lo estima beneficioso para los intereses generales de ambos municipios”.



4. RESPOSTA DO CONCELLO DE CABANAS

O concello de Cabanas envía ao de Pontedeume, o día 5 de xuño, certificación da acta da sesión municipal celebrada ese mesmo día, na que dito concello propón a fusión có de Pontedeume, formando un só municipio, cunhas lixeiras variacións nas ventaxas que presentou o concello de Pontedeume, a saber:

“Considerar la parroquia de Larage como casco urbano y la construcción de los caminos vecinales de Fonfría a Limodre y de Lavandeira a Javariz”.

O día 8 do mesmo mes de xuño o concello de Pontedeume celebra sesión municipal para propoñer a fusión da totalidade do concello de Cabanas con este de Pontedeume.

Despois de examinar a certificación da acta do pleno do concello de Cabanas co detemento necesario, acordan por unanimidade aprobar a fusión, formando un só municipio e prestar así mesmo a conformidade as bases propostas.

E, por último, se acorda por unanimidade facer público este acordo por un prazo de 15 días hábiles, para que poida opoñerse canto se considere oportuno, previa publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, tablón de anuncios dos concellos e sitios de costume.

5. O FRACASO DO PROXECTO

No concello de Pontedeume non consta que se presentase ningún escrito en contra de dito acordo de fusión.

E no de Cabanas se presentaron cinco escritos contra o acordo de fusión co concello de Pontedeume:

- 1) Hermandade de labradores e gandeiros.
- 2) Os industriais.
- 3) Veciños do Concello, pais e familiares de todos os que, sendo naturais do Concello de Cabanas, deron a súa vida gloriosamente en “nuestra santa Cruzada de Liberación Nacional”.
- 4) Mutilados e excombatientes da nosa guerra de liberación.
- 5) Unha comisión formada polos señores curas párrocos e 14 veciños, para expresar o sentir en contra.

Foi unha das grandes oportunidades perdidas, creemos, por intereses particulares e moita política caciquil, pero nunca é tarde para volver a retomar o tema. Claro está que con ideas e solucións democráticas do século XXI.

PRESBITEROLOXIO DE SANTIAGO DE PONTEDEUME, DENDE TRENTO AO VATICANO II (1563-1963)

Xesús Andrés López Calvo

1. INTRODUCCIÓN: O INTERESE POLOS ESTUDOS DO ESTAMENTO CLERICAL

O clero era un dos tres estamentos nos que se dividía a sociedade do Antigo Réxime, o das xentes vinculadas por algún tipo de orde sagrada ou voto na Igrexa. Coma grupo, amósase como parte importante da sociedade española durante moitos séculos. Cómpre sinalar que, á hora de analízalo, non é doado atopar estudos mesurados, pois estamos a falar dun sector social susceptible de provocar tanto entusiasmos xustificantes como ataques e descualificacións xenéricas. Porén, a pouco que queiramos historiar a sociedade, a organización territorial e o reparto da riqueza na España da Idade Moderna, cómprenos ese tipo de análises: coñecer a organización da Igrexa, definir os límites do estamento, cuantificar o número dos seus membros e a súa evolución, ocuparse das súas rendas e o seu sistema benefical e centrarse nos dous grandes grupos de eclesiásticos: o secular (clero parroquial, clero capitular e bispos) e o regular (membros de ordes relixiosas).

Trátase, xa que logo, dunha tarefa complexa, e mesmo xa materializada nalgúns singulares traballos¹ que, teimamos, interesan para a investigación histórica, pois cómpre non esquecer que, ata o fin do Antigo Réxime, tódalas manifestacións da vida nacional estaban informadas ou presididas pola Igrexa católica²:

“Hábitos e sotanas impulsaban a máquina gobernante e burocrática do país; o cultivo das letras e das ciencias ilustrábase no século do reformismo co nome de numerosos clérigos; a faciana das nosas cidades tiña un

1. Por exemplo: M. BARRIO, *El clero en la España Moderna*, CSIC- Caja Sur, 2011; B. BARREIRO MALLÓN, *El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)*, en: "Compostellanum" 33 (1988) 469-507; O. REY CASTELAO, "El clero compostelano a finales del siglo XVII: mentalidades y hábitos culturales"; J. M. CIFUENTES PAZOS, *El clero de Bilbao en el Antiguo Régimen: Número, procedencia geográfica y extracción social*, en: "Bidebarrieta" 12 (2003) 277-302.

2. Cf. J. R. HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, *El dean Juan Manuel Bedoya (1770-1850). Proceso inquisitorial a sus escritos liberales*, Ourense, 2015, 17.

nítido perfil eclesiástico; a inmensa maioría das propiedades e bens materiais estaban en mans da Igrexa; co que a realidade eclesiástica ocupou un lugar determinante na memoria histórica da España moderna”³.

Coa nosa achega tentamos, en primeiro lugar: axudar a por en orde, dentro do múltiple e plural mundo eclesiástico, aqueles clérigos que exerceron os seus servizos na parroquia de Santiago de Pontedeume. Nun segundo lugar: axudar a divulgar –aínda que sexa dun xeito moi minguado– o xeito da aplicación das normas e a disciplina na intervención no nomeamento de párrocos e a provisión dos seus beneficios, marcada na Igrexa dende o Concilio de Trento e que estivo vixente a ta a celebración do Concilio Vaticano II.

2. PRESBÍTERO E PRESBITEROLOXIO

Enténdese por *presbítero* aquel fiel cristián, varón, que recibe o sacramento da orde sacerdotal en segundo grao (os outros dous graos son o diaconado e o episcopado), coa misión e a facultade de actuar na persoa de Cristo Cabeza, para cooperar co bispo no servizo do Pobo de Deus, realizando as funcións de ensinar, santificar e rexer. Baixo a autoridade do bispo, o presbítero pode participar da actividade de goberno, e así se lle concede un oficio ou delegación. Requírese a orde sacerdotal para recibir un oficio que leve anexo a cura de almas⁴. Etimoloxicamente, o termo ven do grego e significa *ancián* ou *home venerado*. A xerarquía do cristianismo asume o costume xudío de que tódalas comunidades tiñan á súa cabeza *anciáns* (presbíteros) e, deste xeito, as misións dos primeiros apóstolos establecían nas comunidades que fundaban a *presbíteros* para que as dirixiran (*Feitos dos Apóstolos*, 14, 23).

O xeito máis coñecido de desenvolver o oficio eclesiástico de presbítero é o de párroco. Precisamente, a figura do *parochus proprius* foi unha peza importante da reforma tridentina. O Concilio de Trento deseñou a institución parroquial prescribindo universalmente a constitución de parroquias, presididas por un párroco ou reitor, con límites territoriais determinados e pobo propio, para promover a ordenada realización da referida cura de almas⁵. As prescricións daquel concilio no seu completo tratado sobre o oficio e a potestade do párroco, cualificaban como parroquial aquela igrexa que, dentro de certos límites, posuía o dereito da cura de almas sobre os fieis e gobernábase por un reitor ou párroco

3. J. M. CUENCA TORIBIO, “La Iglesia española en la crisis del Antiguo Régimen (1789-1833)”, en: A. FLICHE-V. M. MARTÍN, *Historia de la Iglesia*, Valencia, Edicep 1975, Vol. XXIII, 547-572, citado en *Ibid.*

4. Cf. CONCILIO VATICANO II, Decreto *Presbyterorum ordinis*; CÓDIGO DE DEREITO CANÓNICO, cc. 207 §1, 757, 835 §2, 129 §1, 150, 1008-1009; Motu proprio “*Omnium in mentem*” (26-X-2009) artigo 1 e 2; *Directorio para el ministerio y la vida de los presbíteros* (11-II-2013).

5. Cf. A. VIANA, *El párroco, pastor propio de la parroquia*, en: “*Ius Canonicum*” 29 (1989) 58, 467-481.

propio. Pertencia, xa que logo, á esencia do oficio de párroco un pobo que lle fose asignado para recibir del mesmo os sacramentos⁶.

O Código de Dereito Canónico de 1917, na definición do seu c. 451 § 1 describe ao párroco como o sacerdote ou persoa moral a quen se lle confía a parroquia *in titulum* (en propiedade), exercendo nela a cura de almas baixo a autoridade do Ordinario do lugar. Confirmando esta liña histórica, o Código de Dereito Canónico de 1983, o vixente na actualidade, regula a institución parroquial en canto comunidade de fieis constituída establemente na Igrexa particular, e presidida polo párroco como pastor propio, baixo a autoridade do bispo diocesano (c. 515 § 1).

Respecto da oportunidade da palabra *presbiteroloxio*, cómprenos sinalar que, en 2006 a Asociación de Arqueiros da Igrexa en España, logo de celebrar congreso en Málaga, animaba: “á confección e publicación de listas dos diferentes estamentos eclesiásticos, relacionados polos seus cargos, sobre todo nas Catedrais e nos catálogos de párrocos (...) A Asociación propónse estimular a recuperación de biografías do clero nos seus diferentes estamentos, sobre todo fomentando a confección de paracoloxios”⁷.

Porén, para a denominación de tales catálogos, a mesma Asociación laíabase do baleiro na aceptación dos termos de carácter eclesiástico por parte da Real Academia da Lingua. Para elo a Asociación comprometé dirixirse á Corporación, e consultar a viabilidade de admitir algúns termos xa de uso, pero carentes da aceptación pertinente para elo⁸. Mentres seguimos a agardar pola oportunidade da inclusión destes termos, pola nosa banda optamos polo termo *presbiteroloxio*, e con el queremos enumerar aos presbíteros (párrocos, reitores, coadxutores, vicarios parroquiais, adscritos e capeláns) que tiveron oficio eclesiástico –tal como o recolle o Dereito Canónico– na parroquia de Santiago de Pontedeume⁹. Excluimos, xa que logo, a outro tipo de presbíteros: nativos, exclaustrados, patrimonistas e mesmo aqueles que, aínda sendo residentes na vila e facendo algún singular servizo dentro da parroquia (por exemplo capeláns dalgúns das comunidades relixiosas radicadas no territorio), non tiñan oficio canónico nela¹⁰.

6. Cf. A. BARBOSA, *De officio et potestate Parochi*, Lugduni 1665, 1, cap. 1, n. 26, 6; D. BOUIX, *Tractatus de Parocho ubi et de Vicariis parochialibus*, Parisiis 1880, 172 Y 173 e tamén F. X. WERNZUS, *Decretalium*, Romae 1899, 1027-1028.

7. “Communicatio” Boletín de la Asociación de Archiveros de la Iglesia en España, 22 (Enero – Febrero 2006), 2.

8. Tales como “abadoloxio ou abacioloxio, paracoloxio ou rectoroloxio, decanoloxio e outros termos non incluídos no Dicionario da RAE, polo menos ate a súa edición vixésimo segunda. Incluírse na consulta a posibilidade analóxica doutros termos: Papadoloxio, cardinoloxio, generaloloxio, deanoloxio, prioroloxio, maestrescoloxio, arcedianoloxio, cantoroloxio (Chantre), tesoroloxio, doctoraloloxio, maxistroloxo, lectoroloxio, canonicoloxio, arquivistoloxio, beneficioloxio, monacoloxio, novicioloxio, donatoloxio, sacristanoloxio e campaneroloxio.

9. Eclesiasticamente estaba considerada como parroquia de termo de segunda. Os seus párrocos viñan nomeados alternando entre o Ordinario (o arcebispo compostelán) e o Conde Lemos. Pertence territorialmente ao arciprestado de Pruzos e cando se desenvolve o Concilio Vaticano II tiña dereito a dous coadxutores.

10. Por exemplo, nas contestacións ao cuestionario do Catastro de Ensenada, na resposta á pregunta sobre o número de clérigos que hai na vila no último terzo do século XVIII diuse: “A la treinta y ocho dijeron que en esta villa ay treze eclesiásticos y clérigos yncluso el cura, y de primera tonsura Don Joaquín Maldonado, Don Manuel de Lago, Don José Cubeiro, Don Joseph Sánchez do Couce, Don Benito Ares, Don Nicolás de Ulloa, Don Andrés de Serantes” (Cf. S. DAVIÑA SÁINZ, *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*, en: “Cátedra” 8 (2001) 124) mais só o último entraría no parámetro da nosa nómina.

3. FONTES UTILIZADAS E XUSTIFICACIÓN DA PERIODIZACIÓN

O nome máis antigo que se coñece dun reitor de Santiago de Pontedeume é o de Juan de Sors, mencionado nun documento de 1397 coma testemuña dunha doazón por parte da Casa de Andrade ao convento de Montefaro¹¹. Non son doadas de obter nóminas na Idade Media. O sistema de provisión de párrocos previsto naquela época para Santiago de Pontedeume era o coñecido como *dereito de presentación*, é dicir, a prebenda de padroado que exercía, neste caso, a Casa de Andrade ou Lemos sobre o nomeamento de párrocos, herdanza de antigos privilexios como o das encomendas, e non sempre adquiridos a través de normas ortodoxas recoñecidas polo dereito canónico (fundación, edificación ou dotación dunha nova igrexa) senón máis ben por usurpacións e á forza¹², sen que as reclamacións da Igrexa ao longo da Idade Moderna remataran de bo xeito para os seus intereses. O exercicio deste dereito consistía en presentar ao bispo unha terna de presbíteros candidatos, do que debería nomearse a un.

Este xeito de provisión canónica estivo vixente ata ben entrado o século XX, pois os padroados, convertían de feito aos párrocos en coidadores dos bens do señorío, e executores dos dereitos forais, e mesmo exercían un control sobre unha autoridade próxima aos veciños. Cómpre non esquecer a vulnerabilidade que padecían certos dominios a causa do absentismo dos seus titulares, da extraordinaria dispersión das súas propiedades e da fragmentación das rendas, agravada pola desaparición, no século XIX, dos Xustizas e outras autoridades señoriais. Os Señores valíanse da autoridade moral dos párrocos, a quen eles nomeaban, para os conflitos e resistencias coas liñaxes. Non é obxecto da nosa achega analizar esta cuestión, porén son numerosos os testemuños de resistencia radical contra os dereitos forais da Casa de Andrade (Alba) que eran combatidos co recurso aos poderes fácticos (caciques, xuíces, cargos políticos, amigos da Casa e, como non, tamén curas das poboacións afectadas) contando coa lealdade adquirida pola débeda contraída coa Casa por mor do seu nomeamento ou da promoción para un curato de maior categoría¹³.

Ademais da dificultade de acceso aos datos, tamén optamos por empezar a listaxe logo da inmediata celebración do Concilio de Trento (1545-1563), por ser esta a institución que oficializou a creación dos Libros Sacramentais, fonte principal dende a que obtívemo-los datos da nosa achega.

11. Cf. CASTRO ÁLVAREZ Carlos de – VÁZQUEZ ARIAS, J. C., *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, Deputación Provincial, 2003, 38.

12. Aínda que é coñecida a ansia do primeiro señor de Andrade por fundar novas igrexas, o certo é que, discorrendo os tempos, o estado de ocupación poboacional de Galicia e a presenza notable que a Igrexa acadara no rural, axiña deixouse de avanzar por esa vía. Pola súa banda, as doazóns reais en favor dos cabaleiros, deixaron de ser numerosas e mesmo as doazóns papais son, xeralmente, concesións da Idade Moderna. Ese é o caso, por exemplo, dos beneficios de Santa María de Centroña, San Martiño de Porto e San Pedro de Vilar, concedidos por León X ao Conde de Andrade. Cf. C. VAAMONDE LORES, *Gómez Pérez das Marinas y sus descendientes*, A Coruña, 1917, 82.

13. Cf. M. J. BAZ VICENTE, *Los dominios y prebendas eclesiásticas de la Alta Nobleza en Galicia: la historia de una reintegración frustrada*, en: "Cuadernos de Estudios Gallegos" XLV (1998) 110, 73-118.

Aquel evento, longo e intermitente (as súas vinte cinco sesións duraron dezaoitto anos), coñeceu a tres papas. Na súa penúltima sesión, celebrada o 11 de novembro de 1563, dispúxose a obrigatoriedade para tódolos párrocos de anotar e custodiar dilixentemente tódolos libros que cumprisen para deixar constancia do exercicio do seu ministerio, máis concretamente, da administración dos sacramentos do bautismo e o matrimonio, das defuncións e do cumprimento pascual; e mesmo se lles esixía levar unha estrita contabilidade das rendas que permitían o sostemento da parroquia. Todas aquelas disposicións tridentinas, obtiveron en España rango de lei por mor da Real Cédula de 12 de xullo de 1564 dada por Filipe II, extensivas tamén aos territorios de ultramar¹⁴. Son catrocentos anos de actividade eclesiástica, dunha liña administrativa, pastoral e normativa que, aínda que non produciu grandes innovacións no campo dogmático verbo do xa definido polo modelo medieval de anteriores concilios provinciais e sínodos, si que supuxo novidade da eficacia das normas propostas.

Esa nosa principal base de información (os Libros sacramentais), non estivo exenta de dificultades, pois os redactados no século XVI, por mor da súa conservación, non adoitan estar a disposición da consulta dos investigadores, co que tivemos que compensar esta eiva, cos datos que achegan algúns Libros de Confrarías e de Fundación de Misas conservados en distintos arquivos, especialmente no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Por último, tamén utilizamos as informacións contidas en singulares relacións como o Catastro de Ensenada, fontes impresas ou particulares estudos e mesmo novas dos xornais, que enunciarnos no apartado de bibliografía.

Optamos por pechar a nosa lista en 1963, ano do remate do Concilio Vaticano II, pois ámbolos dous concilios (Trento e Vaticano II), ofrecen a segmentación cronolóxica máis idónea para identificar o tránsito na historia da Igrexa dende a contrarreforma á modernidade.

4. RELACIÓN ALFABÉTICA

– A –

ALONSO DO VILAR, Juan. Párroco entre 1668 e 1690. Sucede a Antonio Montenegro e precede a Martín de Ituráin. En 1673 acolle a Visita Pastoral practicada polo Prior de Caaveiro, José de Vergara. Desenvolve o seu servizo no pontificado do arcebispo compostelán Andrés Girón, reformador da clerecía coa que se amosou máis ben represivo. De feito, colleu sona polos conflitos suscitados coa súa liña de goberno ríxida respecto dos exames periódicos dos curas, a vestimenta eclesiástica, o uso de armas por parte do clero e o control de predicadores e confesores.

14. Cf. M. S. GARCÍA PÉREZ, *Apuntes sobre los Archivos Parroquiales en España*, en: “Biblios” 33-34 (2009) 1-11.

ÁLVAREZ CORTIZO, Vicente. Coadxutor, dende 1958, con Pedro Díaz Casteleiro. Naceu en San Miguel de Presqueiras (Forcarei-Pontevedra) o 18 de agosto de 1909, ordenándose presbítero o 13 de marzo de 1937 xunto con outro irmá de nome José que foi capelán das Irmanciñas dos Desamparados na residencia da vila de Pontedeume. Finou o 6 de decembro de 1978. Ramiro Fonte deixou escrito del: “Atesouraba no seu corazón a santa mundanidade que distingue ós cregos que nunca medran”.

Bibliografía. *Guía de la Archidiócesis de Santiago (1965)...*, 483.

ANCA ÁLVAREZ, Recesvinto. Coadxutor con Manuel Montes Méndez.

ANCA PITA, José. Coadxutor de Aniceto Pinaque, Nicolás Novo Gayoso e Manuel Montes Méndez. Foi tamén ecónomo entre 1907 e 1910 e, neste tempo, desenvolveuse o Sínodo Diocesano de 1909.

ANIDO, Nicolás. Nativo de Pontedeume, foi Vice-Cura con José Fraga Freire.

ARIAS ALFEIRÁN, Baltasar. Capelán da Fundación “Gómez de Rioboo e Seixas” radicada na igrexa parroquial, no tempo do pontificado de Juan Valentín García. Natural de San Xoán de Piñeiro, residía na Praza do Conde e finou o 12 de xaneiro de 1768. No seu testamento tamén deixou fundacións perpetuas na parroquia de Santa María de Ribadeume e dúas misas rezadas, unha a celebrar o día de San Antón Abade e outra o día de San Antón de Padua na igrexa parroquial de Pontedeume.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido...*, 175; LÓPEZ CALVO, J. A., *As escrituras fundacionais de obras pías...*, 50.

ARIAS DE MANDIÁ, Andrés Benito. Vice-Cura no tempo de José Fraga Freire. Vivía na rúa Maior da Vila.

Bibliografía. DAVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través...*, 147.

ARRIOLA, Bernardo de. Capelán dun beneficio, tamén foi rexente provisional da parroquia en 1752, entre o servizo de Jacinto Pardo Maceda e Tomás Moreira Montenegro. Residía na rúa Maior da vila.

Bibliografía. DAVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través...*, 147.

– B –

BRAGE, José María. Coadxutor con Domingo Ferraces e Ecónomo, á morte deste, en 1880.

– C –

CABRAL, José Francisco de. Vice-Cura nos tempos de Tomás Moreira Montenegro. Rexeu provisoriamente a parroquia entre 1763 e 1764.

CALVAR CAMIÑA, José. Coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez.

CALVO DEL MANZANO, Luis Antonio. Sen data certa do seu ministerio, si sabemos que deixou mandas testamentarias en favor da igrexa parroquial.

CARRERA EQUÍLEGOR, Juan Ignacio. Coadxutor de Nicolás Novo Gayoso, Manuel Montes Méndez e José Manuel Cendán Sánchez.

CASTRO, Juan de. En 1761 deixa bens para a parroquia.

CENDÁN SÁNCHEZ, José Manuel. Párroco entre 1918 e 1951. Sucede a Manuel Montes Méndez e precede a Pedro Díaz Casteleiro. Tócalle rexer a parroquia nuns tempos nada doados: guerras mundiais, guerra civil e anos de fame. Coñeceu os pontificados dos arcebispos Martín de Herrera, Lago González, De Diego Alcolea, Martínez Núñez, Muníz Pablos e Quiroga Palacios. A prensa nacional recolleu mesmo crónicas de actos de sacrilexio acontecidos na igrexa parroquial en abril de 1921. De sensibilidade social contrastada, mesmo foi protagonista de subscricións populares para campañas internacionais de protección da infancia logo da primeira guerra mundial.

Bibliografía. “El Adelanto” (27-abril1921); “La Correspondencia de España” Diario Universal de Noticias, Número 23176, (5-enero-1922).

CUBEIRO, José Bernardo. Vice-Cura nos tempos de Tomás Moreira Montenegro.

– CH –

CHANTEIRO, Juan. Deixou fundación de seis misas anuais en 1623.

– D –

DÍAZ CASTELEIRO, Pedro. Párroco entre 1952 e 1977. Sendo ecónomo do Divino Salvador de Fene, sucede a José Manuel Cendán Sánchez. Nacera en Santiago de Franza o 19 de novembro de 1922, ordenado sacerdote o 15 de xuño de 1947, fina o 27 de xullo de 2017 sendo Cóengo da Colexiata de Santa María do Campo de A Coruña. Nomeado “Fillo Adoptivo da Vila de Pontedeume”, entre 1961 e 1967 tivo que acometer obras mudando fasquía do interior da igrexa parroquial, e facer evolucionar á parroquia dun estilo

pastoral consecuencia do nacional catolicismo, cara ás suxestións do Concilio Vaticano II. En 1971, tivo lugar a celebración do VII Centenario da fundación da vila de Pontedeume e formou parte da comisión organizadora da efeméride. Coñeceu os pontificados dos arcebispos Quiroga Palacios e Suquía Goicoechea.

Bibliografía. GUÍA DE LA ARCHIDIÓCESIS DE SANTIAGO..., 494; *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, nº 3733 (2017) 610; CASTRO ÁLVAREZ, CARLOS DE – VÁZQUEZ ARIAS, J. C., 49.

DÍAZ DE NEIRA, Antonio. Licenciado. Párroco entre 1619 e 1633. En 1622 celebra o primeiro Voto a San Nicolás de Tolentino. Coñeceu o pontificado do arcebispo compostelán Agustín Antolínez. Xunto co Concello e o Convento agostiño, redactou as ordenanzas e protocolos para a celebración de senlleiras festas relixiosas: Corpus, Apóstolo Santiago e San Roque.

Bibliografía. AMP, *Libro de actas capitulares ou de Pleno (1533-1658)*; COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puente deume...*, 385-386.

DÍAZ DE RIVAS, Ramón Nicolás. Coadxutor de Pedro Rivera Pardo e José Otero. Ecónomo en 1831.

DÍAZ VARELA, Manuel. Coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez.

DURÁN VIDAL, Demetrio. Coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez. Nacera na Pobra do Caramiñal o 9 de outubro de 1914. Ordenado o 3 de xuño de 1944, en 1962 logo da súa estadía en Pontedeume, pasa como coadxutor a Santa Uxía de Riveira.

Bibliografía. *Guía de la Archidiócesis de Santiago (1965)...*, 494.

– F –

FERNÁNDEZ, Antonio, veciño da vila aparece mencionado coma fundador de dúas misas en 1686, na igrexa parroquial.

FERNÁNDEZ BARBEITO, Ramón. En 1820 accede á capelanía de “Xesús Nazareno” na capela das Virtudes que tiña anexa a carga de docente Na Cátedra de Latinidade. En 1827, mediante oposición, accede á prebenda da Misa de once na igrexa parroquial. En 1840 foi desposuído das mesmas. Despois da oportuna reclamación, é repostado en 1844.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *As escrituras fundacionais...*, 62-63.

FERNÁNDEZ DE SANDOMINGO, Roque. Patrimonista veciño de San Pedro de Vilar que exerce de Ecónomo entre 1805 e 1806. Exerce no tempo de tres párrocos: Juan Valentín García, Pedro Ribera Pardo e José Otero. Foi capelán da fundación “San Xoán

Degolado” que percibía rendas de bens radicados na parroquia de Santa María de Ombre e administrador das Escolas de Primeiras Letras fundadas polo Arcebispo Rajoy en 1769.

Bibliografía: LÓPEZ CALVO, J. A., *As escrituras fundacionais...*, 53-55; LÓPEZ CALVO, J. A., *Cristianización e culturización...*, 82.

FERNÁNDEZ RÍOS, Domingo. Coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez.

FERNÁNDEZ VALLE DE PAZ, Luis. Nacera en Curtis o 28 de outubro de 1933. Ordenado o 17 de novembro de 1957 Finou en A Coruña o 13 de xaneiro de 2009 cando era vicario parroquial de Santiago de O Burgo (Culleredo). Coadxutor con Pedro Díaz Casteleiro.

Bibliografía. *Guía del Arzobispado* (1965), 497.

FERRACES, Domingo. Párroco entre 1853 y 1880. Durante o seu pontificado, en 1866, derrúbase a igrexa do convento agostiño. Entre 1854 e 1862 acomete importante restauracións da igrexa parroquial. En 1854 ten que asumir na parroquia en todo o concello un andazo mortal de cólera. En 1855, acontece a segunda lei desamortizadora (Lei Madoz). Tocoulle vivir a celebración do Concilio Vaticano I. Coñeceu aos cardeais arcebispos composteláns: García Cuesta e Payá y Rico.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *El convento agustino...*, 153; ID., *Restauracións e obras na igrexa parroquial...*, 45-51.

FILGUEIRAS VILA, José. Capelán do cárcere do Partido Xudicial entre 1910 e 1917 e encargado provisional da parroquia en 1917. Tamén foi coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez.

FRAGA FREIRE, José Antonio de. Párroco entre 1764 e 1770. Fina o 19 de decembro de 1769. Na súa época (1765) acontece a fundación da Confraría da Virxe das Dores e Carlos III expulsa aos xesuítas de España (1767). Coñeceu o pontificado compostelán do arcebispo Rajoy Losada.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 177; Couceiro Freijomil, A., *Historia de Puentedeume...*, 375.

FRAGA SANJURJO, Antonio de. Licenciado. Capelán da Misa de Alba no tempo de Jacinto Pardo Maceda. Fina en Pontedeume o 15 de xullo de 1710.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 167.

– G –

GARCÍA, Juan Valentin. Párroco entre 1783 e 1804. Substitúe a Andrés Antonio Serantes e precede a Pedro Ribera Pardo. No seu pontificado, en 1767, Godoy inicia unha

primeira desamortización de bens eclesiásticos. Coñeceu aos arcebispos composteláns: Malvar y Pinto; Fernández Vallejo e Muzquiz Aldunate.

GÓMEZ, Antonio María. Párroco entre 1849 y 1853. Sucede a Juan Antonio Sanjurjo e precede a Domingo Ferraces. Na súa época asinouse o Concordato de 1851 entre España e a Santa Sé. Coñeceu os pontificados dos arcebispos de Santiago: Rafael de Vélez e o cardeal García Cuesta.

GONZÁLEZ DO VILAR, Francisco. Reitor da parroquia da Vila en 1615, cando se refunda a Confraría de San Roque do gremio de mareantes, sendo arcebispo compostelán Juan Beltrán Guevara y Figueroa.

Bibliografía. ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, *Libro de Cabidos da Confraría de San Roque*, Atado 334, 1615.

– I –

ITURÁIN, Martín de. Párroco entre 1691 e 1706. Licenciado. Natural da vila guipuscoana de Azpeitia. Finou de xeito repentino o 17 de xaneiro de 1707. Formouse e viviu nos anos do apoxeo da Contrarreforma en España. Coñeceu o pontificado do arcebispo compostelán Antonio Monroy. Deixou en 1675 unha fundación de misas perpetuas a celebrar na igrexa parroquial.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 167.

– L –

LAMAS HERRERA, Francisco. Coadxutor de Juan Antonio Sanjurjo. Protagonista dun desagradable caso de reclamación por parte dos frades agostiños do convento da vila, duns bens e alfaías dos frades que quedaran en depósito no domicilio deste presbítero.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *El convento agustino de Pontedeume...*, 193-195.

LAMAS PARDO, Manuel Domingo de. Coadxutor no tempo de Pedro Ribera Pardo.

LAMAS PARDO, Nicolás Antonio de. Ecónomo entre 1820 e 1823, segmento de tempo que se coñece na historia de España como a do Trienio Liberal. Entre os pontificados de Pedro Ribera Pardo e José Otero. En 1822 acontécelle un, cando menos, anecdótico incidente cos designados como mordomos da festa de San Roque, pois estes ao non estaren dispostos a facerse cargo da festa, pechan as portas da súas casas para non ter que recibir o “ramo”. Este reitor ordena a un carpinteiro que crave o ramo nas súas portas provocándose un grave escándalo. Foi patrono administrador das Escolas de Primeiras Letras fundadas polo Arcebispo Rajoy en 1769.

Bibliografía. ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. *Libro de Cabidos da Confraría de San Roque*. 334, 1822; LÓPEZ CALVO, J. A., *Cristianización e culturización...*, 82.

LÓPEZ DE SAAVEDRA, García. Natural de Pontedeume. Bacharel por Salamanca, presentouse a Licenciado en Cánones na Universidade Compostelá en 1590.

Bibliografía. CABEZA DE LEÓN, S., Tomo II, 182.

LÓPEZ DO PORTO, Domingo. Vicario Cura entre 1707 y 1708. Licenciado. Rexenta a parroquia de xeito provisional entre os servizos de Martín de Ituráin e Jacinto Pardo Maceda.

LÓPEZ PULLEIRO, Miguel. Vicario de Francisco Gómez do Vilar a mediados do século XVII.

LÓPEZ RODRÍGUEZ, Eduardo. Capelán de Sancristía, no pontificado de Nicolás Novo Gayoso. En 1921, exercendo como capelán do Asilo das Irmanciñas dos Desamparados da vila, gaña un beneficio na catedral de Santiago.

Bibliografía. “El Eco de Santiago”, nº 10656 (10-agosto-1921).

– M –

MAGARIÑOS MARTÍNEZ, Manuel. Coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez. Nacera en Santa María de Caldas (Pontevedra) o 28 de febreiro de 1914, ordenouse de presbítero o 27 de decembro de 1942. Fina en agosto de 1982 como Párroco de San Cosme de Nogueirosa, onde chegara en 1946.

Bibliografía. *Guía de la Archidiócesis de Santiago...*, 507.

MARTÍNEZ, Antonio Francisco. Relixioso franciscano exclaustrado, adscrito á parroquia no pontificado de Domingo Ferraces.

MELLA, Gabriel Antonio de. Tenente Cura no pontificado de Jacinto Pardo Maceda.

MENAYA PULLEIRO, Francisco. Herda do seu irmán Simón o servizo de Sancristán Maior da igrexa de Pontedeume. Fina o 27 de decembro de 1716.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 169.

MENAYA PULLEIRO, Simón. Licenciado. Sancristán Maior da Parroquia no tempo de Jacinto Pardo Maceda. Coadxutor en San Pedro de Vilar, foi tamén párroco de Santa María de Ombre. Bautizou en 1690 ao futuro arcebispo de Santiago Bartolomé Rajoy e Losada. Finou o 22 de setembro de 1715.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Bartolomé Rajoy y Losada...*, 38; ID., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 168-169.

MONTENEGRO, Antonio. Párroco na primeira metade do século XVII. Sucede a Antonio Díaz de Neira, probablemente en 1634, e precede a Xoán Alonso do Vilar.

MONTES MÉNDEZ, Manuel. Párroco entre 1910 e 1917. Sucede a Nicolás Novo Gayoso e precede a José Manuel Cendán Sánchez. Precisamente no ano da súa chegada, sendo alcalde do Concello Gonzalo Prego Punín, acorda suprimir un antigo costume que non era do agrado de tódolos veciños. Pola festa de Corpus, no momento en que a procesión pasaba a carón da Casa Consistorial arriábase a bandeira que era pisada polo sacerdote que portaba a custodia co Santísimo Sacramento, mentres a música interpretaba os sons da Marcha Real. Seica esta practica viña dende tempos antigos e verificada con nobre intención para significar o señorío de Deus sobre tódalas realzas da terra. Coñeceu o pontificado do Cardeal Arcebispo de Santiago José Martín de Herrera y de la Iglesia.

Bibliografía. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puente deume ...*, 368.

MOREIRA MONTENEGRO, Tomás José. Párroco entre 1752-1763. Natural de Viveiro era familiar do arcebispo Rajoy e Losada (seu pai era curmá do arcebispo). Como apoderado do arcebispo, contratou importantes obras na contorna eumesa: torres para a igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume, lonxas para o almacenamento da pesca no peirao, reedificación da capela de Covés e da parroquial de San Martiño de Andrade, ampliación do convento agostiño e a fundación de escolas infantís. Cóengo de Santiago en 1763, dous anos antes (1761) conságrase para o culto a actual igrexa de Santiago. En 1771 contrata a Xosé Gambino as imaxes da Semana Santa. Tivo outro irmán clérigo de nome Xosé Francisco, tamén cóengo en Compostela dende 1753. Foi o párroco da consagración da actual igrexa en 1763. Foi o primeiro administrador da Obra Pia “Escola de Primeiras Letras” fundada polo arcebispo Rajoy en 1769.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Bartolomé Rajoy y Losada...*, 17, 41, 42, 175, 205, 212, 227, 230, 231, 242, 262, 264, 303, COUSELO BOUZAS, J., *Galicie artística ...*, 565-567; LÓPEZ CALVO, J. A., *Cristianización e cultuturización...*, 82.

– N –

NIETO BUSTO, José. Nacido en Fecha (Santiago de Compostela) o 18 de maio de 1925, e ordenado o 6 de xuño de 1954, foi coadxutor de Pedro Díaz Casteleiro. Xubilouse canonicamente en 2016 como párroco de Santa María de Dexo (Oleiros).

Bibliografía. *Guía del Arzobispado de Santiago* (1965), 510.

NOVO GAYOSO, Nicolás. Párroco entre 1890 e 1907 e do seu anexo Santa María de Centroña. Sucede a Aniceto Luis Pinaque e precede a Manuel Montes Méndez. Fora Párroco dos Vilares de Parga (Bispado de Mondoñedo) entre 1872 e 1890. Entre 1896 e 1898 acomete obras de restauración na igrexa parroquial: Pía bautismal de mármore, sendo a más importante a pavimentación do chan do templo. Fina en Pontedeume o 29 de marzo de 1908.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *Restauracións e obras na igrexa parroquial...*, 45-51; BRISSET MARTÍN, X., *Novas de Pontedeume...*, 153.

– O –

OTERO, José. Párroco entre 1823 e 1831.

OTERO SUÁREZ, José. Ecónomo en 1918.

– P –

PARADA REGUEIRO, Manuel. Coadxutor con José Manuel Cendán Sánchez.

PARDO CABALO, Lucas. Coadxutor de Juan Antonio Sanjurjo.

PARDO MACEDA, Jacinto. Párroco entre 1708 e 1752 e do seu anexo San Martiño de Porto. Asina concordia co Prior do convento agostiño da vila por de discrepancias protocolarias nos actos culturais. Fina o 5 de agosto de 1752 logo de 45 anos ao fronte da parroquia, caracterizados por unha pastoral de Contrarreforma tridentina e as repercusións da Ilustración na Igrexa. En xullo de 1727 mórrelle na súa parroquia o Arcebispo Miguel Herrero y Esgueva que se atopaba na Vila en Santa Visita Pastoral.

Bibliografía. DAVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través...*, 142-143; LÓPEZ CALVO, J. A., *El convento agustino...*, 117. GARCÍA CORTÉS, S., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 173-174; COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puente deume...*, 370.

PAZOS TEIJEIRA, Celestino de. Párroco entre 1880 e 1883. Doutor en Teoloxía. Sucede a Domingo Ferraces e precede a Aniceto Luis Pinaque. Veu a Pontedeume presentado polo Duque de Alba, logo de rexer os curatos de San Estevo de Larín (Arteixo) e San Martiño de Lestón (A Laracha). Fundador do Colexio Eclesiástico de Pontedeume radicado no edificio da Cátedra de Latinidade. Nomeado Misioneiro Apostólico do papa e capelán de honra en 1882, en 1883 accede a unha coenxía na catedral de Xirona. En 1885 accede á dignidade de Chantre no cabido da catedral de Vic.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *El Colegio Eclesiástico de Pontedeume...*, 213; “La Correspondencia de España” Número 8981 (24-outubro-1882); “Diario de Lugo” N° 1190 (23-setembro-1880).

PAZOS, Diego. Coadxutor nos servizos de Pedro Ribera Pardo.

PENA FREIRE, Andrés. Coadxutor de Celestino de Pazos Teijeira e Ecónomo da parroquia entre 1883 e 1884. Docente no Colexio Eclesiástico de Pontedeume.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *El Colegio Eclesiástico de Pontedeume...*, 213.

PÉREZ, Mateo. Vice-Cura con Juan Alonso do Vilar.

PEREZ, Nicolás. Vice-Cura con Juan Alonso do Vilar.

PÉREZ FRÁIZ, Miguel. Coadxutor de Juan Valentín García.

PINAQUE, Aniceto Luis. Licenciado. Párroco entre 1884 e 1889. Sucede a Celestino de Pazos e precede a Nicolás Novo Gayoso. De Pontedeume pasou a ser reitor da igrexa de San Xíán de Ferrol, tamén parroquia de presentación dos condes de Andrade. Na súa estadia na vila celebrouse o último Concilio Provincial Compostelán (1887).

PIÑEIRO BARRO, José Antonio. Adscrito con Nicolás Novo Gayoso.

PLACER, Antonio María. Presbítero asignado a Nicolás Novo Gayoso.

POL, Jacinto María. Teniente Cura de Juan Antonio Sanjurjo. Natural de Pontedeume.

PRECEDO LAFUENTE, Manuel Jesús. Nomeado coadxutor o 13 de setembro de 1951 sendo párroco Pedro Díaz Casteleiro, e rexente de Santo André de Cabanas e o seu anexo Santo Estevo de Erines. Nacera no 1925 en Anceis (Cambre), finou en 2011 sendo membro do Cabido da catedral compostelá, do que foi Deán e onde chegara en 1962.

Bibliografía. *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo 25, 209.

PUNÍN, Tomás. Religioso exclaustro, actúa como adscrito no pontificado de Juan Antonio Sanjurjo. Aparece como voluntario da Milicia nacional local entre 1834 e 1844.

Bibliografía. DOMÍNGUEZ FERRO, M., 320.

– R –

RÍO DURO, Juan del. Ecónomo da parroquia entre 1782 e 1783. Entre os pontificados de Andrés Antonio Serantes e Juan Valentín García.

RÍO PÉREZ, Constantino del. Coadxutor con Domingo Ferraces. De Pontedeume pasa como párroco a San Cosme de Nogueirosa.

RIVERA MACEDA, Pedro de. Vice-Cura con Jacinto Pardo Maceda. Tamén vivía de aluguer na rúa Maior da Vila. Funda dúas misas anuais que debían pagar os seus herdeiros polos bens que posuía en San Martiño de Andrade.

Bibliografía. DAVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través...*, 149.

RIVERA PARDO, Pedro. Párroco entre 1806 e 1820, xunto co seu anexo San Martiño de Porto. Nacera en Betanzos o 7 de maio de 1762. Ordenado de presbítero en 1789, fora antes párroco dos curatos de Moeche no bispado de Mondoñedo. Tocoulle o convulso período da invasión francesa e mesmo foi Deputado nas Cortes de Cádiz de 1812.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *Un clérigo deputado nas Cortes de Cádiz...*,

ROBERES ALONSO, José María. Patrimonista e avogado residente na vila. En 1915 toma posesión como capelán da cárcere do Partido Xudicial. Pertencente á unha familia de curtidores chegados de Flandes no século XVII asentada en Pontedeume, e con algúns membros na clerecía, como por exemplo Xoán Xosé Roberes Rodríguez, que chegou a ser Deán da Catedral de La Habana.

Bibliografía. COSTAS FERNÁNDEZ L. – MACEDO CORDAL, C., 359; “El Eco de Santiago”, nº 7034 (29-outubre-1915).

ROBERES TOMASI, Ruperto. Tío do anterior. Tenente Cura con Juan Antonio Sanjurjo e Domingo Ferraces. Natural de Pontedeume, prebendado da capelanía “Nosa Señora das Neves”, fundada polo arcebispo Rajoy.

Bibliografía. COSTAS FERNÁNDEZ L. – MACEDO CORDAL, C., 378.

RODRÍGUEZ BEDOYA, José. Bedel interino da Universidade de Santiago, acada un beneficio na clerecía en Pontedeume en 1661.

Bibliografía. CABEZA DE LEÓN, S., Tomo I, 235, 484 nota 120.

RODRÍGUEZ COELLO, Marco Antonio. Coadxutor no tempo de Pedro Ribera Pardo.

RODRÍGUEZ, Domingo. Vice-Reitor da parroquia con Martín de Ituráin.

ROMERO VILLAR, Juan Antonio. Coadxutor de Andrés Antonio Serantes.

– S –

SAAVEDRA MEIJOMIDE, Ángel. Natural de Santiago de Compostela, e ordenado sacerdote en 1949, foi coadxutor de José Manuel Cendán Sánchez. Encargado provisional da parroquia á morte deste en 1951 de aquí pasou a ser, sucesivamente, Párroco de San Xosé de Ares e Santa María do Porto de Marín (Pontevedra).

Bibliografía. Guía del Arzobispado (1965), 519.

SÁNCHEZ, José. Tenente Cura con Juan Antonio Sanjurjo e párroco da anexa San Martiño de Porto. Anteriormente fora tamén párroco de Santa María de Centroña. Actúa de ecónomo entre 1848 y 1849. Rehabilita para o culto en 1849 a igrexa desamortizada do convento agostiño. En 1842, preside a derradeira Misa de festa (martes de Pentecoste) na Capela do Espírito Santo do Hospital de peregrinos que había no medio da ponte antes da súa demolición. Aparece na nómina de voluntarios da Milicia nacional local entre 1834 e 1844).

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *El convento agustino...*, 200 e 202; CASTRO ÁLVAREZ C. D. – VÁZQUEZ ARIAS, J. C., 19; DOMÍNGUEZ FERRO, M., 314.

SANJURJO, Juan Antonio. Párroco entre 1831 y 1848. Sucede a José Otero y precede a Antonio María Gómez. En 1835 acontece a publicación da Lei Mendizábal desamortizadora de bens eclesiásticos. En 1847 consegue rehabilitar para o culto a desamortizada igrexa dos frades agostiños, porén por mor do seu pasamento non consegue reinaugurala. En 1843, asume as ordenanzas coas que a corporación local lexisla os costumes relixiosos locais, tales como o toque de campás ou mesmo os aranceis dos servizos relixiosos. Deixou fundación de misas en 1844.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *El convento agustino...*, 199; COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puente deume...*, 369, nota 1.

SERANTES, Andrés Antonio. Párroco entre 1770 e 1782. Substitúe a José Fraga Freire e precede a Juan Valentín García. Fina en Santiago o 27 de novembro de 1782. Irmá de Tomás Serantes, cóengo na catedral compostelá sotérrase no convento franciscano daquela cidade. No seu tempo (en 1771) a parroquia recibe a Santa Pastoral Visita de Juan Varela Fondevila e Vereas, Bispo Auxiliar de Bartolomé Rajoy Losada.

Bibliografía. GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido en Pontedeume...*, 182-183; LÓPEZ CALVO, J. A., *As escrituras fundacionais...*, 60-61; CASTRO ÁLVAREZ, C. – VÁZQUEZ ARIAS J. C., 173-174.

SIERTO FERNÁNDEZ, Antonio. Presbítero veciño da Vila asignado á parroquia nos tempos de Nicolás Novo Gayoso.

SILVAR, Pedro de. A mediados do século XVII, deixa fundadas tres misas (unha cantada e dúas rezadas) a celebrar no día de San Brais.

SOLÍS, Antonio. Coadxutor no tempo de Pedro Ribera y Pardo. Entre 1806 e 1820 figura como administrador da obra pia “Escolas de Primeiras Letras” fundada polo Arcebispo Rajoy.

Bibliografía. LÓPEZ CALVO, J. A., *Cristianización e culturización...*, 82.

– V –

VARELA ALVARELLOS, Ramón. Coadxutor con Manuel Montes Méndez.

VÁZQUEZ GARCÍA, José. Coadxutor de Juan Valentín García.

VÁZQUEZ MACEDA, Juan Ángel. Tenente Cura con Pedro Ribera Pardo.

VÁZQUEZ MACEDA, Pedro Pablo. Coadxutor de Andrés Antonio Serantes e Juan Valentín García.

VEGA, Juan Ignacio de. Exerceu o seu presbiterado a medidos do século XVII. En 1660 deixa fundación dunha misa perpetua a celebrar o día de san Xoán evanxelista na igrexa parroquial de Pontedeume.

VILLANUEVA PUNÍN, Matías. Patrimonialista natural e veciño de Pontedeume solicita en 1870 a prebenda da Capelanía de Nosa Señora das Neves fundada polo arcebispo Rajoy en substitución de Ruperto Roberes.

Bibliografía: LÓPEZ CALVO, J. A., *As escrituras fundacionais...*, 51-52.

5. BIBLIOGRAFÍA

ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, *Libro de Cabidos da Confraría de San Roque (1615-)*. Atado 334.

Libro de actas capitulares ou de Pleno (1533-1658), 1.

ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, *Guía de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*, Santiago, Oficina Diocesana de Información y Estadística, 1965.

BRISSET MARTÍN, X., *Novas de Pontedeume publicadas en “La Voz de Galicia” en 1908*, en: “Cátedra” 15 (2008) 153-165.

CABEZA DE LEÓN, S., *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, CSIC - Instituto “Padre Sarmiento”, 3 vol., 1945.

CASTRO ÁLVAREZ, CARLOS DE – VÁZQUEZ ARIAS, J. C., *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, Deputación Provincial 2003.

COSTAS FERNÁNDEZ, L., MACEDO CORDAL, C., *Achega ao gremio de zapateiros e curtidores de Pontedeume nos séculos XVII e XVIII*, en: “Cátedra” 15 (2008) 287-390.

COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puente deume y su comarca*, Santiago, Editorial Compostela, 1944.

- COUSELO BOUZAS, J., *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*, Santiago de Compostela, Instituto Teológico Compostelano; =Collectanea Scientifica Compostellana 18, 2005.
- DAVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través del Catastro de la Ensenada*, en: “Cátedra” 8 (2001) 113-157.
- DOMÍNGUEZ FERRO, M., “*Salvación, Unión e Fraternidade*”: *A Milicia Nacional de Pontedeume (1834-1944)*, en: Cátedra 25 (2018) 299-331.
- DOMÍNGUEZ ORTÍZ, A., “Aspectos sociales de la vida eclesiástica en los siglos XVII y XVIII”, en: *Historia de la Iglesia de España*, Madrid 1979, Vol IV: *La Iglesia de España de los siglos XVII-XVIII*.
- GARCÍA CORTÉS, C., *Clero fallecido en Pontedeume durante el siglo XVIII*, en: “Cátedra” 10 (2003) 161-188.
Bartolomé Rajoy y Losada (1690-1772). Un arzobispo edificador y filántropo en la Galicia ilustrada, Pontedeume, Espino Albar, 2011.
- GARCÍA ORO, J. – REGAL LEDO, M. – LÓPEZ RIVAS A.; *Historia da Igrexa galega*, Vigo, Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos 1994.
- LÓPEZ CALVO, J. A., *El convento agustino de Pontedeume. Estudio histórico y colección documental*, Pontedeume, Sociedad Filatélica de Arte y Humanidades “Eume”, Pontedeume, 2006.
Restauracións e obras na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume durante o século XIX, en: “Cátedra” 7 (2000) 45-56.
El colegio eclesiástico de Pontedeume: una institución educativa local de finales del siglo XIX, en: “Cátedra” 22 (2015) 209-220.
As escrituras fundacionais de obras pías como fonte de estudo da historia social: o exemplo de Pontedeume, en: “Cátedra” 13 (2006) 49-78.
Un clérigo deputado nas Cortes de Cádiz de 1812, natural de Betanzos: Don Pedro Rivera e Pardo, en: “Anuario Brigantino” 32 (2009) 195-212.
Cristianización e culturización da infancia no século XVIII: As escolas de primeiras letras fundadas en Pontedeume polo Arcebispo Rajoy, en: “Cátedra” 19 (2012) 77-95.
- MORGADO GARCÍA, A., *Ser clérigo en la España del Antiguo Régimen*, Cádiz, Servicio de Publicaciones de la Universidad, 2000.

“ALONSO PITA DA VEIGA, EL HÉROE GALLEGO DE PAVÍA” ICONOGRAFÍA DE FERRER-DALMAU, “EL PINTOR DE BATALLAS”

María Fidalgo Casares
Doctora en Historia del Arte.
Miembro de la Academia de la Historia de Andalucía

*In memoriam:
Celestino Sardiña y Paco Allegue,
eumeses amantes de su Historia.*



Augusto Ferrer-Dalmau, conocido con el sobrenombre de “El Pintor de Batallas”, es uno de los máximos representantes del género de pintura histórico-militar a nivel mundial. Una de sus características, original en la pintura española, es la conversión ipso facto de sus cuadros en iconografías históricas y su capacidad de revitalización del episodio que narra en sus pinceles.

El Día de las Fuerzas Armadas de 2017 se desvelaba con expectación la temática a la que Ferrer-Dalmau, dedicaba su último lienzo: “*Alonso Pita da Veiga, el héroe gallego de la Batalla de Pavía*”. Dado el impacto mediático que adquieren las obras del artista, la representación pictórica del caballero, de calidad técnica excepcional, desencadenaba la

puesta en valor de un hecho histórico que el devenir de los sistemas de enseñanza había sepultado. La importancia del lienzo no sólo radica en ser el primer cuadro que el autor dedica a un personaje gallego, sino sobre todo, el lograr la recuperación de una figura singular “Alonso Pita da Veiga”, legando una iconografía del héroe para la posteridad.

1. ALONSO PITA DA VEIGA Y LA BATALLA DE PAVÍA

Alonso Pita da Veiga fue uno de los personajes históricos más sobresalientes de la Galicia de su tiempo. Aunque nació y se enterró en Ferrol, la memoria colectiva lo consideró siempre eumés. En Pontedeume, se casó, afincó, tuvo descendencia, testó y murió¹

Perteneciente a un antiguo linaje de Galicia, Alonso Pita da Veiga, Señor de Vilacornelle, nació en Ferrol en 1480 y fue el segundo hijo del regidor perpetuo de la villa, Pedro Morado y de María Fernández da Veiga, del linaje de los Pardo de Lago de Moeche.

Como caballero, aunque las fuentes documentan que luchó en el Tercio de Moncada, legendariamente se le situó a las órdenes de Fernando de Andrade, de la Casa Condal de Pontedeume en el Tercio que el señorío aportó para las campañas imperiales de Italia. Allí haría Historia, sobre todo en la Batalla de Pavía (1525).

Carlos I de España se había convertido en el personaje más poderoso del mundo conocido al ser nombrado Emperador del Sacro Imperio Romano Germánico. Francisco I de Francia, que también había optado al título, quedaba en una difícil posición geopolítica. Su nación aparecía rodeada por los territorios del rival, y todas sus fronteras, amenazadas por intereses del Emperador.

Esta situación dio lugar a una guerra entre el Imperio y Francia: “la guerra de los cuatro años”. Francisco I tomó la iniciativa, cruzó los Alpes y desde 1521 al 1524, capitaneando su ejército de 40.000 franceses entró “a sangre y fuego” en la península italiana. Decidió anexionarse el Ducado de Milán, al norte de la península. La mayoría de las plazas españolas pudieron mantener la posición imperial, gracias a una resistencia tenaz. El francés sería vencido en Bicoca y Sesia de forma aplastante por los tercios españoles².

Tras estas derrotas, los franceses iniciaron el asedio –de Pavía– a la ciudad. Antonio de Leyva, al mando de su defensa y veterano de la Guerra de Granada, ofrecía una resistencia numantina con apenas 6.530 hombres, en un porcentaje de 5 a uno.

Mientras los franceses esperaban la rendición, Carlos I mandó un ejército de auxilio. El objetivo era apoyar a las tropas de Leyva y romper el cerco. El grueso del ejército francés estaba acampado a las afueras de Pavía, rodeado por una muralla de 10 kilómetros de longitud y de 2,5 m de alto. La noche gélida del 24 de febrero de 1525, la infantería del emperador, cubrió con camisas blancas sus armaduras para reconocerse

1. PITA DA VEIGA GOYANES, G.: *Capillas de la Concepción: Maldonado Pita da Veiga*, “Revista Catedra” nº13, año 2006.

2. Fue tan sencilla la victoria imperial, que en español, la palabra «bicoca» pasara a ser sinónimo de “fácil u oportunidad”.



Tapiz con el tema de la Batalla de Pavía

entre ellos y abrieron brechas en sus muros por las que al amanecer pasaron los efectivos imperiales.

Francisco I ordenó entonces cargar a su caballería. Lo más granado de la aristocracia francesa se iba a enfrentar con la mejor arma de la época, los Tercios españoles. Invictos desde las primeras batallas de Italia y ahora, en Pavía, iban a demostrar su prácticamente imbatible capacidad. Fue una batalla cruenta en la que cayeron 8.000 hombres y 2.000 fueron heridos.

Alonso demostraría su gran valor en el combate. Su intervención en Pavía fue sobresaliente por dos motivos: **la recuperación del estandarte de Borgoña –de gran importancia vexilológica– y el apresamiento del rey francés.**

Tras perder su caballo, y tomar el de su escudero, que con gran probabilidad pudiera haber sido Lanzarote de Lago al que le unían lazos familiares, rescató en misión suicida el estandarte real del Infante don Hernando, Rey de Hungría, que habían tomado los franceses tras matar al alférez que lo portaba. Dicho estandarte era una bandera blanca cruzada por un aspa roja, conocida también como el estandarte de Borgoña o la Cruz de San Andrés³. Con posterioridad la victoria en la batalla se asociaría indisolublemente al buen presagio y a la heroicidad de la recuperación de esta bandera por Alonso Pita da Veiga, por lo que desde entonces, se convertiría en el emblema del Imperio Español⁴.

3. En el Congreso Español en 2018 ante una disputa sobre la bandera de Borgoña, se acreditó como fuente uno de los cuadros de Ferrer- Dalmau.

4. Esta bandera, blanca con la Cruz de Borgoña en rojo, ondeó por primera vez como insignia tras la batalla de Pavía en 1525 (aunque las aspas rojas eran lisas, sin nudos), y se convertiría tras la hazaña de Pita, en la más característica de las utilizadas por los tercios españoles y regimientos de infantería de la Monarquía hispánica durante los siglos XVI, XVII, XVIII y comienzos del XIX. Sólo sería sustituida oficialmente por la bandera rojigualda borbónica. Aún hoy sigue vigente en centenas de emblemas e insignias procesionales, administrativas, culturales y militares.



Oleo con el Prendimiento

En la batalla, la situación era dramática para las tropas francesas. Se luchaba cuerpo a cuerpo y los tercios eran implacables. El rey de Francia “Francisco I” y su escolta también combatían a pie. En el fragor de la contienda, tres españoles derribaron su caballo y al intentarse levantarse, el monarca fue apresado por el gallego **Alonso Pita da Veiga**, el vasco **Juan de Urbietta**, y el granadino **Diego Dávila** “todos a la vez” como reconocen las fuentes⁵. Este episodio sería conocido como “El Prendimiento”.

Aunque se ha escrito que no fueron conscientes de a quién acababan de apresar, para Gabriel Pita da Veiga Goyanes, el relato de Alonso, el que matasen el caballo y lo derribasen para capturar al personaje y no matarlo, le permite considerar que sí reconocieron al Rey, ya que la figura y montura de Francisco era inconfundible.

Sobre los objetos que se le incautan a Francisco, las fuentes se mezclan con la leyenda y no están claros. Supuestamente se apropian de su espada, la llamada “Cruz de Carlomagno”, regalo de su padre y su amuleto, y los guanteletes. La leyenda apunta que también de una armadura y un trozo del *lignum crucis*⁶. Un grabado que reproducimos recoge algunos de ellos que serán incorporados al escudo de los Pita da Veiga⁷. Poco después de la batalla, el rey Francisco I, prisionero del Emperador Carlos, fue llevado a Madrid donde permanecería una larga temporada.

El Rey Francisco I había caído prisionero de Carlos I. Fue llevado a Madrid, donde permanecería preso una larga temporada.

5. Es muy recurrente la imputación del hecho únicamente a Urbietta, aunque está más que demostrado y los propios reyes implicados así lo ratifican documentalment, la intervención de los tres “ todos a la vez” . Lo inaudito es que los “ urbietistas” lo sigan esgrimiendo movidos únicamente por un nacionalismo soterrado.

6. Un trozo de madera considerado parte de la cruz donde crucificaron a Cristo.

7. En 1806, Napoleón como botín de guerra trajo a París la armadura con la que pensaba que Francisco I había sido capturado en la batalla de Pavia. La armadura se convierte en un trofeo cuya captura se supone que borraría los atropellos de la derrota francesa de 1525.

Francia había sido humillada en Europa y fue un hecho especialmente sensible y bochornoso para los franceses que lo convirtieron en afrenta para la posteridad⁸.

Francisco I, ocho días después de su prisión, escribió a su madre expresándole su desgracia: “*De todo, no me ha quedado más que el honor y la vida, que está salva*”. También envió una misiva a Alonso, expresando su gratitud en una certificación escrita por su mano, que decía así:

*“Francisco, por la gracia de Dios Rey de Francia: Hacemos saber a todos y cualesquiera que pertenciere, que Alonso Pita. fue de los primeros que se hallaron en nuestra prisión cuando fuimos hechos prisioneros delante de Pavía. Y de su ayuda y poder nos asistió a salvar la vida, de que le somos atentos. Y porque es así la verdad hemos firmado de nuestra mano en Píscolona
4 de Marzo de 1525. Francisco”.*

El 14 de enero de 1526, por imposición de Carlos I, Francisco I firma el Tratado de Madrid. Renunciaba a sus derechos sobre el Milanesado, Génova, Nápoles, Flandes,



El Emperador Carlos I y Francisco I de Francia

8. Urbietta es muy recordado en el País Vasco -atribuyéndole el mérito único de la captura- mientras que Andalucía y Galicia han olvidado a sus héroes. Debido a la humillación del Prendimiento, las tropas napoleónicas casi tres siglos después profanaron la tumba de Urbietta. Napoleón “pidió” a Fernando VII la espada de Francisco I que Alonso Pita da Veiga había arrebatado al rey francés. Todavía hoy sigue siendo un tema sensible que ataca directamente al chauvinismo francés-. De hecho que Ferrer-Dalmau pintara la batalla de Pavía fue criticado y mal acogido en Francia.

Artois y Borgoña en favor del emperador Carlos I. Además, se comprometía a casarse con la hermana de Carlos I, Leonor, y a enviar a dos de sus hijos a España como garantía del cumplimiento del tratado.

Enterado el emperador Carlos de la heroicidad de Alonso Pita da Veiga, le concedió en 1529 el Privilegio de Armas a perpetuidad para él y sus descendientes. Un documento que se conserva en el Archivo General de Simancas, legajo 388, rotulado de “Mercedes y Privilegios”. En dicho privilegio no precisa conceder hidalguía, porque los Pita da Veiga ya eran hijosdalgos de sangre, y las nuevas armas no venían sino sustituir o agregarse a las primeras⁹. El escudo incorporará el guantelete, la cruz de Carlomagno, las armas de la Casa Real de Francia. El documento original está en poder de la familia y reproducimos a continuación texto e imagen¹⁰.

De regreso a Galicia, dado su nuevo status, contrajo ventajoso matrimonio con María García de Vilousaz, del linaje de Narahío, e hija del comendador de la Orden de Malta en Galicia y morarían entre otras propiedades en la llamada Casa del Puente en Pontedeume. En esta villa testaría y moriría, aunque fue sepultado en Ferrol en la Iglesia de San Francisco. Su mujer, María, sin embargo se enterró en la Iglesia de Santiago de Pontedeume.

Sobre los bienes de Pontedeume, su hijo (también llamado Alonso) funda vínculo en 1587, lo que pudo llevar a la confusión en cuanto al lugar de nacimiento del héroe de Pavia¹¹.

9. Por la presente de Nuestro propio motu y ciencia cierta y poderío Real absoluto, de que en esta parte queremos usar y usamos como Reyes y Señores naturales, es Nuestra merced y voluntad de os hacer merced, y conceder y dar por armas un escudo cuarteado, el campo del cuarto de encima colorado de color sangre, y en él una manopla en señal de la que tomastes al dicho Rey de Francia, y una corona real de oro un poco más arriba de la dicha manopla; y del cuarto de abajo el campo azul con tres flores de lis de oro, que son las verdaderas armas de los Reyes de Francia; y el cuarto derecho tenga el campo colorado como el cuarto de arriba, y en él la banda subdicha con sus cruces; y el campo del cuarto siniestro asimismo colorado, y en él el dicho estandarte del Serenísimo Rey de Ungría con las armas de Nuestro ducado de Borgoña, y timbrado dicho escudo según y como y de la manera que va puesto y pintado aquí. “Las cuales dichas armas vos damos y concedemos para Vos, y para vuestros hijos y descendientes nacidos y por nacer, y sus descendientes de ellos perpetuamente para siempre jamás, para que las podáis y puedan traer y poner por vuestras armas y suyas en vuestros reposteros y suyos, y en las otras partes en donde las quisieréis y quisierdes traer y poner libremente; sin que por ello y por ninguna causa ni razón que sea o ser pueda, vos sea ni pueda ser puesto embargo ni impedimento alguno a vos ni a los dichos vuestros hijos descendientes, y a los suyos perpetuamente para siempre jamás; y por esta Nuestra carta o por su traslado signado de escribano público, mandámos al Ilustrísimo Príncipe D. Felipe, Nuestro muy caro y amado hijo y nieto, a los Infantes, perlados, duques, marqueses, condes, ricosshomes, maestre de la órdenes, priores, comendadores, subcomendadores, alcaldes de los castillos, y casas fuertes y llanas, y a los del Nuestro consejo, presidente, oidores de las nuestras audiencias, alcaldes, alguaciles de la nuestra casa y corte y chancillerías, y a todos los consejeros, y a sus tenientes, gobernadores, merinos prebostes, y otras cualquier nuestras justicias y jueces destos reinos y señoríos, y a cada uno y cualquier dellos en sus lugares e jurisdicciones, que vos dejen y consientan a vos, y a los dichos vuestros hijos nacidos y por nacer, y a sus descendientes para siempre jamás, traer y tener y poner por vuestras armas las subdichas, según como dicho es; y que en ello ni en parte dello embargo ni contrario alguno vos no pongan ni consientan poner; y vos guarden y cumplan esta dicha Nuestra carta y la merced en ella contenida; y contra ella ni contra cosa alguna ni parte de ella no vallan ni pasen, ni consientan ir ni pasar en tiempo alguno ni por alguna manera, sopena de la Nuestra merced y de diez mil maravedies para Nuestra cámara cada uno que lo contrario hiciere; e demás mandamos al home que les esta Nuestra carta mostrare, que les emplace que parezcan ante Nos en la Nuestra corte del día para que los emplazaren fasta quinze días primeros siguientes, so la dicha pena; so la que mandamos a cualquier escribano público, que para esto fuere llamado, que de ende al que se la mostrare testimonio signado, con su signo, porque Nos sepamos como Nuestro mandado se cumple. Dado en Barcelona a 24 de Julio, año del nacimiento de Nuestro Señor Jesucristo de 1529 años-Yo el Rey- Yo Pedro de Casasola, secretario de sus Cesáreas y Católicas Majestades, la fice escribir por su mandato- Idiaquez.”

10. Como curiosidad, apuntar que D. Manuel Fraga Iribarne, Presidente de Galicia, hizo gestiones infructuosas para conseguir la donación del Privilegio a Galicia. Para él, era un documento capital para la Historia.

11. Gabriel Pita da Veiga en Diario de Ferrol.

Su descendencia empareñará con los Andrade y con las principales casas nobiliarias gallegas, practicando incluso cierta endogamia¹². Colateralmente, también se vincularán a las más relumbradas casas nobles españolas. Alonso Pita da Veiga inaugurará una brillante saga dedicada a la milicia de quinientos años ininterrumpidos de servicio como oficiales del ejército en todas las guerras de España, sobre todo en la Armada¹³. Un rasgo que singularizaría a esta familia en la Historia militar española.

En Pontedeume, ya en el siglo XIX, el mayorazgo Pita da Veiga se uniría por matrimonio con los Maldonado y, por ello, una casa con escudo de armas, demolida en 1901, se llamaba así, la Casa de los Maldonado.



Inauguración de la calle Alonso Pita da Veiga en Pontedeume



Requiere, asimismo, el proseguir la campaña contra el polvo, el educar al niño para la lucha antituberculosa, la difusión de carpinterías y a los locales comunitarios de no escupir en el suelo, mucha limpieza y aire puro en los pueblos, variar el trabajo y con el aumento de los salarios disminuir para los alimentos, coe-

xornalística do Eume. Atoparemos de novo, xunto a ela, esforzos por conservar a cultura e a historia.

Dende o punto de vista do contido, hai que dicir que nos semanarios de finais do século XIX e principios do XX xa están marcadas as liñas fundamentais do que van ser os obxectivos da historiografía local: a preocupación por espallar o patrimonio artístico e o estudo dos Andrade. Tamén o coñecemento do pasado da vila e de figuras ilustres como a de Couceiro.

A historia do xornalismo en Pontedeume é, en definitiva, unha combinación de actualidade e conservación histórica. Unha volta ao pasado continua, na que o empeño por manter viva a memoria queda latente en cada unha das páxinas de semanarios e xornais que naceron no pobo.

2. ALFOZ: PRIMEIROS PASOS

O 20 de abril de 1989 tivo lugar a Asemblea xeral da Asociación Empresarial Eumesa. Celebrada no Instituto de Formación Profesional de Hostalería da propia vila, procedíase a dar un dos maiores cambios na asociación: a elección do novo presidente. José Luis Cortizas Freijomil foi o que tomaría as rendas da asociación a partir deste momento. A reunión supuxo un acontecemento ao que asistiu o alcalde da vila e mesmo distintos voceiros dos partidos políticos con representación na Corporación municipal, así como tamén o presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Miguel Maristany Morado.

Francisco Allegue, unha das personas que máis empeño puxo en *Alfoz*, lembra que nese momento o centro de hostalería se achaba no seu primeiro ano de promoción, algo que tamén propiciou unha maior afluencia de xente á cea que foi celebrada tras a reunión. A gran noticia da noite sucedeu en plena velada no transcurso do discurso de José Luis Cortizas Freijomil. Tras agradecer aos presentes a asistencia ao acto, anunciou a sorpresa que tiña en mente: a proposta de publicar unha revista de ámbito comarcal. Unha publicación cuxa idea principal é que fose editada pola propia asociación e cuxo proxecto debía responder a unhas motivacións ou obxectivos que alí mesmo anunciou. Tiña claro que se necesitaba unha publicación de ámbito comarcal, fronte á inexistencia dende había tempo dun medio que servise de vínculo entre o alfoz e a vila. Ademais, Pontedeume tiña un gran potencial tanto cultural como deportivo, polo que as asociacións merecían o impulso dunha ferramenta ao seu alcance.

Ademais, o contexto no que se desenvolvía *Alfoz* era moi favorábel para o pobo, especialmente a nivel socioeconómico. O panorama poboacional atopábase en crecemento e o auxe de certas iniciativas tamén propiciou que xurdira a idea. Clave para o pulo final que levaría a nacer a revista foi a posíbel creación do Polígono de Vidreiro, que nese momento se vía como un proxecto inmediato, ante a grande axuda que supoñían diversas subvencións da Xunta de Galicia. O contexto era propicio para que a revista saíra á luz.

Hai que ten en conta que a asociación tiña carácter empresarial, polo que este era un dos sinais que o marcaban e que explicaba que a creación do Polígono de Vidreiro fose un acontecemento importante para o nacemento da publicación. Crían que non podían desaproveitar a oportunidade que lle ofrecían as novas iniciativas xurdidas arredor da comarca. A revista nacía ante unha serie de circunstancias que poderían favorecer a publicación e o seu alcance. *Alfoz* enténdese como un medio que canalizaba as propias finalidades da asociación. Non obstante, non se quedaba aí. O que verdadeiramente a caracterizaba é que xunto a estas foron agromando outras funcións non tan relacionadas co empresarial.

Unha vez anunciada a noticia, viñeron as reunións. Os meses de xullo e agosto de 1989 estiveron centrados en conversar e negociar con distintas asociacións da zona. Tiveron relevancia as culturais e deportivas, pola tradición que hai en Pontedeume tan arraigada a estes dous eidos. Os emprendedores da idea procuraron apoio, intentando encontrar nos negocios locais unha vía de financiamento. Á súa vez, estas asociacións tamén poderían ser fonte de contidos para os primeiros números. Paralelamente, encargáronse de buscar o equipo que levaría a cabo os labores de redacción dentro da publicación.

Unha das últimas cuestións que se establece é a extensión, así como a temporalidade coa que se publicará. Tendo en conta que o equipo se dedica a outros oficios, deciden establecer que a publicación sexa mensual; algo que posteriormente cambiará. Así mesmo, consideran que a extensión ha de ser de 12 páxinas e a tirada coa que saen á luz é de 3.000 exemplares. A distribución tería baixo custo e aquelas edicións que se enviaran por correo serían financiadas pola propia asociación, axudados polo soporte publicitario que conseguisen. *Alfoz* nace como unha publicación escrita en castelán, aínda que cabe dicir que sempre había sitio para o galego entre as súas páxinas e, ao longo dos distintos números, pódense ver numerosos artigos escritos neste idioma.

Estes primeiros pasos constitúen a definición das bases da publicación, que se acabarían de configurar coa elección dunha cabeceira para o novo medio que xa nacía.

3. DANDO O NOME AO PROXECTO

Todo medio necesita un nome. Paralelamente á procura de investidores e equipo, os principais promotores da iniciativa pensaban na identidade que crearían para a nova publicación. Puxeron moita atención neste detalle, que formaba parte dunha decisión tan difícil como primordial. Ademais, deberían atender á selección dunha cabeceira, o deseño e o formato da publicación. É entón cando o equipo bota a mirada atrás para ver o panorama xornalístico que lles precedía e poder así tomar unha decisión. Tiñan claro que como definirse e a propia imaxe que dar era relevante. A historia do xornalismo en Pontedeume deixáralles “o listón moi alto”, lembra Francisco Allegue, unha das persoas que máis traballou neste proxecto. Non obstante, descartaran tomar títulos utilizados no pasado, ao entender que se tiña que abrir unha nova etapa para a prensa local. Lonxe quedaban cabe-

ceiras como *El Eume*, *La Verdad*, *El Eco de Pontedeume* e *Ecos del Eume*. Consideraban que se querían marcar un inicio, un antes e un despois, tiñan que se diferenciar do anterior. Ser algo que o pobo non coñecera e que, sobre todo, pensase en futuro.

Unha das bases sobre as que nacía a publicación era potenciar o desenvolvemento socioeconómico da bisbarra. É por iso polo que deciden reivindicar esa característica primordial de cabeceira comarcal e toman como nome “Alfoz”. O propio termo fai referencia a un distrito con varias poboacións que forman unha xurisdición. A importancia deste nome é que se recorre a unha das raíces históricas da vila. No 1270 sae da chancelaría de Afonso X un documento polo que se concede a unha trintena de freguesías, as que formarán o alfoz, o privilexio de fundar a poboá da Ponte de Eume. O Rei Afonso X o Sabio concede a Pontedeume a Carta Póboa, o 30 de decembro de 1270, outorgándolle mediante ela a xurisdición dos arciprestados de Pruzos e Bezoucos. Deste xeito estableceíase un conxunto novo, a póboa e o seu alfoz. Á vez, completábase a ordenación do territorio, “mellorando a xustiza real e contrarrestando o poder exercido pola nobreza”.

Se por algo se caracterizaba a vila era precisamente por ese pasado herdado. Pequenas aldeas e zonas rurais que dependen das autoridades municipais, polo que a idea era non atender só o centro de Pontedeume en si, senón agrupar a todos.

José Luís Cortizas Freijomil, presidente da Asociación Empresarial, tiña claro que non quería marxinar o ámbito que ía máis alá do propio núcleo. Era consciente de que Pontedeume sen o seu alfoz non era nada. No conxunto das terras residía a riqueza tanto poboacional como cultural. Ben é certo que era no propio centro onde tiña lugar o maior desenvolvemento, pero os arredores e aldeas albergaban historias moi arraigadas á vila. O Castelo dos Andrade era exemplo dese pasado tan relevante para Pontedeume, así como o conxunto de poboación dedicada a outros oficios centrados na agricultura e a gandaría. En definitiva, xeitos distintos de vida aos que se quería chegar mediante un único medio de comunicación. Ademais, esta ambición por non querer pechar as fronteiras era un dos sinais e beneficios da revista. Deste

ALFOZ

xeito, permitía que a comunicación se expandise máis alá e polo tanto o enriquecemento fose maior. Concorde así o nome cunha das liñas marcadas pola revista. Neste aspecto foron coherentes dende o principio, posto que apostan pola integración e a unión da bisbarra, permitindo isto alcanzar esa visibilidade que tanto querían.

4. METAS E OBXECTIVOS

Alfoz nace como unha publicación que quere ser continuadora dos seus antecesores xornalísticos, pero diferenciándose deles. Continuadora porque quere promover de novo a comunicación e ser un altofalante que informe sobre Pontedeume e o seu alboz. Diferenciada porque contará cunha estrutura innovadora e unha configuración que nada remite aos medios anteriores. Os fundadores propoñense unha serie de obxectivos ou ideais para cumprir. Buscan potenciar as actividades socio-económicas, culturais e deportivas. Algo reflectido ao longo dos números, posto que a través destes tres vértices se desenvolverá o contido mediante o que se articulan as distintas páxinas da revista.

Ademais, dan especial relevancia á creación dunha nova cultura de bisbarra, resal-

tando aspectos propios da súa e logrando así ser única. Isto lévano a cabo grazas á relevancia que os costumes e tradicións da vila adquiren dentro da revista. Para eles hai un espazo exclusivo e é unha das ferramentas clave para a creación desa identidade propia de bisbarra. Queren tamén ser unha ferramenta de conservación da cultura, que mediante entrevistas e reportaxes supoña a prolongación desa tradición a través do tempo. Ao igual que outras publicacións coetáneas que xa vimos, este será un obxectivo que comparta con



No primeiro número de Alfoz deixábase clara a pretensión integradora coa que nacía a revista



SALUDA DEL ALCALDE

Queridos Eumeses:

Nacimientos como el de “Alfoz” suelen generar esperanza, alegría e ilusión; tomando el relevo, después de 70 años, de “Ecos del Eume”, su aparición descubre la intermitencia eumesa en sus manifestaciones artísticas, culturales, etc., aunque también hace patente que nuestras inquietudes permanecen vivas, pudiendo hacerse realidad en cualquier momento.

Aparece “Alfoz” impulsado por la Asociación Empresarial Eumesa y respaldado por amigos entrañables, hombres de reconocida valía que, desde distintas parcelas, hicieron de sus vidas una constante y desinteresada entrega a nuestra Villa, veo en ellos la columna vertebral del periódico y a mi juicio constituyen la garantía de continuidad e independencia, imprescindible en este tipo de proyectos.

“Alfoz” nace con el objetivo concreto de ayudar a potenciar todas las posibilidades de la comarca eumesa. Aunque son sólidos los mimbres con que inicia su andadura, consciente de su dificultad, como alcalde os pido vuestro apoyo a un proyecto, que a mi entender puede ser el medio de comunicación que por su proximidad a la realidad eumesa, conectado con sus gentes y sus problemas, facilite un mayor conocimiento y haga más viable la resolución de los mismos; puede ser, en suma, ese vehículo que ayude a realizar un cambio profundo en nuestras estructuras, transformación necesaria de cara al futuro.

Apelo a vuestra raíz eumesa, para que no dejemos escapar esta oportunidad, tradicionalmente pretendemos lo ilusionante, lo hermoso aunque sea lo más difícil. Deseamos a “Alfoz” isuerte y larga vida! Apoyemos lo nuestro, todos con “Alfoz” que surge enarbolando como única bandera la información, el progreso, el bienestar y la convivencia pacífica de toda la sociedad eumesa.

Belarmino Freire Bujía

elas. Deixar testemuño por escrito deses trazos culturais supón a seguridade de manter a cultura. Parecido a este punto anterior, buscarán crear un arquivo histórico de “a pobóa e o seu novo alfoz” que se manteña ao longo das xeracións. Non está tan enfocado ás tradicións daquel presente, senón que os seus contidos tamén se centran en levar os lectores ao Pontedeume do pasado.

A través dos distintos editoriais e artigos vemos reflectido outro dos obxectivos que se propoñen os seus fundadores: ser un órgano de comunicación e debate entre a cidadanía da bisbarra. Polo menos, ese é o propósito perseguido a través do enfoque das publicacións. Nelas enxálzanse temas controvertidos e polémicos, buscando a complicidade do lector. Coas seguintes palabras o presidente José Luís Cortizas expoñía no primeiro número de *Alfoz* o que a publicación quería ser:

“A achega de ideas, de iniciativas e proxectos, poderán ser canalizadas a través desta publicación. Será a esencia da nosa capacidade creadora. Será a transmisión de novos valores, deses valores que nos axudarán a canalizar o noso camiño na vida; na vida común, na vida desta nova bisbarra.

Tomar en consideración as pequenas cousas, potencialas e coordina-las entre si, representará alcanzar o engrandecemento dun “todo”.

E ese todo é a bisbarra no seu conxunto ascendida cara a unha innovación eficaz, con base nun desenvolvemento económico, cultural, deportivo e social; municipio por municipio, parroquia por parroquia e pobo por pobo”.

Nacen co reto de innovar, de crear un contexto de progreso cuxos puntos centrais son a socioeconomía, a cultura e o deporte. Puntos temáticos que non se

atopan ao azar, posto que para eles son eixes “comúns a todas as ideoloxías” e polo tanto lles permite crear unha identidade comarcal libre de partidismos. Precisamente no editorial do primeiro número deixan claro que queren crear unha identidade máis alá de política e centrada na cultura.

Cos obxectivos establecidos, *Alfoz* tamén se propón ser ese vínculo que una a aqueles emigrados da bisbarra, sendo a voz que comunique o que sucede na súa terra.

“Sirva tamén este medio de comunicación para enlazar as nosas inquietudes con aqueles que, sentíndose unidos á nosa bisbarra, están ausentes fisicamente pola súa actividade profesional, pero que permanecen coa morriña e o afecto para esta terra”.

Achega a cultura eumesa non só aos seus veciños, senón aqueles aos que nalgún momento o foron. Permite así que temas de transcendencia cheguen máis alá das súas fronteiras locais e beneficiar á divulgación da súa cultura. É nese primeiro número onde o alcalde dará a benvida a *Alfoz*, dedicando o seu discurso á veciñanza de Pontedeume.

As metas estaban constituídas e as liñas a seguir definíranse. O presidente lanzaba unha última mensaxe nese primeiro editorial:

*“Nacemos coa esperanza dunha longa e frutífera vida. Coa axuda de todos poderemos lograr estes obxectivos.
¡ ¡ ¡ Adiante!!”*

EDITORIAL

Como presidente da ASOCIACIÓN EMPRESARIAL EUMESA tengo la satisfacción de suscribir las primeras líneas de la publicación de este nuevo “ALFOZ”, que ha sido promovido por acuerdo de nuestra Asamblea General celebrada el 20 de Abril. La realización de este proyecto lleva aparejado el cumplimiento de estos fundamentales objetivos:

- Disponer de una publicación de ámbito comarcal que configure una nueva cultura de comarca.
- Promocionar y potenciar las actividades socioeconómicas, culturales y deportivas.
- Ajustar, a través del contenido de esta publicación, un archivo histórico de la “puebla y su nuevo alfoz”.
- Utilizar esta publicación como órgano de comunicación y debate entre los ciudadanos de la comarca: nativos y adoptivos, de hecho o derecho, residentes y ausentes.

Con la colaboración de todas las asociaciones de la comarca, los municipios, el consejo de redacción, los colaboradores y corresponsales, contamos poder cumplir los objetivos propuestos, y mantener así esta publicación mensual. Esta será la cabecera, “ALFOZ”, que marca la realidad de una nueva identidad de comarca, configurada por su naturaleza geográfica-histórica (y no política). Nuestra pretensión es integrar en este nuevo ALFOZ una innovadora comarca en marcha hacia esa sociedad de progreso, pluralista y democrática; pero con unos objetivos concurrentes, en los conceptos socioeconómicos, culturales y deportivos, comunes a todas las ideologías.

Y así nace “ALFOZ” para vivir y crecer.

cer. Para comunicarnos y progresar. Conformando así una nueva comarca hacia objetivos innovadores. Transmitiendo inquietudes en este parlamento de la comunicación que hoy iniciamos. Y así nacerá esa nueva identidad de comarca que promovemos.

La aportación de ideas, de iniciativas y proyectos, podrán ser canalizadas a través de esta publicación. Será la esencia de nuestra capacidad creadora. Será la transmisión de nuevos valores, de esos valores que nos ayudarán a encauzar nuestro camino en la vida; en la vida común, en la vida de esta nueva comarca.

Tomar en consideración las pequeñas cosas, potenciarlas y coordinarlas entre sí, representará alcanzar el engrandecimiento de un “todo”. Y ese “todo” es la comarca en su conjunto promocionada hacia una innovación eficaz, con base a un desarrollo económico, cultural, deportivo y social; municipio por municipio, parroquia por parroquia y pueblo por pueblo. Pretendemos promocionar un sistema de economía difusa que alcance a todo el territorio comarcal, sin protagonismos localistas.

Sirva también este medio de comunicación para enlazar nuestras inquietudes con aquellos que, sintiéndose unidos a nuestra comarca, están ausentes físicamente por su actividad profesional, pero que permanecen con la añoranza y el afecto para “esta su tierra”.

Nacemos con la esperanza de una larga y fructífera vida. Con la ayuda de todos podremos lograr estos objetivos.

¡Adelante!!

Jose Luis Cortizas
PRESIDENTE

5. O EQUIPO DE *ALFOZ*: OS SEUS PROPIOS VECIÑOS

O equipo que formaba a revista era a voz da inexperiencia no xornalismo pero, á súa vez, era a voz da experiencia en Pontedeume e os intereses da veciñanza. Dende un principio a revista sería levada polos membros da propia asociación, cuxa xunta directiva estivo presidida durante eses cinco anos por José Luís Cortizas Freijomil. Un home que compaxinaba as súas funcións na revista xunto ao negocio que tiña en Pontedeume, Talleres Breamo. Foi el quen depositou un maior esforzo en *Alfoz* e a quen a revista lle debe parte do traballo. Ao seu carón, a directiva da asociación estivo integrada por Manuel Molares Porto, que exerceu de vicepresidente durante eses anos e do que se poden ler numerosos artigos entre as páxinas da publicación. Outras das persoas que dirixían o colectivo empresarial eran o secretario, José Manuel Abeledo Freire; a contadora, María Eugenia Noche Nodar; o tesoureiro, Juan Tenreiro Fernández e os vogais, Andrés Míguez Filgueiras e José Manuel Galán González.

Paralelamente á directiva da asociación, o presidente constituíu un equipo que se dedicaba ás principais seccións. José Luís Cortizas era o encargado dos editoriais, mentres que Agustín Luís Vilariño Gómez e Gumersindo Vilariño Gómez prestaban plena atención ao “Teletexto”, unha sección encadrada na penúltima páxina da publicación. Gumersindo Vilariño tamén era encargado da parte económica e estatística; e Agustín Luís Vilariño encargábase ademais do movemento de poboación, colaborando en ocasións de realización de entrevistas e reportaxes. A este, sumábaselle a axuda de Francisco Allegue Fernández, unha das figuras que, sendo alleo á Asociación Empresarial, máis tempo investiu en *Alfoz*. Amigo dende a infancia de José Luís Cortizas Freijomil, é un dos nomes que máis se repiten nas páxinas da revista, encargado de facer numerosos artigos. Trátase dunha das persoas que a día de hoxe aínda gardan na lembranza eses anos de *Alfoz*. Uns anos cuxa tarefa principal para el, di, era encargarse dos trámites e detalles para que todo estivese listo para publicarse. Atendía, xunto a Lois Blanco, á maquetación da revista. Ademais, xunto co propio director procedía á revisión de textos.

Como podemos observar, as persoas que se encargaban de *Alfoz* reducíanse a catro, aínda que en ocasións existise a colaboración de máis persoas. Ningún tiña formación de xornalista nin experiencia abonda no sector da comunicación. Non obstante, as persoas que integraban o equipo si coñecían moi ben as necesidades da súa vila e a bisbarra. Era este un de puntos fortes da súa peculiar xeito de facer xornalismo. O ambiente no que nacía *Alfoz* era de proximidade, nun pobo como Pontedeume todo o mundo se coñece e isto creaba dalgún xeito un contexto moi especial. Cando alguén escribía algo, era doado de comentar cos propios redactores ou cos propios afectados, polo que a comunicación era sen dúbida protagonista.

Destes veciños que se unen e deciden crear algo distinto para o seu propio pobo, destaca a improvisación á hora de traballar. Francisco Allegue conta que se ben os condidos seguían unha liña, o que integraba a revista ía xurdindo. Ás veces os propios veciños

dicíanlles pola rúa que tiñan que falar dun tema que lles estaba a interesar. *Alfoz* era, en definitiva, un medio feito por amigos e para amigos. Amigos de Pontedeume e do seu alfoz, dos seus intereses e as súas polémicas.

Ademais, non era un medio apegado a unha ideoloxía. Sindo Vilariño foi redactor durante os anos que durou *Alfoz* e dela destaca que o equipo era do máis variado. Sempre había un punto de equilibrio entre un enfoque e outro, posto que se reunía xente de “aquí e de alá”, en definitiva, ideoloxías dispersas unidas para o mesmo fin. Ademais, cómpre lembrar que a revista deixa claro dende o primeiro número que queren estar lonxe de toda ideoloxía, creando unha identidade cultural afastada da política.

Toda esta dispersión e improvisación vese reflectida na revista. As seccións e apartados gardan e experimentan cambios ao longo da vida de *Alfoz*, variacións lóxicas se se ten en conta a forma de traballo do seu equipo. Este era un proxecto, segundo conta Sindo Vilariño, que canaliza dalgunha forma as aspiracións da Asociación Empresarial Eumesa. Tratábase dunha ferramenta distinta que seguía, á súa vez, algún dos obxectivos que eles mesmos se estableceran para Pontedeume. Polo tanto, é un elemento máis de axuda para que o pobo avance e para que os negocios en xeral progresen.

6. O MÉTODO DE SUPERVIVENCIA

Como en toda publicación, é necesaria unha vía de financiamento que permita a edición e impresión desta. En definitiva, un soporte económico que dea vida e faga posible mantela.

Alfoz foi constituída para ser unha revista gratuíta, polo que os ingresos serían obtidos a través da publicidade. A cooperación e publicidade proviña principalmente de negocios locais. Á fin e ao cabo, o medio podería beneficiar o comercio local, ao dar maior visibilidade sobre as noticias do pobo.

O carácter de *Alfoz* non podería encadrarse totalmente dentro do xornalismo pero pódese falar dun medio comunicativo, unha arma de diálogo entre os veciños e que agrupa voces interesantes para o lector. Non só voces, senón tamén temas de interese, creando mesmo certa mobilización e debate. E dentro deste conxunto de debate e interese comarcal, tamén vemos certas reportaxes afectadas pola publicidade. O que podería coñecerse a día de hoxe como publirreportaxe. A maioría das empresas publicitadas na revista son negocios locais. A través das páxinas de *Alfoz* coñecemos os que principalmente apoiaron a publicación. Atopámonos alusións a eses apoios ao longo da revista, especialmente no número que dá inicio aos 33 restantes. Nel tres páxinas describen brevemente a historia dos negocios que investiran na publicación.



50 AÑOS COLABORANDO

Muchas publicaciones de tipo social han de buscar un soporte económico que permita su financiación. Esta publicación, "ALFOZ", también requiere los medios financieros tan necesarios para su edición. Estos medios han de ser solicitados a los empresarios y organismos oficiales de la comarca. Todas las aportaciones deben quedar reflejadas en las publicaciones de

manera publicitaria o como simple referencia de agradecimiento.

Para el primer número de "ALFOZ" hemos requerido la colaboración, entre otros, de aquellos empresarios que, hace 50 años, han contribuido para la confección del primer programa de FIESTAS 1939, impreso en los talleres LOPEZ TORRE.

Los más de 50 años de supervivencia, transformación y evolución de estas empresas, merecen reiterar la "publicidad de 1939" con su "publicidad de 1989"; y, como muestra de interés y agradecimiento para las mismas, daremos a conocer su histórica evolución desde su fundación hasta nuestros días.

JOSÉ AMENEIRO PRIETO

FERRETERÍA, LOZA Y CRISTAL
VIDRIO PLANO, PINTURAS Y BARNICES
MATERIAL ELÉCTRICO, BICICLETAS
Y HERRAMIENTAS DE TODAS CLASES

INMACULADA, 8

PUNTEDEUME

FERRETERIA AMENEIRO

*Material eléctrico Cerraduras
Se copian llaves Gran surtido*

LOZA Y CRISTAL, ARTICULOS DE REGALO,

Inmaculada, 8 - Teléfono 431919

FERRETERIA AMENEIRO

La actual FERRETERIA AMENEIRO tuvo sus comienzos en el año 1904, habiendo sido su fundadora Juana Prieto, abuela del actual propietario. En el año 1945 se efectúa una importante transformación del comercio, por el hijo de la fundadora José Ameneiro Prieto. Tenemos que recordar a José Ameneiro Prieto,

fallecido recientemente, como un hombre emprendedor que, además de haber ampliado sus actividades comerciales, se ha dedicado siempre a todo tipo de colaboraciones sociales y económicas; habiendo sido miembro destacado en la comisión que promocionó las Ferias del 14 y 25 entre los años 1945-46.

Actualmente, FERRETERIA AMENEIRO, está llevando a cabo una nueva reestructuración de su comercio, como así lo requiere el impulso de la tercera generación. Su actual propietario es Manuel Ameneiro Regueiro.

FÁBRICA DE VELAS Y BUJÍAS

— DE —

MATÍAS CARDESÍN
PUNTEDEUME

Cerería de MATÍAS CARDESÍN

Fábrica de Velas de Cera Litúrgicas

Suc. Palmira Pérez Folla
C/ Esteiro, 38 y Real, 18

Teléf. (981) 43 09 45 - Apdo. 26
C.P. 15.6000 - PONTEDEUME
(La Coruña)

CERERIA DE "MATÍAS CARDESÍN"

Ya funcionaba a principios del siglo XIX a nombre de Matías Cardesín Campos. Fue pasando de padres a hijos: José M^a Cardesín Camba, Matías Cardesín Fernández y José M^a Cardesín Paz. Actualmente la regenta, como sucesora, Palmira Pérez Folla.

Se fabrican distintos tipos de velas: Ve-

litas de Lamparario, Cumpleaños, Primera Comunión, Bautizos, Antihumo, Antimosquitos... El colorido y las formas son variados.

Fue, y sigue siendo, una fábrica artesanal y familiar.

La elaboración de las velas se hace con parafinas y cera pura, de abejas, sólidas.

La mecha puede ser cuadrilonga y trenzada.

La cera y parafina se derriten en calderas de cobre con fuego de leña y se bañan en un noque de latón por baños de inmersión. Así, a capas, se hacen las velas de distintos tipos y variedades.

Los sábados Feirón en Pontedeume

Asociación Empresarial Eumesa - Hostelería

CAFETERIA TINO'S - CAFETERIA ODEON - CAFETERIA LINO - CASA RAFAEL
BODEGAS CASTELLANAS - BAR CHACHO - BAR LA ISLA - BAR A COCINA
BAR PINEIRO - BAR NUEVO MARTÍÑO - BAR NOCHE - BAR BREAMO
CAFETERIA BOGAVANTE - DISCOTECA COLISEO - DISCOTECA TRIPODE
PUB LANZAS - PUB ELFOS - PUB PUJITOS - PUB VIAPUBLICA
RESTAURANTE BRASILIA - RESTAURANTE YOLI
HOTEL MARMOLINO - RESIDENCIA LUIS VIVES



50 AÑOS COLABORANDO

**MIGUEL
LÓPEZ
TORRE**

LIBRERIA
PAPELERIA
IMPRENTA
OBJETOS
DE ESCRITORIO

CATEDRA, 2.-PUENTEDEUME

ESTE PROGRAMA HA SIDO CONFECCIONADO EN LOS TALLERES DE ESTA CASA



TALLERES GRAFICOS

**LOPEZ
TORRE**

LIBRERIA
MATERIAL DE OFICINA
OBJETOS DE REGALO

Real, 4 - Santiago, 3, 5 y 12
Teléfono 43 00 57 - Fax 432590

PONTEDEUME

IMPRENTA LOPEZ TORRE

Fue fundada en 1928 por Miguel López Torre y, desde entonces, ha ido paulatinamente adaptándose a las más modernas técnicas de impresión, adquiriendo para ello la maquinaria y material accesorio preciso, así como pasando por diversos locales ante la exigencia de mayor espacio para la ampliación del laboratorio y de los talleres.

Fue su hijo, Miguel López Piñeiro, el que llevó a cabo fundamentalmente esta tarea de consolidación y ampliación. La imprenta, tras su fallecimiento, está hoy regida por Carlos López Lamas, que representa, en la tercera generación de impresores, la juventud, a pesar de la veteranía, y el ánimo emprendedor que siempre caracterizó a esta empresa.

La imprenta realiza todo tipo de trabajos de impresión que va desde las tarjetas de visita hasta los libros más sofisticados, pasando por carteles, revistas, y todo tipo de documentación, que se imprime con técnicas de tipografía, serigrafía y offset color.



50 AÑOS COLABORANDO

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA EN 1776

Capital suscrito Ptas. 17.000.000'00
 id. desembolsado .. 11.000.000'00
 Fondos de reserva 8.000.000'00

CASA CENTRAL: LA CORUÑA

— SUCURSALES —

Barco de Valdeorras, Caldas de Reyes, Cangas (Pontevedra), Carballino, Carballo, Cedeira, Celanova, Chantada, El Ferrol del Caudillo, Fonsagrada, La Estrada, La Guardia, Lugo, Marín, Melid, Mondoñedo, Monforte, Mugá, Noya, Ordenes, Orense, Padrón, Pontevedra, Puebla del Caramiñal, Puenteareas, Puente deume, Rivadabía, Ribadeo, Rúa-Petín, Santa Marta de Ortigueira, Sarria, Tuy, Verín, Vigo, Villalba, Vimianzo, Vivero.

CUENTAS CORRIENTES CON O SIN LIBRETA

		l	% anual
A la vista		1	"
A tres meses		2	"
A seis		2½	"
A doce .. o más		3	"
CAJA DE AHORROS		2	"

DEPÓSITO DE VALORES Y COBRO DE CUPONES

TODAS LAS OPERACIONES DE BANCA Y BOLSA

- - Sucursal de Puente deume: REAL, 14 - -

Hijo: ... y podrías mandarme lo del Colegio por un lado, y, luego, cada semana...

Madre: ¡Pero, hijo, que no somos un banco!

Padre: No, si además pretende que nos pasemos la vida en Correos...



CUENTA JOVEN

Nosotros sí somos un banco. Y funcionamos como un banco. Y hemos creado la Cuenta Joven precisamente para que echéis mano de nosotros cuando lo que necesitáis es eso, un banco.

Si tenéis entre 16 y 26 años, empezad a contar... Cuenta con una cuenta muy electrónica y nada corriente, y que está muy al corriente de las inquietudes y problemas. Cuenta con su sistema de transferencia periódica de fondos. Cuenta con la tarjeta 48, para sacar dinero

cualquier día y donde sea. Cuenta con créditos para estudiar, para trabajar, para hacer lo que os gusta... Cuenta con un banco que te va a escuchar y a respetar, tengas lo que tengas.

Cuenta Joven del Banco Pastor. Joven, sí, aquí, cuentas. La Cuenta Joven no te cobra comisiones, reduce sustancialmente los intereses de los créditos, te cubre con un seguro de accidentes* sin coste para ti... ¡Infórmate personalmente llamando al (981) 22 20 40.

Cuenta Joven del Banco Pastor

No somos tus padres, pero sabremos ser tu banco



Banco Pastor

BANCO PASTOR

En octubre de 1927 se establece la entidad coruñesa Banco Pastor en esta Villa. Su presidente es la figura próspera de La Coruña, Don Ricardo Rodríguez Pastor, y sus representantes en esta plaza, dos jóvenes titulados de Comercio: D. Antonio Babío Teijeiro, de Betanzos y D. Jerónimo Barro Lage, ponte deume de nacimiento, hijo del afamado comerciante D. Nicolás Barro Barra, titular de la firma Nicolás

Barro, Sucesor, Corresponsal de Banca, que ampara la entrada de la Casa de Banca de la capital de provincia.

Ponte deume fue una de tantas Sucursales en Galicia que ayudó a la colocación de la Empresa bancaria en los puestos cimeros de las bancas regionales en España. Ofreciendo confianza a los clientes y servicio eficaz en las finanzas. Que lograría su punto culminante bajo la égida del involu-

dable D. Pedro Barrié de la Maza, gallego de pro, Conde de Fenosa y participe en primera línea en todo lo que representase el desarrollo y engrandecimiento de la Galicia de sus amores. Hoy en día la actual presidenta, D.ª Carmela Arias y Díaz de Rábago, Condesa de Fenosa, al frente de un equipo de profesionales de valía, consolida vastos planes financieros con fidelidad absoluta a sus antecesores.

ALFOZ

RINCON LITERARIO

LEER

Podemos afirmar sin temor a equivocarnos que el amor a la lectura es, hoy en día, la asignatura pendiente de muchos niños y jóvenes. Si ya resulta difícil despertar su interés por la literatura, esta dificultad se convierte en insalvable cuando se trata de enseñarles a transmitir por escrito sus propios sentimientos y fantasías, utilizando las posibilidades estéticas de la lengua.

Sin embargo, hemos de tener presente que con el hábito de la lectura no se pretende, ni mucho menos, crear futuros escritores ni especialistas en crítica literaria; simplemente se trata de conseguir - y no es tarea fácil - que los adolescentes sientan los libros como una realidad cercana y viva, que les permita desarrollar sus capacidades de imaginación y expresión.

Para que la lectura no se convierta en un ejercicio monótono y rutinario, conviene ofrecer al niño, e incluso al adulto, un panorama de lecturas lo más amplio y variado posible. Se pueden tomar como punto de partida a autores de literatura juvenil que cultivan géneros (novela negra, terror, ciencia-ficción, aventuras...) adecuados a diversas edades.

Dentro de una estrategia pensada para invitar persuasivamente a la lectura, hemos de extremar las precauciones para que leer no se convierta en una imposición; la lectura por obligación no crea lectores e incluso puede producir el efecto contrario: generar aversión y odio hacia los libros.

EQUITO DE LA TUNDRA, una lectura rápida

Equito de la Tundra es la historia de un caballito de nueve centímetros, un abuelo enamorado de la naturaleza y un nieto que siente pasión por todo lo científico.

En el mundo de Dimitri, el niño, se



pretende diseccionar la realidad y reducirla a una mera catalogación de causas y efectos. Dimitri cae en el error de buscar el porqué de la vida, perdiendo así la posibilidad de gozar de sus milagros. No entiende al abuelo cuando dice:

"No hay nada que saber, muchacho. Está vivo, eso es lo que importa".

Cuando el niño se da cuenta de que su traición a Equito y al abuelo resulta del todo irreversible, intentará desagrar al vicio y ennoblecer su figura. Ahí es cuando comienza a comprender y a amar. Dimitri entiende, al fin, que las preguntas no existen, sólo el disfrute de lo que la vida

y la fortuna le ofrecen. La vida no permite desperdiciar ningún momento porque, al igual que la música de la balalaika, pasa como una fuga de instantes. Al disfrutar de ella se alcanza, como a través de la música, la armonía y la paz interior que Equito y el abuelo conocen desde siempre.

En la secuencia del revelado de las fotografías, el niño se encuentra inesperadamente con un pedazo de fantasía; lo maravilloso se le acerca a través de Equito. El caballo no sólo constituye un capricho de la naturaleza sino que además tiene poderes sobrenaturales: la naturaleza le ha concedido el don de desdoblarse no sólo una, sino infinitas veces su propia imagen.

No comprende el alcance de lo ocurrido y sin darse cuenta descubre una de las claves del relato: la realidad es maleable; nosotros mismos podemos agrandarla mediante lo imprevisto, la imaginación. Esta es la realidad del abuelo Faibl, la que conjuga y armoniza lo cotidiano y lo fantástico.

El doble que se desprende de Equito cuando duerme o sueña actúa como "ayudante" del abuelo: la imagen del caballo, su silueta luminosa que desafía a lo racional se le aparece a Dimitri en varias ocasiones. El abuelo intenta que el niño comprenda lo natural mediante palabras, sus consejos se esparcen por todo el relato. Equito utiliza el arma de la fantasía; a través de sus apariciones Dimitri comprende al fin al abuelo: la ciencia no explica nada que tenga importancia porque el amor y la vida no están sujetos a fórmulas. La Fantasía puede ser la realidad.

En el éxtasis que precede al desenlace, cuando el vicio y el caballo culminan su historia de ternura y entendimiento mutuo, encontramos la explicación a todo:

"Cuando uno devuelve vida a la vida, ésta multiplica el poder de nuestras pupilas con un extraordinario aumento de la percepción: por haber salvado a uno, muchos venían a darle las gracias (...)"

Dimitri jamás tendrá la segunda oportunidad de gozar y soñar con un Equito de la Tundra y con un abuelo excéntrico y ecologista, pero ha comprendido al fin la verdadera filosofía: el amor a la naturaleza de su abuelo Faibl, sin límites, sin cortapisas, sin preguntas. Ahora el secreto vuelve a ser suyo.



MAPFRE

GRUPO ASEGURADOR
(LIDER EN EL SECTOR)

San Miguel, 11 Telf.: 43 29 04 PONTEDEUME

Leia Castro

Os editoriais son outros dos apartados que, dende a saída da revista, se manteñen inamovíbeis ao longo do tempo. Están situados na segunda páxina desta e, presentes en cada número, deixan coñecer a opinión do equipo de *Alfoz* sobre numerosos temas. Un aos que máis editoriais se dedicou foi o tema da autoestrada que pasaría por Pontedeume, así como tamén ao Polígono de Vidreiro. Temas primordiais e controvertidos aos que *Alfoz* dedica moito espazo. Outros, serven como vía de comunicación do equipo cos seus lectores, animándoos ou anunciando algo. Unha vía de reflexión a través da que, á súa vez, afondar un pouco no carácter do equipo redactor que había trala revista.

A páxina 11 da publicación, anterior á contraportada, é dedicada dende o principio a diversas noticias que afectan a Pontedeume e o seu alfoz. Un apartado que se denomina “Últimas noticias” pero cuxo nome mudará, pasando a denominarse “Teletipo” a partir do número 12, en xullo e agosto do segundo ano de publicación. Neste espazo cabían dende eventos que se celebrarían en Pontedeume até noticias relacionadas especialmente coa cultura e o deporte.

“O Club Náutico Firrete proclamouse subcampión no Campionato Galego de Piragüismo, celebrado no encoro da Ribeira nas Pontes. A actuación máis destacada dos eumeses correspondeu a Jacobo González, que resultou vencedor dunha serie en C-I júnior”. (Alfoz, nº 16)

“A Agrupación Cultural Orballo desprazouse ao pobo madrileño de Morata de Tajuña onde permaneceu durante uns días actuando nas festas da localidade. Así mesmo actuou no Parque de Atraccións de Madrid xunto a grupos pertencentes a outros países”. (Alfoz, nº 20)

O seu carácter era breve. Cobraba tamén relevancia os distintos sucesos tanto a nivel nacional como autonómico, cuxas as temáticas máis predominantes tiñan que ver coa economía ou distintas leis que afectaban directamente a poboación comarcal.

“Telefónica reforzará a rede na vila de Pontedeume, para mellorar as comunicacións de toda a bisbarra”. (Alfoz, nº 27)

“O Concello de Pontedeume e o SEPES asinaron en Madrid o convenio de actuación urbanística para o Polígono de Vidreiro”. (Alfoz, nº 11)

“O Diario Oficial de Galicia do día 30 de abril publica unha resolución da Xunta pola que se informa favorablemente o estudo de impacto ambiental presentado por Eurogalicia Forestal para a instalación dunha Celulosa nas Pontes. Este estudo recolle que os residuos contaminantes se verterán na entulleira de ENDESA e, unha vez “tratados”, se botarán ao río Eume”. (Alfoz, nº 10)

Era, non obstante, un espazo moi diverso. Dende temas máis relevantes ata outros que, tamén de relevancia, afectaban a un nivel máis local.

“A Escola Municipal de Pais e Nais, promovida polos servizos comunitarios do Concello eumés, inaugurárase cun curso sobre drogodependencias”.

(Alfoz, nº 15)

“Comezaron as obras de construción das novas dependencias da Escola-Taller “Andrade” e futuro Centro de Formación Ocupacional, na Avda. Ricardo Sánchez” (Alfoz, nº 27)

“Ante o recente derrubamento por un vehículo dun dos nosos símbolos, non sabemos se o oso ou o xabaril, que se achan situados na entrada da ponte, conviría formularse a necesidade de retiralos da súa actual situación debido ao seu valor histórico e á importante deterioración a que están sometidos”. (Alfoz, nº 32)

“Ao redor de 400 nenos participan na campaña de iniciación á lectura organizada pola Biblioteca de Pontedeume”. (Alfoz, nº 16)

“Tito Ríos, a voz do Eume, gravou un LP cun repertorio amplo de cancións inesquecíveis. Os nosos parabéns por este éxito” (Alfoz, nº13)

Un espazo no que tamén hai lugar para a rectificación e no que se deixa ver a proximidade que *Alfoz* e o seu equipo tiñan cos veciños da vila. Un ambiente no que, como recorda Francisco Allegue, era doado replicar a alguén pola rúa se algunha información non gustara demasiado ou se se vía necesario realizar algunha emenda.

“Dado o conciso das noticias que se comunican no TELETIPO, os redactores só aludiron ao “gran vencedor” do “Día da Muiñeira!, parecendo omitir un vencedor de casa: “Airiños do Eume” que conquistou brillantemente o primeiro premio na categoría de maiores de 14 anos. Aclaración que facemos gustosamente por solicitude da Xunta Directiva dos “prexudicados”.

Moi próximo a este espazo aparece outro dedicado ao movemento poboacional. Un apartado peculiar no que se van recompilando os nacementos de cada ano, así como tamén os matrimonios. Varía, como outros espazos, na situación dentro da revista, pero adoita situarse entre o “Teletipo” e a páxina anterior a este. O apartado aparece no noveno número,

cando se dá inicio ao ano 1991 e se fai unha recompilación do movemento poboacional do ano que finalizaba. Un tipo de contido que xa se viña recollendo noutros xornais da época e que permitía, dalgún xeito, espertar o interese nos veciños. A través deste pequeno apartado podían ver recollido no xornal do seu pobo acontecementos de tanta importancia para eles como o nacemento dos seus fillos e familia, así como tamén os matrimonios. Mesmo a día de hoxe, a algúns lles gustará ver o seu propio nome entre as páxinas deste *Alfoz*.

	
MOVIMIENTO DE POBLACION - Febrero 1.992	
MATRIMONIOS	
Febrero 1.992	
José Miguel García Pérez y Marta Belén Lorenzana Núñez Alberto Regueiro Miño y Carlota Feal Torrente	
Marzo 1.992	
José María Fonte Sardiña y Ana Díaz Martínez Ramiro Vázquez Filgueiras y María José Rodríguez Santiso	
NACIMIENTOS	
Febrero 1.992	Marzo 1.992
María Fraga Dopico Andrea Amaranta Villar Arjona David Orgueira Gonzalez Paula Cuiña Lopez Ana Fonte Pouso Jamaica Carpenté Fachal Juan Alejandro Rico Riveiros Marcos Pérez Suárez Estefanía Sánchez López	Paula Sánchez Rodríguez Blanca Santillana Garabana Iago Vázquez Castro Carlos García Lorenzana Noelia López Grandal Sara Carpenté García
DEFUNCIONES	
Febrero 1.992	Marzo 1.992
Solía Piñeiro Fraga Manuel José López Vázquez Jesús Allegue Vázquez María Antonia Tenreiro López Delfina Caamaño Jallas José Ramón Novo Corral Mercedes Piñeiro Iglesias José Antonio Vázquez García	María Mercedes Rico López María Bañobre Herva

No movemento poboacional incluíanse matrimonios, defuncións e nacementos

Os espazos anteriormente comentados eran os de máis estabilidade dentro da revista. Ademais, existían outros que variaban en nome pero que seguían unha liña temática. Dentro destes atopamos aqueles dedicados á economía, ás festas e tradicións da vila e ás distintas asociacións e agrupacións de carácter tanto deportivo como cultural.

Por un lado, a economía era tratada de diversas formas en *Alfoz*. Foron realizadas diversas reportaxes, con títulos como “Pontedeume e a nova Facenda Local”, que se estendería ao longo de diversos números e realizado por un dos membros do equipo redactor, Agustín L. Vilariño. Mediante este intentábase explicar aos veciños unha nova lei reguladora das facendas locais e que, polo tanto, era de grande impacto para eles. Do mesmo carácter outro como “O novo Imposto de Actividades Económicas”, no número 14. En definitiva, un esforzo por manter informados sobre cuestións e leis relevantes. De forma similar, tamén se realizaba a miúdo unha recompilación de datos sobre Pontedeume ou outros municipios como Ares e Cabanas.

No relativo ás festas, xa no primeiro número a revista dedica un espazo ao Feirón eumés e distintas feiras emblemáticas de Pontedeume. Ao longo dos números repítense as reportaxes sobre outras festas como os Carnavais, as tradicionais Festas das Peras ou a imaxe que vemos á dereita sobre a festa dos maios. O mesmo pasaba coas asociacións, ás que tamén foi dedicado un espazo no primeiro número, baixo o título de “Sociedades Eumesas”. Ao que lle seguiron outros como “Paseniño, paseniño vai... Orballo”.

Finalmente, aínda que *Alfoz* se propuxera deixar a un lado o político, consideraban que a xente necesitaba saber sobre estas cuestións, ao ser afectados por elas. A revista recolle ao longo dos distintos números diversas entrevistas, especialmente aos alcaldes e alcaldesas dos municipios próximos. Respecto a isto, unha das entrevistas comeza coas seguintes palabras:

No Editorial número 1 de ALFOZ, 1 de xaneiro de 1990, o Presidente da Asociación Empresarial Eumesa, José Luis Cortizas Freijomil, apuntaba:

“(...) utilizar esta publicación como órgano de comunicación e debate entre os cidadáns da bisbarra; nativos e adoptivos, de feito ou dereito, residentes e ausentes”. E aclaraba que “(...) esta será a súa cabeceira, ALFOZ, que marcará a realidade dunha nova identidade de bisbarra, configurada pola súa natureza xeográfico-histórica (e non política). (...) Hoxe abre o camiño na andaina de exposición de plans e proxectos, de sonhos e ilusións dos Municipios da bisbarra, a Alcaldesa de Cabanas”.

8. OS TEMAS QUE MÁIS IMPORTABAN AO ALFOZ

Nos anos que *Alfoz* serve de elemento comunicativo de Pontedeume e a bisbarra, xorden temas que cobran máis protagonismo ao longo das páxinas. Temas que, pola súa



A FESTA DOS MAIOS EN PONTEDEUME

Fai algúns meses puxéronse á venda, nas librerías, uns libros moi interesantes para todos aqueles amantes das tradicións populares galegas. Os libros en cuestión titúlanse "A festa dos maios en Galicia", i "A festa dos maios". O primeiro deles patrocinado pola Diputación de Pontevedra e o segundo, que ven a ser un extracto do primeiro, dunha editorial galega.

Ambolos dous son unha aproximación histórico-antropolóxica ó Cíelo do Maio, obra do mestre de EXB, Clodio González Pérez, que obtivo da devandita Diputación o Premio de Investigación do ano 1987. Este autor é colaborador das páxinas de Cultura da Voz de Galicia dende fai moito tempo.

A edición está bastante ben presentada e consta de moitas fotografías, en branco e negro i en cores, ademais de fotocopias de partituras das diferentes interpretacións das distintas áreas de Galicia.

Preguntáranse o porqué destas referencias algúns dos lectores. Os interesados na temática popular non lles estranará o que escribamos dela, conectando o noso entorno co espallamento destes dous libros.

Na edición, premiada pola Diputación de Pontevedra, recóllense unhas amplias referencias dos maios de toda Galicia ¿e cómo non? tamén de Pontedeume. Varias son as páxinas que o autor adica á nosa vila amosando fotografías, partituras, letras i hestoria que hoxe por hoxe pasou a quedar escrito, e do que xa non haberá medo de que se perda.

Se algunha vez nos sentimos ledos de haber axudado a facer un traballo "interesante", esta é unha delas. Facilitamos perto de meia dúzia de fotos, e outras tantas partituras do noso arquivo propio, ó tempo que as letras das cantigas populares dos maios. O mellor pago delo foi a publicación do noso material, considerado polo autor como bastante importante, neste gran traballo sobor dunha tradición galega. Aínda que as louanzas por parte do autor, sobor da nosa persoa, sexan moi esaxeradas, e simplemente cunha cita da orixen do mesmo abundaba.

O custo do libro premiado pasa moi



Foto Miro

Primeiro premio do concurso de maio de 1976. Gañadores: irmáns Piñeiro Oliveira

pouco das mil pesetas, dado que, como xa dixemos, está patrocinado pola Diputación pontevedresa.

Non estaría mal que algunhas entidades da nosa terra fixeran outras cousas somcllantes: subvencionar traballos, que por falla de achegas están durmindo de aburrimiento nas mans ou nos arquivos

dos seus autores. Ás veces sufrárganse propagandas, almanagues, pasquins e outras cousas que non conducen a nada e que acaban no cubo dos papéis, e non se téñen en conta o que se podería arriquecer a cultura do país adicando ou mellor transvasando cartos dun capítulo a outro.

xosé paz fdez.

SAN MIGUEL DE BREAMO

La partida

*Cohorte numerosa de romeros
asciende entusiasmada hacia la cumbre,
van gozosos, alegres y parleros
despidiendo sus ojos clara lumbre.*

*Llegan; entusiasmados se colocan
en torno de riquísimos manjares;
los rostros que los rayos del sol tocan
rojos por el calor, sudan a mares.*

*Trago tras trago, cruzan diligentes
las horas de placer y alegría
sin dejar reposar los fieros dientes;
e interrumpe la plácida armonía
un brindis entusiasta y elocuente
digno de ser grabado en cantería...*

El regreso

*Aquellos que ascendieron diligentes
esperando gozar a maravilla,
retoman abatidos y dolientes,
enderezando el rumbo hacia la villa.*

*Oyese de estruendosas carcajadas
el alegre rumor, Baco triunfante
pasa revista altivo y rozagante,
a todas sus legiones agrupadas.*

*Lo cual no implica para que otro año
concurran entusiastas los romeros
sin temer del alcohol el grave daño,
y vuelvan dando tumbos hacia abajo,
que es costumbre arraigada en dicha fiesta
guardar el equilibrio con trabajo.*

Miguel López Torre

("Ecos del Eume" 14-5-1916)

Restaurante

Yoli

Ferreiros, 8 - 1ª

Telf. 981- 43 01 86 / 43 03 36

PONTEDEUME (La Coruña)

relevancia ou impacto para os veciños e o propio equipo da publicación, están presentes en moitos dos números.

Na Idade Media europea combatían nas guerras as hostes mobilizadas para a ocasión polos reis, polos señores eclesiásticos e laicos, as milicias dos burgos, vilas e outras xurisdicións territoriais, con eles soldados profesionais e aventureiros. Nos séculos XV, XVI e XVII os descubrimentos marítimos, as conquistas territoriais portuguesas, aragoñas, castelás, inglesas, francesas..., e as crueis e longas guerras na Europa daquel tempo, tiñan como participantes en terra e no mar a quen loitaban por patriotismo ou relixión e os das “levas” forzosas de varóns entre a adolescencia e a ancianidade, na compañía de

voluntarios que combatían por unha paga e polo que apañaban nos saqueos, mercenarios que cometeron mil tropelías, como foi o “*sacco*” de Roma en 1527 no tempo de Carlos V ou o do Antwerpen en 1576, cobrando os homes dos “*Tercios*” do rei das Españas co botín roubado nesa cidade flamenca a soldada (salario) que non percibían había tres anos.

Como en tantos outros eidos dunha gobernanza intelixente, as reformas dos sistemas de recrutamento comezaron no século XVIII por obra dos ministros ilustrados dos Borbón españois. Aínda que mantiveron unidades militares con soldados profesionais pagos e “*regimientos de extranjeros*” procedentes de territorios que tradicionalmente xeraban profesionais da milicia (suízos, valóns, alemáns, flamencos, lombardos...), e a práctica de “*levas*” extraordinarias en caso de guerra, foi nos primeiros anos da Guerra de Sucesión (1701-1717) cando os ministros de Felipe V deron en ir regulamentando un sistema de prestación militar no exército de terra por recrutamento forzoso, provendo as diferentes xurisdicións territoriais (concellos, intendencias, coutos...) mozos de dezaioito a trinta anos, proporcionalmente ao número de habitantes (1 por 1.000 habitualmente), sorteados entre cada cinco (de aí as expresións “*quinta*” e “*quintos*”) para que cumpriran tres anos como soldados. As “*Reales Ordenanzas*” de Carlos III de 1768 reuniron, ampliaron e unificaron tantas normas dispersas, regularon unidades militares estables, “*levas honradas*”, “*levas de vagamundos y maleantes*”, uniformes, armamento, bastimentos, salarios, ascensos, castigos...

Diferente era o servizo na Armada, pois as normas da Matricula Naval, bocexada en 1717, desenvolvida en 1737, modificada en 1748, 1751, 1767, 1786, tamén as citadas “*Reales Ordenanzas*” de 1768, obrigaban a quen quixera dedicarse á calquera “*oficio de la mar*” (pesca, tráfico marítimo, construción de barcos, salgazón, corso ...) a servir entre os catorce e os sesenta anos de idade nunha, dúas ou tres campañas de doce meses (alternadas ou consecutivas) como mariñeiro, artilleiro ou grumete nos barcos, como “*Maestranza*” nos arsenais, estaleiros, bases navais, “*apostaderos*”... do Rei, quedando os matriculados eximidos doutros servizos de armas. Este sistema, nomeado “*inscripción marítima*” e como “*inscriptos de marina*” os mozos recrutados, estivo en vigor, con variacións, mentres existiu o servizo militar obrigatorio.


Nas revolucións norteamericana e francesa de finais do século XVIII, entendendo que a defensa das liberdades civís e do territorio correspondía a todo a cidadanía, incorporaron o concepto de pobo en armas ou nación en armas; porén, en España este concepto só rexou no século XIX nos períodos de gobernos progresistas e na breve Iª República de 1873-1874. Continuou vixente no século XIX o sistema borbónico de prestación militar, introducindo exencións que beneficiaban aos poderosos: a “*Ley de quintas*” de 1823 precisaba que “*El servicio militar podrá desempeñarse por medio de substitutos (...) o mediante la redención en metálico*”, isto é, no primeiro caso presentando un mozo que aceptara ocupar a praza de soldado que no sorteo público caera noutro, e no segundo caso aboando ao exército unha cantidade para eximirse do servizo: 4.000 reales cada un pagaron dous aresáns en 1836. Esas excepcións foron reiteradas en 1837, na lei de “*Reemplazo y*

reenganche” de xaneiro do 1850, na de “quintas” de 1856 que ampliaba as desigualdades e moi precisadas na lei militar de 1885, que no seu artigo 151 regulamentaba o número de soldados a mobilizar en cada zona, para cada corpo militar, etcétera, sinalando no artigo 172 que *“Se permite redimir el servicio en los cuerpos armados, mediante el pago de 1.500 pesetas cuando el mozo debiere prestar dicho servicio en la Península y de 2.000 pesetas cuando le corresponda servir en Ultramar. Los mozos redimidos quedarán en depósito durante el mismo tiempo que los demás de su llamamiento”*, e no seu artigo 188 que *“Los individuos que resulten destinados en los ejércitos de Ultramar podrán substituirse con individuos de su misma zona o por licenciados del ejército”*. Tan inxusto sistema, que inexorablemente enviaba á guerra aos pobres, serviu para facer negocios

proveitosos, pois había compañías de seguros ás que as familias aportaban dende o nacemento dun varón unha cantidade fixa para redimir, se era o caso, aos seus fillos do servizo militar. Redimía quen podía, e vender terras, recurrir a usureiros, ... o pago era solución só para quen tiña algo.

Escribe Bello Platas (2018) que *“En el período comprendido entre 1895 y 1898, cuando con motivo de la Guerra de Cuba movilizaron reemplazos ya licenciados y se llamaron a excedentes de cupo, el número de redenciones en metálico se incrementó de forma inedita”*. Debo sinalar que tamén houbo corporacións municipais (Ferrol, 1869) e filántropos como Ramón Plá, despois Marqués de Amboage, que aportaban cantidades para esas exencións.

Ben radicais eran as protestas populares contra semellante discriminación, asumidas por certos sectores do republicanismo federal, polas organizacións proletarias, e que repercutiu, mesmo, na política municipal ferrolá: recolle Piñeiro de San Miguel (1997) dos libros de actas do concello de Ferrol como en 1895 o concelleiro socialista Fernández García manifestou que *“(...) odia la guerra y que a la defensa de la patria contribuyen*



Agrupamientos	Nº
Ortigueira	1
Puentes de García Rodríguez	2
San Xosé	3
Ortigueira	4
Ortigueira	5
Ortigueira	6
Ortigueira	7
Ortigueira	8
Ortigueira	9
Ortigueira	10
Ortigueira	11
San Saturnino	12
Ortigueira	13
Ortigueira	14
Ortigueira	15
Puentes deume	16
Ortigueira	17
Ortigueira	18
Ortigueira	19
Ortigueira	20
Ortigueira	21
Ortigueira	22

Ilustración 01.- número de soldados reclamados a cada concello, 1893

principalmente los hijos del pueblo". Recollemos de Llorca (1997) que os socialistas organizaron mitins, en Ferrol en outubro de 1897, coa consigna de "*O todos o ninguno*".

Aínda sendo posterior ao marco cronolóxico desta entrega, permitome ampliar alén do 1898 a evolución do sistema de recrutamento. Perdidas en 1898 as colonias de Ultramar, a pretensión española de facerse cun imperio norteafricano levaba a máis guerras e a máis protestas populares, sendo a mobilización de reservistas en 1909 para a guerra en Marruecos o detonante específico da "Semana Tráxica" barcelonesa. En febreiro do 1912, con Canalejas de presidente do goberno español, foi aprobada unha nova lei militar (de moi lenta aplicación) tecnicamente máis igualitaria, pois, mantendo o método de alistamento e de sorteo, obrigaba a todos os mozos útiles a se incorporar ao exército. Porén, implantaba a figura do soldado de "*cuota*", quen, abonando unha cantidade e pagando o

CIRCUNSCRIPCIÓN DE LA CAJA DE RECLUTA DEL FERROL, NÚMERO 407				
AYUNTAMIENTOS QUE LA COMPONEN				
	Mozos declarados soldados procedentes de revisión y comprendidos en el caso 1.º del artículo 224 de la ley.	Mozos del actual reemplazo declarados soldados y comprendidos en el art. 41 y caso 3.º del 224 de la ley, que sirven de base de cupo.	Cupo que con arreglo a esta base corresponde a cada Caja.	Cupo total de filas que suman la 1.ª y 3.ª casillas.
Ares.....	>	4	3	3
Cabañas.....	>	1	1	1
Capela.....	1	6	4	5
Castro.....	>	1	1	1
Cedeira.....	1	5	4	5
Cerdido.....	1	2	1	2
Fene.....	1	2	1	2
Ferrol.....	4	115	85	89
Mañón.....	1	4	3	4
Moeche.....	>	10	7	7
Monfero.....	1	18	13	14
Mugardos.....	1	3	2	3
Narón.....	>	29	21	21
Neda.....	>	6	5	5
Ortigueira.....	4	26	19	23
Puentedeume.....	>	4	3	3
Puentes.....	1	8	6	7
San Saturnino.....	3	13	10	13
Sorantos.....	2	27	20	22
Somozas.....	>	9	7	7
Valdoviño.....	1	26	19	20
Villarmayor.....	1	6	4	5
	23	325	239	262

Coruña 9 de Octubre de 1912.—Francisco Tettamancy.—Sesión de 22 de Octubre de 1912.—Aprobado el anterior repartimiento.—Publiquese en el *Boletín oficial* para conocimiento general y á los efectos del art. 228 (párra-

seu equipo militar, quedaba exento do sorteo para África, podía optar á escala de suboficiais e oficiais de complemento, reducíanselle os tres anos de servizo a seis meses de instrucción militar e dez meses de guarnición se aportaba 1.000 pesetas e de só seis meses se pagaba 2.000 pesetas: teñamos en conta que en 1915 un tenente do exército sen antigüidade percibía un salario de 2.000 pesetas/ano aproximadamente. Como escribe Martínez Cuadrado (1977) “(...) como consecuencia, los cuarteles y la milicia tenían mala opinión pública en épocas de paz y particularmente hostil en los de guerra.”. Tal sistema, certamente clasista e que a IIª República limitou, perdurou ata 1936.

Para alixeirar, vai unha dose de picaresca. En pobos de León, Zamora e do leste da provincia de Ourense moitos varóns eran bautizados como Benilde, Euduvigis, Gertrudis, Leonor e outros nomes que podemos entender como neutros, de xeito que no íntre en que os párrocos debían presentar aos concellos a lista de mozos nados nun ano determinado para ser chamados a filas, quen tiñan eses patronímicos e con certa complicidade do alcalde, podían non ser reclamados ao servizo armado. Sirva como exemplo un amigo dun meu tío, este médico, aquel veterinario en Benavente nos anos corenta e que respondía como don Concho, pois fora bautizado como Concepción María ...

3. PRÓFUGOS

“Respetado padre y querida madre: Estoy bien. No les digo onde ando por si ba por casa la guarda civil buscarme para la guerra”. (Carta sen sinatura, 1896)

Eran moitos os mozos que fuxían preventivamente do risco de seren recrutados para as guerras coloniais no Caribe, en Filipinas, en África, rapaces que non tiñan capacidade económica para a súa redención en metálico do servizo militar ou, despois da citada lexislación de recrutamento universal de 1912, para ser privilexiados “soldados de cuota”.

Entende Cagiao Vila (2007) que o exercito podía ser unha vía migratoria consciente en tempos de paz, e así o temos comprobado nalgún caso. Son atinados os argumentos de Guerra López (2008): *“También existían razones que podían motivar a un joven español a emigrar para evitar el servicio militar; entre ellas los tres años de duración del período de incorporación a filas, la posibilidad de perder la vida o quedar inútil en las guerras coloniales llevadas a cabo por España en Cuba y Marruecos, y, por último, la dificultad para eximirse de cumplir con este compromiso. Esta necesidad de eludir obligaciones militares y las restricciones legales, explican que sean ellos quienes aumenten las cifras de emigrantes clandestinos”.* Abondando neste eido, é Saurín de la Iglesia (1977) quen escribe que: *“600 escudos para redimirse era una cifra exorbitante para un ciudadano medio y especialmente a un habitante del campo se le antojaba inalcanzable (...) y si el pasaje a América se reducía a 500 reales ¿Quien se sorprenderá de la elección de este último?”.*

Boletín oficial núm. 101.

2 de Mayo de 1908.

Ayuntamiento de Brión.

El repartimiento de arbitrios extraordinarios para enjugar el déficit del presupuesto en el año actual, se halla expuesto al público en la Secretaría del Ayuntamiento, por el término de ocho días, durante los cuales pueden hacerse las reclamaciones que correspondan.

Lo que se hace saber á los efectos reglamentarios.

Brión Abril 24 de 1908.—El Alcalde, Manuel Miguez.
N. 678. R. 1.971.

Ayuntamiento de Oroso.

El mismo, en sesión de 5 del actual y con vista de los expedientes instruidos al efecto, acordó declarar prófugos por su falta de presentación al acto de clasificación y declaración de soldados, á los mozos del actual reemplazo que á continuación se expresan:

Número 1. Miguel Fernández Marroño, hijo de Andrés y María.

2. José García Incógnito, de Juana.

5. Manuel Villaverde Soneira, de Manuel y María.

9. Manuel Bascosy Mosquera, de Antonio y Rosa.

11. Manuel Carballeiro Castro, de Matías y Dominga.

12. Ramón Vilares Rey, de Manuel y Vicenta.

13. Manuel Ruanova Brea, de Juan y Juana.

14. Andrés Picón Moure, de Benito y Juana.

15. Jacobo Calvo Dono, de Manuel y Dolores.

21. Manuel Castro Castro, de Marcelino y Jacoba.

26. Miguel Moure López, de Domingo y Josefa.

Por tanto, encargo á las Autoridades dependientes de mi autoridad, y ruego á las que no lo sean, así civiles como militares, procedan á la busca y captura de los aludidos mozos, y, caso de ser habidos, ponerlos á mi disposición, á los efectos consiguientes.

Oroso 22 de Abril de 1908.—El Alcalde, Francisco Soneira.
N. 681. R. 1.968.

Ayuntamiento de Fene.

Este Ayuntamiento, en sesión del día de la fecha y en vista del resultado de los respectivos expedientes tramitados, acordó declarar prófugos, con las responsabilidades que la ley impone y pago de gastos de captura y conducción, á los mozos del reemplazo del corriente año que no comparecieron al acto de la cla-

Ayuntamiento de San Pedro de Oza.

Próxima la época en que la Junta pericial de este distrito tiene que proceder á la formación del apéndice que ha de servir de base al repartimiento de territorial de 1909, se hace saber á los vecinos del distrito y hacendados forasteros que todos aquellos que hayan sufrido alteración en su riqueza, presenten en la Secretaría de este Ayuntamiento, dentro del término que media desde hoy hasta el 15 de Mayo próximo, relaciones juradas de las variaciones que experimentasen en sus utilidades, acompañadas de los documentos que justifiquen el pago de los derechos á la Hacienda por las transmisiones que hayan motivado dichas alteraciones; en la inteligencia de que sin este requisito no podrán ser admitidas ni menos después del término señalado.

Oza San Pedro Abril 20 de 1908.—El Alcalde, Tomás Cacheiro.—El Secretario, Ramón Seoane.
N. 654. R. 1.913.

Ayuntamiento de Mugardos.

La Corporación municipal del mismo, en sesión del día de ayer, con vista de los expedientes instruidos al efecto, acordó declarar prófugos para todos los efectos legales, á los mozos incluidos en el reemplazo del Ejército del actual año que á continuación se expresan:

Número 1. Juan Lara Lara, hijo de Juan Benito y de Juana.

Idem 2. Juan López Rey, de Juan Antonio y de Eusebia.

Idem 3. Manuel Real Casanova, de Ramón y de Ramona.

Idem 6. Constantino Ponte Rodríguez, de Venancio y Genoveva.

Idem 7. Domingo Rodríguez García, de José y de María.

Por lo tanto, ruego á las Autoridades procedan á la busca y captura de dichos mozos, poniéndolos, caso de ser habidos, á disposición de esta Alcaldía.

Mugardos 20 de Abril de 1908.—El Alcalde, Juan F. Martínez.
N. 659. R. 1.921.

Ayuntamiento de Malpica.

Quintas.

La Corporación municipal, en sesión celebrada á 19 del corriente, con vista de los expedientes al efecto instruidos, acordó declarar prófugos, y como tales, sujetos á las penalidades que determina la vigente ley de Reclutamiento, á los mozos del actual reemplazo que se expresan á continuación.

Lo que se hace público para general conocimiento, encargando á

10. Manuel Hermida Moscoso, de Manuel y María.

11. Ramón Villar Veiga, de Adrián y Carmen.

12. Severino Rodríguez, de Ramona.

14. Francisco Montans Montans, de Domingo Antonio y María.

15. Bernadino Rivas Verdía, de Manuel y Casilda.

19. Domingo Antonio González Rey, de Manuel y Josefa.

20. José Afón N., de Dolores.

22. José Loureiro Novo, de Julián y Natalia.

27. José Caamaño Cousillas, de Francisco y Antonia.

29. José Calvo Parga, de Manuel y Silvestra.

30. Bernardo Mira Montans, de Félix y Manuela.

31. José Saeiro Novo, de Pedro y Teresa.

38. Ramón Castro Varela, de Bernardo y María.

39. Jesús Benigno Deus, de Bernarda.

40. Manuel Bazar, de Carmen.

41. Ramón Lledias Parada, de Francisco y Juana.

42. Severino Varela García, de Juan y Manuela.

45. Modesto Casal López, de José y Carmen.

46. Antonio Varela Pereira, de Manuel y María.
N. 685. R. 1.990.

Ayuntamiento de Noya.

El mismo, en sesión de hoy y en vista de los expedientes instruidos, acordó declarar prófugos, condenándolos además al pago de los gastos que ocasione su captura y conducción, á los mozos del sorteo y reemplazo actual, que no se han presentado al acto de la clasificación, siguientes:

Número 3. Antonio Pazos Lorenzo.

11. Miguel Seijas Fernández.

12. Benjamín Dieguez García.

16. Francisco Mariño Pérez.

19. Manuel Domingo López Trillo.

21. Jesús Pérez Rechou.

22. José Isidoro Ronquete Castro.

27. Antonio Romero Núñez.

29. José Filgueira Louro.

30. César Rodríguez Seoane.

33. Constantino García Sôñora.

36. Manuel Conde Carou.

39. Juan Vilarinho Fernández.

44. Manuel Tubio Hermida.

56. José Filgueira Barreiro.

57. Manuel Videla Rôo.

58. Segundo Romarís Carou.

59. José Cierito Carou.

También impuso igual penalidad por haber faltado á la concentración para su destino á Cuerno, á los reclu-

Ano	chamados	presentados	excluídos	mitilados	ausentes	matricula naval	prófugos	útiles
1842	70	56	6	1	18	29	–	5
1851	14	72	–	–	8	40	7	5
1857	–	43	19	–	14	19	–	6
1871	–	41	8	1	10	21	–	5
1872	78	46	9	–	15	–	6	8
1877	69	32	11	2	13	–	3	8
1879	62	47	12	–	15	–	4	5
1896	56	37	13	2	12	–	7	4
1898	58	26	11	4	7	–	9	5
1899	61	39	7	–	–	–	11	5

ARES. QUINTAS (elaboración propia)

Ano	chamados	presentados	defuntos	exentos	mitilados	ausentes	matricula naval	prófugos	útiles
1908	116	15	36	3	–	–	64	5	5
1910	108	13	31	1	–	11	61	–	5
1911	96	10	23	2	2	17	47	7	5
1912	119	21	31	1	4	15	56	8	5
1915	112	30	32	–	–	22	48	14	–

MUGARDOS. QUINTAS (elaboración propia)

Chamados.– Todos os varóns nados en determinados anos.

Presentados.– Eran entre quen facían o sorteo.

Excluídos/exentos.– Redención en metálico. Nai pobre, pai ancián, Irmán soldado, curtos de talla, de vista, entangarañados ...

Mitilados.– Falta total ou parcial dun brazo ou unha perna, falta parcial ou total dun dedo ou varios dunha man.

Ausentes/prófugos.– Algúns xustificaban a súa non presentación (militares, emigrados legais, ...).

Matricula Naval.– Pola súa condición servían na Armada.

Útiles ou reclutados.– Número de soldados que pedía o Ministerio de Guerra a un concello. En 1915 estaba vixente a lei de recrutamento de 1912.

Nos cadros adxuntos, elaborados dende as listas de “*Quintas y Reclutamiento*” are-sá e mugardesa, apreciamos un elevado número de mozos ausentes e prófugos, en número superior en tempo de conflitos armados. Debemos sinalar que entre 1910 e 1925 (guerras no Magreb) eran tantos os non presentados á tropa, que mirrou o recrutamento previsto nun 18%, nada menos. Non deixa de ser irónico que tantos prófugos e/ou ausentes cando foran chamados a filas nos seus lugares de orixe, estiveran nese tempo en Cuba legal ou ilegalmente, e que en 1899, 1900, 1901, 1902..., querendo retornar, moitos argumentaran que combateran Alén Mar “*defendiendo con las armas en la mano la integridad de la Patria española*”, extremo que tratamos máis abaixo.

4. MITILADOS

“No se le ocultaba al general Martínez Campos la repugnancia que las madres españolas sentían a la idea de una nueva quinta para la guerra”.
(T.O., 1878)

Sinala Saurín de la Iglesia (1977) que mesmo había bromas sarcásticas con “*la epidemia de índices cortados*” e outras doenzas ou taras que padecían os mozos en idade militar, recollendo un documento militar de 1859 como nalgúns lugares da provincia de Ourense: “*Para librarlos de la milicia los vecinos mutilan a sus hijos de menor edad y todo demuestra que algún facultativo debe de ser el ejecutor*”. O médico coruñés Pérez Costales anotou en 1873 (guerra en Cuba e guerra carlista en España) que “*En los hospitales militares ha habido ocasión de pagarse a veinte reales entre los soldados la gota de pus para inutilizarse un ojo*”.

Dos mozos presentados en 1913 (guerra en Marruecos) na caixa de recrutamento do exército en Ferrol, sesenta e oito foron eximidos de ser soldados por razóns obvias: curtos de talla (mínimo 1'545 metros), por moi acusados defectos oculares, auditivos, motores, orgánicos, mentais. Outros nove alegaran carecer parcial ou totalmente do dedo índice ou ter moi limitada a mobilidade dese ou de máis dedos dunha man (principalmente a dereita), aducindo os afectados terse lesionado nos traballos agrícolas ou mariñeiros, serrando madeira, pola trabada dun animal, por unha infección..., presentando varios deles certificados dun “*Facultativo de su pueblo de residencia afirmando que ello los hace inútiles para el servicio de armas*”. O responsable da recruta, capitán Castañón, apreciou que en tres casos a mutilación semellaba ser un corte limpo e que, pola cicatrización, a perda viña de cando os mozos eran moi nenos; quizais por tal, o capitán anotou a lapis a expresión “*amor de madre*” no lateral dunha das follas dos listados de aqueles mozos que naceran, precisamente, nos anos das guerras de Cuba.

5. DESERTORES E COMBATENTES NO EXÉRCITO MANBÍ

“Los insurrectos peleaban en una campaña sin cuartel, y, por nuestra parte, también se daban casos de represalias sangrientas, ejercidas especialmente contra los desertores aprehendidos.” (T.O., 1878)

O artigo 2º do acordo de paz de febreiro do 1878 (pacto de Zanjón) recolle no seu parágrafo segundo que “*Habrà indulto general para los desertores del ejército español sin distinción de nacionalidades, haciendo extensiva esta cláusula a cuantos hubiesen tomado parte directa o indirectamente en el movimiento revolucionario*”. A redacción incluía aos civís, mais no conxunto dos indultados non dei con indicios de segregación nominal ou numérica dos soldados españois desertores da guerra dos Dez Anos, tampouco dos mortos desa condición.

Consonte á lei de recrutamento de 1885, o goberno español recordaba anualmente ás autoridades coloniais en Cuba a necesidade de chamar aos mozos en idade militar; un Real Decreto do 21-VIII-1887 sinalaba “*La necesidad de reclamar por conducto del Ministerio de Ultramar la talla y reconocimiento en Cuba de los mozos ausentes en aquella*



GRUPO DE INSURRECTOS DA PARTIDA DE MÁXIMO GÓMEZ

Ilustración nº 004.- Insurrectos cubanos na guerra 1895-1898

Antilla". Poucos cumprían esa dilixencia, de xeito que non é posible pescudar con exactitude o número de inmigrantes incorporados en Cuba ás tropas españolas ou ás unidades de voluntarios, e tampouco os que pelexaron no eficaz exército "*mambi*", neste caso mesturados con soldados españois "*pasados al enemigo*". Entre 1901 e 1906 o goberno español concedeu indultos e amnistías ás que se acolleron moitos "ausentes", prófugos e desertores, sen que haxa constancia exacta das categorías dos que procedían do "*Ejército Libertador Cubano*". Os estudos consultados, baseados nos arquivos militares cubanos, precisan cando o combatente independentista era de nacionalidade española, pero non distinguen entre inmigrante legal ou ilegal, prófugo e desertor.

O estudo de Alonso Valdés (1996), recolle unha relación de todos os combatentes españois que constan nos fondos da "*Comisión Revisora y Liquidadora de los Haberes del Ejército Libertador (1902-1903)*". Agrúpaos por territorios de orixe, mais tampouco diste-ra entre quen eran inmigrantes e quen eran desertores do exército español.

Ten interese neste eido o que escribe Neira Vilas (1998): "*Aconteceu que moitos galegos, xornaleiros, artesáns, campesiños sen terra de seu ou propietarios dela, incorporáronse voluntariamente á contenda, situándose na trincheira rebelde*"; desa redacción podemos deducir que eran inmigrantes, extremo que o autor non precisa. Recolle cento nove fichas dos que bautiza, acertadamente, como galegos "*mambises*", explicando que a

nómina que ofrece é incompleta, que mesmo podería quintuplicar o número, mais que de moitos combatentes con apelido galego só consta a súa orixe española.

ESPAÑOIS LICENCIADOS DO EXÉRCITO DE LIBERACIÓN CUBANO (datos de 1902-1903)

Canarios	567	41'66%
Andaluces	192	14'1%
Galegos	120	8'8%
Asturianos	67	4'9%
Cataláns	64	4'7%
Casteláns	36	4'6%
Valencianos	59	4'3%
Manchegos	36	2'6%
Estremeños	30	2'2%
Total	1.361	100%

Extraído de Alonso Valdés 1996

Das cifras do cadro adxunto, entendo que a proporción territorial está en relación directa, tanto para estes soldados como para os inmigrantes, coa situación socioeconómica e o número de habitantes das súas terras de orixe. Era, pois, a pobreza derivada do desequilibrio entre poboación, sistema económico e recursos, a que mandaba tantos mozos a emigración e, inevitablemente, tamén ao exército.

6. COMBATENTES E VÍCTIMAS

*“(...) No vayas a Cuba
pobrecito infeliz,
que tiran balazos
y te pueden matar (...)
cuando vuelva de Cuba
vendre general
y entonces, vidita mía,
felices nos casarán”.*
(Habanera, Ferrol, 1895)

For en territorio español, for noutros europeos ou en América, África ou Asia, entre 1800 e 1939 os militares españois participaron nada menos que en vinte guerras, pequenas ou grandes. Nese mesmo período sempre medrou o número de ferrolterrás que optaron pola profesión militar, principalmente na Armada, opción laboral tan arriscada fisicamente como economicamente segura. Porén, ir á guerra era outra cousa: para a guerra cubana dos Dez Anos (1868-1878) e para a “Guerra Chiquita” foron enviados a Cuba 180.000 militares españois en varias quendas, deles morreron uns 80.000. As perdas cubanas chegaron ás 50.000 persoas.




Ilustración nº 005.- Fortín español en Cuba, 1895-1898

Da guarnición militar de Ferrol saíron en 1895 cara a Cuba dous batallóns de infantaría de mariña e unha batería de artillería, en 1896 un batallón de infantaría de “línea” e outra batería artilleira. Nas dotacións dos barcos de guerra había moitos tripulantes desta parte do mundo, participantes na batalla naval de Santiago de Cuba, e antes, no mes de maio, no combate naval de Cavite, illas Filipinas.

Apuntan as fontes que entre 1895 e 1898 morreron uns 10.000 cubanos independentistas e uns 4.000 norteamericanos, destes segundos máis por enfermidade que no

combate. Nesa guerra, a definitiva, pelexaron en Cuba arredor de 220.000 soldados españois regulares: 60.000 perderon a vida, 10.000 en accións armadas e 50.000 por enfermidades. Nos barcos do retorno á Península morreron 4.500 soldados españois e unha vez aquí 5.000 máis nos hospitais ou nas súas casas. Xa que logo, na última guerra de Cuba a elevada perda de homes do exército de terra español foi máis consecuencia de doenzas (cólera, disentería, tifus, malaria, gangrena...) agravadas pola mala alimentación, que por mortes causadas polas armas. Na tan estudada como desigual batalla naval de Santiago de Cuba do 3 de xullo do 1898 foron a pique seis navíos da armada españolas e as perdas humanas foron como sigue: 332 mortos, 197 feridos, 1.670 prisioneiros. As perdas norteamericanas foron dous barcos avariados, un mariñeiro morto, media ducia de feridos, oito prisioneiros.

É destacable que moitos emigrantes estaban integrados no “*Cuerpo de Voluntarios de Cuba*”, formado por máis españois que crioulos nas cidades e ao revés no campo: “*La mayoría son ciudadanos de modesta fortuna que viven de su profesión o trabajo corporal, del cual depende la subsistencia de sus familias*” (Padilla, 2016). Eses voluntarios, aproximadamente 70.000 en total do 1855 ao 1998, tiñan como función principal protexer as cidades, os intereses económicos españois, as comunicacións, perseguir aos independentistas, en menos casos, combatían en campo aberto. Encadrados nunhas semioficiais guerrillas montadas móbiles e con mandos propios, se caracterizaron pola súa valentía e, sobre todo no Oriente cubano, pola súa brutalidade. Tamén é verdade que moitos “voluntarios” nunca se alistaran, senón que, sendo no seu día prófugos ou ausentes á chamada ao recrutamento oficial e querendo regresar, alegaban, tantos falsamente, que combateran en Cuba “*defendiendo con las armas en la mano la integridad de la Patria española*”.



Ilustración n° 006.- Desembarco en Coruña de soldados retornados de Cuba, 1898 (?)

7. CODA FINAL

*“Dicen que la escuadra norteamericana
estas nuestras costas piensa visitar.
Pues si así lo hiciera, si así sucediera
vaya una paliza que van a llevar”.*

Coñecida a vitoria naval norteamericana en Santiago de Cuba, a prensa española recollía o temor a que a flota ianqui cruzara o Atlántico e atacara as costas españolas, case privadas de buques de guerra e moi mal artilladas.

Sabemos pola prensa que naqueles días moitos membros da burguesía viguesa e coruñesa abandonou temporalmente esas cidades. Con todo e o desastre, a fachenda

ferrolá está recollida no cantar local de agosto do mesmo 1898 que recolle Llorca (1997) e que encabeza este apartado, tamén nun belicoso poema de Curros Enríquez, el mesmo emigrante a Cuba:

*Mariñeiros da Marola, das illas Cíes e do Orzán,
grande fama vos agarda se sabedes ben pescar.
Unha lancha de centolas vinte cinco pesos val,
un cargamento de yankees valvos ...
!! A inmortalidá !!*



Ilustración nº 007.- Flota USA que non veu a España, 1898

O que veu politicamente despois do noventa e oito non acae aquí, si anotar que unha vez independizada Cuba medrou o número de emigrantes galegos a unha illa en paz, extremo que precisan as cifras de abaixo e tres referencias concretas:

Na primeira, un documento do arquivo municipal de Ares, un pai deu licenza en xullo do 1899 para emigrar a Cuba a un seu fillo repatriado con el apenas un mes antes, “(...) *despues de ser los dos prisioneros de los vankees en la guerra que hubo*”.

A segunda cita está extraída do periódico ferrolán “Gaceta de Galicia” de outubro de 1899: “*Estos días han salido con destino a Cuba centenares de compatriotas que acaso marchan con la creencia de que la Cuba yankee es lo mismo que la Cuba española*”.

A terceira información esta recollida do periódico mugardés “Democracia” de decembro do 1913: “*Con tantos juvenes residindo en Cuba se nota en la poca animación la ausencia de mucha juventud masculina*”.

A estatística confirmanos o anterior : no ano 1912 residían en América derredor do 8% do total de veciños de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos, e desa porcentaxe aproximadamente o 7% en Cuba.

Veciñ@s Ares	6.523	Veciñ@s Ares Ausentes	1.089
Total veciñ@s Mugardos	7.336	Veciñ@s Mugardos ausentes	1.238

Elaboración propia dende censos municipais 1912 Ares, Mugardos

Eses mesmos censos permítenos saber que nese ano 1912 dos “*ausentes*” aresás 957 estaban en Cuba e 21 en USA; dos “*ausentes*” mugardeses residían en Cuba 1.063 e 16 en USA.

Disque moito se perdeu en Cuba, e tal perda non foi tanta no referido a Galiza. Viuse afectado o comercio, mais pouco exportaba a nosa terra ao Caribe fóra de persoas e o que a illa importaba cara acó seguiu chegando, como viñan as remesas económicas e inmateriais, estas tanto ou máis valiosas para o progreso do país: asociacionismo, escolas, ideas de progreso e liberdade.

Aprendida a lección militar, o Ministerio da Guerra planeou o artillado das costa galega e, nomeadamente, a protección da rías de Ferrol. O sector naval ferrolá, deprimido pola perda de buques, deu en medrar co Plan de Escuadra (ou Plan Ferrándiz) de 1907...

Porén, estas últimas son historias para outra ocasión.

8. BIBLIOGRAFÍA E FONTES CONSULTADAS

- ALONSO VALDÉS, Coralía. *Caracterización sociodemográfica de combatientes españoles en el ejército cubano (1895-1898)*. “Estudios Migratorios”, nº 2, CCG, Santiago, 1996.
- BELLO PLATAS, Ana Isabel. *Los soldados del Tercio Norte y las tres Españas en la guerra de Cuba*. Edita Tercio Norte de Infantería de Marina, Ferrol, 2018.
- BIBILONI ARANGUREN, Andrés. *Alistamento e emigración exterior na España da Restauración*. “Estudios Migratorios”, volume 1, nº 1, CCG, Santiago, 2008.
- GUERRA LÓPEZ, Dolores. *El legado social de los españoles en Cuba*. GCGM, Vigo, 2008.
- CAGIAO VILA, Pilar. *De emigrados a inmigrantes*. Arrecife-Edicións Galegas, A Coruña, 2007.
- FUENTES-ANGULO, Fernando. *El Cuerpo de Voluntarios de Cuba. 1855-1898*. Nottingham University, 2016.

- JARABA, Fran. *Cita na Habana, Campos de Cuba, Terra Libre*. Edicións Xerais, Vigo, 2008.
- LABRA Y MARTÍNEZ, Rafael de. *Cuba como país de inmigración ...* Tipografía Alfredo Alonso, Madrid, 1910.
- LLORCA FREIRE, Guillermo. *Ferroláns en Cuba*. Edicións Embora, Ferrol, 1997.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo. *Nautilus, 1892-1894*. Edicións Xerais, Vigo, 1994.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo. *Os retornados de acción en Ferrolterra*, "Estudios Migratorios", nº 11-12, CCG, Santiago, 2001.
- MARTÍNEZ CUADRADO, Miguel. *La burguesía conservadora. 1874-1931*. Alianza Universidad, Madrid, 1977.
- NEIRA VILAS, Xosé. *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*. Edicións do Castro, Sada, 1998.
- NEIRA VILAS, Xosé. *Crónicas galegas de América (Rolda segunda)*. Edicións do Castro, Sada, 2001.
- NARANJO OROBIO, Consuelo. *Del campo a la bodega. Recuerdos de gallegos en Cuba*. Edicións do Castro, Sada, 1988.
- PÉREZ GUZMÁN, J. *Presencia de Galicia en el ejército libertador de Cuba. 1895-1898*. "IIIº congreso Internacional de historiadores latinoamericanos", Santiago de Compostela, 2002.
- PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, Esperanza. *La guerra de Cuba vista desde Ferrol (1895-1898)*. Edicións Embora, Ferrol, 1997.
- PUELL DE LA VILLA, Fernando.- *El Soldado desconocido. De la leva a la mili*. Editorial Biblioteca Nueva, Madrid, 1996.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Félix. *Diccionario de terminología y argot militar*. Editorial Verbum/Instituto Alicantino de Cultura Gil-Albert, 2005.
- SAURÍN DE LA IGLESIA, Mª Rosa. *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el siglo XIX*. Diputación provincial de La Coruña, 1977.
- T.O.. *El general Martínez Campos en Cuba. Reseña político militar de la última campaña, noviembre de 1876 a junio de 1878*. Imprenta de Fortanet, Madrid, 1878.
- VVAA.- *"Unha ollada darredor de 1898"*. Concello de Ferrol-Ateneo Ferrolán, 1998.
- Arquivo municipal de Ares.- 3.12, Quintas. 1875-1915.
- Arquivo municipal de Mugardos.- 3.12, Quintas. 1907-1915.
- Colección histórica da "Gaceta de Madrid" (1823-1918).

NOTAS PARA O ESTUDO DA PESCA NO GOLFO ÁRTABRO, SÉCULOS XVIII-XIX.

OS CATALÁNS, O MONTEPIÓ DA PESCA E A MATRÍCULA DE MAR

José M^a Leal Bóveda

A Epi e Antonio, onde estean.

1. INTRODUCCIÓN

En número precedente de Cátedra anotábamos as características que definían a pesca no golfo Ártabro durante o Antigo Réxime, previo á chegada dos fomentadores da pesca cataláns. Deixábamnos para o presente aquelas transformacións que estes traerán consigo e os conflitos que xerarán no seo da sociedade de beiramar. O labor é difícil porque xa o profesor Meijide Pardo¹ en obras sucesivas nos antecede con gran clarividencia polo que nos toca intentar ser orixinais nas seguintes liñas e aportar contidos novos saídos do estudo da bibliografía actualizada e de documentación non empregada por el depositada en diferentes arquivos; “Archivo General de Simancas”, “General de Marina Álvaro de Bazán” de Viso del Marqués, Arquivo do Reino de Galicia e outros

Pretendemos no que segue analizar o asentamento catalá nas costas galegas e no Golfo ártabro para mediados do XVIII; causas, protagonistas, etapas e sobre todo as consecuencias para a beiramar en cuestión que parecen diferir en xeral do tradicionalmente apuntado sobre a cuestión. Queremos alumear documentalmente aspectos referidos ó tráfico de viños e augardentes catalás como causa da súa instalación nestas augas, logo faremos o propio con outro tipo de actividades que ampliaban os negocios anteriores; os comercio dos panos, a pesca e elaboración da sardiña, os conflitos cos patriás pola intro-

1.- MEIJIDE PARDO, Antonio: *La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: los salazoneros catalanes*. En “Anuario brigantino”. Nº. 18, 1995, págs. 91-104. *La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugaros (1760-1830)*. En “Pedralbes. Revista d'història moderna”. Nº 4, 1984. Ps. 7-38. *Mercaderes catalanes en Galicia: Juan Carré y Bartra: 1806-1844*. En “Boletín da Real Academia Galega”. Nº. 333-338, 1959. Ps. 28-49. *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa (1780-1830)*. Comunicación presentada al I Coloquio de Historia Económica. Barcelona en 1972. La Coruña. 1973. *Aspectos de la vida económica de Betanzos en el siglo XVIII*. En “Anuario Brigantino” [http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1991PDF/1991%20051_070.pdf] consultado o 1/IV/2019 ás 21,28 horas. *Aspectos de la vida económica de Puente deume en el siglo XVIII*. En “Anuario Brigantino” [http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1993PDF/1993%20061_074.pdf] consultado o 1/IV/2019, ás 21,30 horas. *Estirpes catalanas en la Coruña; J.V. Galcerán, hombre de negocios y político liberal (1765-1837)* [<https://core.ac.uk/download/pdf/39089136.pdf>] consultado o 1/IV/2019 ás 21,33 horas. *El empresarismo industrial del negociante francés J. Lestache en el Ferrol del siglo XIX*. En “Anuario Brigantino” [http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1997PDF/1997%20035_050.pdf] consultado o 1/IV/2019 ás 21,37 horas.

dución da xávega, a propiedade dos medios de produción, os cambios nos mesmo para finais do século amentado, a Matricula de Mar, ...

2. A CHEGADA CATALÁ ÁS NOSAS COSTAS

O panorama das pesqueiras galegas durante o século XVII era bastante desolador quizais en consonancia coa propia situación do país e de Galicia. Lucas Labrada fainos unha descrición da sombría situación económica e social española por diferentes causas. Entre elas, a perda da Armada que Felipe II enviara contra Inglaterra provocou a indefensión posterior das nosas costas e navegación o que alentou a piratas e corsarios de toda nacionalidade (ingleses, mouros, holandeses) a asediar os nosos barcos e o litoral. O comercio e a navegación, limitados case en exclusiva aos portos de Sevilla e Cádiz na súa relación con Ultramar, haberán de realizarse con protección da pouca escuadra naval de que dispomos e resentiranse desta inseguridade.

Outra das razóns deste marasmo hai que buscala nas inútiles guerras relixiosas que durante o XVII se mantiñan coa Europa protestante (Inglaterra, Flandes, Sicilia) nas que se gastaban o ouro e a prata americanos, mentres que os nosos inimigos fomentaban o comercio e a industria. Acabado o metal, as sucesivas bancarrotas da nosa facenda serán unha constante co que a fame e a desolación serán as notas que definan ao noso país. Guerreamos contra Portugal, principal provedora de sal e de expertos que nos instruían no traballo nas salinas e prohibimos as exportacións de pesca salgada a este reino, primeiro sustento da economía dos portos galegos. A Guerra de Sucesión ao trono español, logo da morte sen descendencia do último rey da dinastía dos Austrias, farán o resto. Neste contexto, as pesqueiras *que siguen siempre la suerte del comercio marítimo, decayeron forzosamente por estas causas*. A iso habería que engadir o inicio da pesca do bacallau en Terranova por parte dos ingleses, a do arenque en Escocia e da balea en Groenlandia polos holandeses. Con todo, a nosa pesca, como asegura Labrada, reducíase á dalgunha sardiña para os portos de Baiona, Bordeus, San Sebastián, Barcelona, Alacante e outros da Península como os galegos. Aínda por riba, o mar queda sen brazos que o exploten porque desde comezos do século XVII establécese a Matricula de Mar que impuña a obrigatoriedade de inscribirse nela a todos cantos se dedicasen á pesca e navegación dende os 16 ata os 60 anos.

As levas de homes e o pago de contribucións especiais eran continuas, tanto como as guerras, e as faenas de mar resentíanse pola falta de xente co que era frecuente que os representantes dos mariñeiros, incluso os propios ilustrados (Cornide, Labrada, Sarmiento, Monsoriú, ...), se queixasen da gran abundancia de embarcacións que podrecían nas praias por non ter quen as gobernase. Con tanta leva levou o diaño cercos e pesqueiras, sentenciaba Sarmiento. O fin da Guerra de Sucesión e a chegada dos Borbóns coa súa obsesión pola protección das costas e do comercio atlántico dulcificará en certa medida as

condicións narradas para o XVII. Pero as cousas non cambiarán no relativo a ditar normas que favorecesen a pesca e a mariñeiría.

Así, entre 1750 e 1755 chegan os primeiros cataláns, aínda que tamén casteláns, asturianos ou vascos. Non sería de forma fortuíta senón que o fixeron por un cúmulo de circunstancias que denotan un coñecemento das nosas rías e da riqueza das súas pesqueiras. En efecto, no século XVII os comerciantes-navegantes cataláns xa comerciaban coa sardiña salgada á galega, e tamén coa andaluza, que vendían no porto francés de Bellçaire, augas arriba do Ródano, na súa feira anual do mes de xullo. Desde este punto, os franceses distribuían por toda Francia. Os cataláns non volvían sen carga e despois de vender o peixe salgado, aproveitaban para comprar teas brancas francesas que revendían aos estampadores barceloneses, así como outros produtos que aquí aínda non se fabricaban². O frecuentar as rutas das costas andaluzas e galegas, fixo ver a aqueles navegantes que en certos lugares había unha abundancia tan grande de peixe, que moitos decidiron quedar e montar os seus propios negocios e despois volver a casa coas barcas cargadas de barrís cheos de sardiña salgada e prensada, as clásicas “arengades”. Todo indica, neste sentido, que os comerciantes barceloneses e doutros puntos da costa, Canet de Mar, Arenys de Mar e a zona do Maresme en xeral, puxeran as súas miradas e intereses na sardiña salgada que saía desde Galicia cara ao Mediterráneo. A presenza do arsenal de Ferrol, primeiro na Graña e a partires da década dos 50 do 1700 plenamente activo en Esteiro, parece sela causa da chegada do augardente e viño cataláns no seu paso cara o Ródano, mercadorías moi apetecibles para unha poboación que necesita desafoego logo dunhas xornadas e tarefas de traballo duro. As mortes e lesións nas gradas do estaleiro son unha constante ó longo da súa historia e pódense seguir e documentar a través das numerosas peticións de axudas económicas, de asistencia sanitaria ou de desprazamento cara os fogares de orixe, que fan os traballadores afectados³. Así, como primeiro anota o profesor Carmona Badía⁴ os primeiros cataláns instalados nas radas ártabras dedícanse fundamentalmente ó negocio dos viños, augardentes, e destilados en xeral, estes licores serán destinados ós traballadores dos estaleiros e en segundo lugar o tráfico de sardiña e de panos anotado por Leal

2. VALLS, F.: *La Catalunya atlàntica. Aiguardent i teixits a l'arrencada industrial catalana*. Eumo. Vic. 2004. 415 Ps. Citado por LEAL BÓVEDA, José María: *A pesca e a industria de transformación na Galicia Cantábrica. De Cariño a Ribadeo (1752-1940)*. Tese de Doutoramento en elaboración. USC. Santiago de Compostela. Do mesmo autor; *A pesca e a súa transformación, salgado e conserva na Galicia Cantábrica. O caso de San Cibrao*. Orixinal mecanografado. Museo do Mar de San Cibrao. 2017. P. 17 e ss.

3. ARCHIVO DO COLEGIO DE NOTARIOS DA CORUÑA/ACNC). Protocolos Cedeira. Andrés Bahamonde. 1808. Ps. 44/68. O “Archivo” do “Colegio” de Notarios da Coruña ten unha ben fornecida cantidade delas como por exemplo así o expón en Cedeira, 9 de maio de 1808, Juan García Samigueiro, carpinteiro de primeira clase nos reais arsenais de Ferrol nos que, logo de 25 aos de servizo tivo un accidente cando traballaba na construción do navío Asia que lle provocou unha inhabilitación para po-der desprazarse. Por elo reclámalle por escrito a Francisco de Paula Calvo, contador de navío da armada, os haberes que se lle adebedan. Na mesma liña, incide en que o golpe recibido no peito tampouco lle permite achegarse ós asteleiros de Cádiz, nos que tamén participara na construción do navío San Justo no 1802 polo que solicita por enésima vez unha débeda de 600 reais como segundo garda que era da súa compañía. En outubro de 1808 fai poder ó seu irmán, Joseph García Samigueiro, 2º condestable de artellaría, aveciñado en Cádiz para que faga tódolos trámites necesarios para cobrar. Parece ser que, como sucedía coa Matrícula de Mar, os pagos polos servizos prestados non se realizaban coa regularidade necesaria ou non se facían.

4. CARMONA BADÍA, Xoan: *Producción textil rural e actividades marítimo pesqueiras en Galicia*. Tese de Doutoramento inédita. USC. Santiago de Compostela. 1983. P. 389.

Bóveda⁵ serían as causas do asentamento catalá nas augas referidas como primeira opción e non noutras rías galegas. Vázquez Lijó⁶ aportará máis información sobre os seus negocios de viños, augardentes e sardiña salpessada nas augas coruñesas que, por extensión, deberon ampliarse ás ártabras. Tamén Santalla⁷, recollendo a Lence Santar, anticipa que entre a pobre dieta dos operarios do Arsenal figuraban as sardiñas. Á falla dun estudo pormenorizado e detallado dos expedientes que sobre o viño, tamén de sidra e froitos secos, dos cataláns instalados en Ferrol e bisbarra existen no Arquivo do Reino de Galicia, podemos adiantar que estas xentes dominan o seu comercio e negocio dende mediados de século, tal e como anota Carmona. Vexamos; en 1759 Pedro Galcerán, catalán, residente en Ferrol, fai preito con Miguel González e Rosalía González, a súa filla, por impago de viño, Santiago Lante, cirurxán do rexemento de Bruselas, residente na Coruña, fai o propio con Miguel Doubanch, catalán, comerciante de viños, sobre satisfacción de maravedís (1759), tamén en 1760 Margarita do Campo, veciña de Ferrol, litiga con Juan Alegrete, catalán, sobre partida de viño, en 1758 Felipe Manjolet, catalán, como apoderado de Juan Vidal, actúa contra Manuel Mendoz, fiador de Manuel de Lago, polo pago de dúas pipas cataláns de viño e así sucesivamente⁸. Un dato máis ven a insistir no relatado, trátase da análise do inventario de bens propiedade de Jaume Domenech Fontanals, catalán, veciño e comerciante da praza do Ferrol, morto en 1826. Da relación que elaboran os peritos para repartila herdanza entre os fillos e viúva sabemos que se dedicaba ós negocios

5. Agradecemos ó profesor Carmona as súas anotacións neste senso así como para a realización da nosa Tese de Doutoramento e a recomendación da lectura de VALLAS, F. *La Catalunya atlántica. Aiguardent i teixits a l'arrencada industrial catalana*. Eumo, Vic. 2004. Pola nosa parte, xa temos adiantada a pre-senza catalá nas nosas rías e augas arriba do Ródano en LEAL BÓVEDA, José María: *Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa: los Peña y Valle-Inclán*. En "Cuadrante". Nº 33. Asociación de Amigos de Valle-Inclán. Cambados. 2000. 2016. Ps. 145-221.
6. VÁZQUEZ LIJÓ, José Manuel: *La Matrícula de Mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII*. Tese de Doutoramento inédita. USC. Santiago de Compostela. 2005. P. 803 e ss.
7. SANTALLA LÓPEZ, Manuela: *La familia obrera. Ferrol: 1750-1936*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. 1995.
8. 1792, Caetano Vidal, veciño de Ferrol ten preito con Ramón Alegrete, catalá veciño de Ares, por impago de sidra, en 1767 Juan Aleget Sardá é encarcerado en Ferrol por impago de viño a Josefa María Álvarez, muller de Francisco Capuruchique, o mesmo ano Margarita do Campo ponlle denuncia por non pagarlle unha partida de viño, no 1777 Agustín Díaz, comerciante, veciño de Ferrol, fai o propio con Bentura Sala, catalán, por impago duns seróns de figos e pasas, Benito García, veciño de Ferrol, contra Miguel Gasso, catalán, sobre arrendamento dunha bodega e máis que expresa (1774), Bentura Borrel, catalán, residente en Ferrol, con Francisco Vidal, por impago de viño e sardiñas (1775), execución pedida por Francisco Castella, comerciante catalán, residente en Ferrol, con Isabel Mesura, sobre paga de diñeiro procedente da venda de viño (1769), execución pedida por José Pose, catalán, residente en Ferrol, contra Ramón Rivera, por impago de viño (1767), Juan Pascual Barreras, catalán, residente en Ferrol, con Andrea Cubelo, por impago de viño (1779), Juan Torrentes Inolet, catalán, veciño de Esteiro, con Juan Díaz e Nicolás Sequeiro, por impago de viño (1778), Magín Escardo, catalán, veciño de Ferrol, con Juan López e a súa muller, Josefa Antonia Figueroa, por impago de viño (1770), Cristóbal Domenech, veciño e do comercio de Ferrol, con Francisco Begerano e a súa muller, Teresa Ramos, por impago de viño (1806), Expediente de Juan Sivilla, capitán do bergantín español "Nuestra Señora del Carmen", alias "Unión", sobre a almacenaxe dunha partida de viño tinto procedente de Salou, que se depositou en poder de Jaime Domenech Soler y Cía (1824), Jaime Domenech e compañía, veciño e do comercio de Ferrol, con Francisco Antonio de Villa sobre expelo dunha bodega (1800), Jaime Domenech, socio principal da casa de comercio de Juan Soler e compañía en Ferrol, cos herdeiros de Juan de Lamas, mestre de obra prima, por impago de viño (1808), Jaime Domenech, veciño e do comercio de Ferrol, como arrendatario do arbitrio dos 4 marabedies en azumbre de viño solicita as exencións que lle corresponden como tal arrendatario (1807), Marcos Barbeito, mercader de viños, con Pedro Domenech e Manuel Brandal, veciños de Ferrol, por impago de viño (1788), Pedro Domenech, comerciante en viños, veciño de Ferrol, con Jaime Artao, por impago de viño (1787), Pedro Domenech, veciño de Ferrol, con Francisco Torres e outros, por impago de viño (1790), Pedro Domenech, veciño de Ferrol, con Ignacio de Santiago e a súa muller, Antonia López, por impago de viño (1789), Pedro Domenech, veciño e do comercio de Ferrol, con Francisca Alvaríña, por impago de viño (1789). Expedientes que se poden consultar no Arquivo do Reino de Galicia.

das teas e panos, fíos de cánabo, créditos sen existencia de papeis, xabón, botellas de vidro francesas para embotellado de viños, vinagres e augardentes, algodón, papeis de escribir e de estraça para os tabais de sardiña, utensilios para a pesca como palangres e, fundamentalmente ó comercio de viños do país, cataláns, vinagre, augardentes de Cataluña e de Holanda, anises..., que compuñan o groso das súas actividades cunha inversión de 107.138 reais de vellón⁹.

Por outra banda, temos varios exemplos do salgado da sardiña e o seu comercio como causa deste asentamento catalá en augas ártabras, tal e como apunta Leal en cita 5; Francisco Pulles, catalán, comerciante en Ferrol, contra José Gómez, sobre axuste de contas do negocio da sardiña, Bentura Borrel, catalán, residente en Ferrol, con Francisco Vidal, por impago de viño e sardiñas (1775), Castella e Pedro Milán, cataláns, poñen causa criminal contra Francisco Pulles, veciño de Ferrol, por tomarlles con violencia unha porción de sardiña (1773), Domingo Suárez Reguera, mestre carpinteiro de ribeira, con Pedro Domenech, veciño de Ferrol, por impago dun barco para destinar á pesca (1789), etc. Os litixios derivados da renda do sal, impagos de tributos e xuros..., tamén son numerosos e indican que os cataláns non so se dedicaban ó comercio do viño, pesca e salga, etc., senón tamén a estas actividades tal como o expresa Antonio Domenech, veciño de Mugardos, contra Antonio Amado, de Redes, por impago de brea, esparto e dun préstamo (1794), Antonio Fernández Arango, veciño de Ferrol, contra María Domenech, muller de Bentura Salas, por impago de renda da tenda que tiña arrendada (1782), Cristóbal Domenech, veciño e do comercio de Ferrol, con Josefa García Sierra por impago dun préstamo (1808), fórmase expediente en razón de que se ocupen os almacéns pertencentes ós comerciantes Joaquín Jofre, Pedro Domenech, Manuel Bandrell e José Alsina Guitart para gardar neles o sal procedente de Cádiz (1803), Pablo Esclus, catalán, residente en Ferrol, fai causa contra Isidro de Anglada, tamén catalán, por impago de mercadorías (1759)¹⁰. En definitiva, os cataláns que en primeira onda se instalan nas augas coruñesas non provocarían o desprazamento da estrutura tradicional do comercio do peixe salgado xa que eles exportarano cara o mercado levantino mentres que os chanzos superiores dos gremios seguirano facendo a Portugal. Xa que logo, como anota Carmona¹¹ entre ámbolos grupos haberá de producirse unha coexistencia na que as interferencias son secundarias e non veñen derivadas da competencia polos mercados, senón máis ben por problemas na compra do peixe fresco. Tal coexistencia haberá de romperse a partires dos anos finais dos 70 nos que a propiedade dos medios de produción pesados, galeóns, velame, mesmo os cercos, pasen a mans dos de Cataluña como haberemos de ver.

Amén diso isto, Alonso Álvarez apunta outras razóns para a arribada catalá; entre elas o que no Principado estase a producir un incremento importante de mariñeiros froito

9. ARG: Expedientes de reconto de bens. Sig. Caixa 5168-53. Inventario dos bens do defunto Jaime Domenech Fontanals, veciño e do comercio de Ferrol. 1826.

10. Expedientes varios do Arquivo do Reino de Galicia.

11. CARMONA BADÍA, Xoan: *Ibidem*. P. 390.

da introdución da xábega desde o século XVI. Estes excedentes haberán de colocarse nas costas galegas atendendo á produtividade antes narrada e a que no Mediterráneo escasea a sardiña nesta época narrada. Ademais, proclamarán que teñen permiso para eludir a Matricula de Mar posto que están enrolados en Cataluña. Outra das causas será o estalido da enésima guerra con Inglaterra en 1738 que, entre outras cousas, supón a leva de máis homes galegos para a armada, o abandono das pesqueiras, e a prohibición de importar bacallau e arenque daquel país co que o mercado quedará libre para que os cataláns non desaproveiten a oportunidade. A ausencia de sardiña nas costas catalás nestes momentos fará o resto.

Un factor que coaduxa a chegada da emigración catalá procedente da zona do Maresme ten que ver con que o progreso económico que experimenta o Principado a comezos do XVIII, foi en gran parte debido ao incremento do cultivo da viña propiciado pola gran demanda de viño e augardente das zonas urbanas, do mercado colonial e do norte de Europa e o subseguinte aumento de prezo ao longo da centuria. Os cataláns que chegaron cara a 1760 eran fundamentalmente navegantes e comerciantes que pilotaban os seus propios barcos ou o facían para outros. Traían consigo teas francesas estampadas en Cataluña, Barcelona sobre todo, viños e augardentes e levaban toneis de sardiña salgada á galega co que facían o retorno moi rendible cos fretes citados. A súa arribada coincidía coa costeira da sardiña que compraban, como queda devandito, aos pescadores galegos xa salgada. Esta primeira vagada emigratoria de carácter temporal foi pouco numerosa e segundo datos de Alonso Álvarez puidesen representar o 25 % do total chegado ata o século XIX. A finais do reinado de Carlos IV estímase que en Galicia había unhas 400 factorías de salgado por todo o litoral, con profusión nas rías de Ares-Mugardos-Ferrol-Pontevedra, e menos na de Arousa, Pontevedra, Noia e Vigo. Falamos da presenza de auténticas sagas mariñeiras coma a dos Roura, Jover, Maristany, Galcerán, Ortoll, Gelpi, Goday, Llauger, Domenech, ...

A primeira chegada de emigrantes estivo constituída en boa parte por homes oportunistas, que con escaso caudal pretendían obter saneados beneficios en pouco tempo tanto a nivel individual como formando compañías mercantís. Pero estas primeiras compañías poderían denominarse de tempada pola súa efémera vida, xa que na maioría dos casos non duraban máis que un ano, aínda que se volvesen a constituír ao seguinte cos mesmos ou outros socios diferentes. Da fase de comercialización da sardiña á galega pasamos agora a facelo coa que lles compran aos pescadores galegos e para isto levantaban simples barracóns ou chabolas e salgaban en tallas o peixe que logo elaboraban de acordo co seu sistema de prensado, á catalá que logo se explicará, remitindo ao mercado le-vantino, pero especialmente a Barcelona e máis tarde a Italia, a produción obtida. Estes personaxes serían os que introduciron un novo aparello para pescar sardiña que resultaba máis eficaz que os autóctonos (cercos reais), porque en menos tempo e con menor número de factores efectuaba máis capturas, era a rede denominada xávega.

Traían consigo diñeiro o que contrastaba coa evidente penuria de medios e fame dos patrianos, pero tamén incorporarán novos métodos de traballo no mar, aparellos, embarcacións e abrigo, unha nova forma de salgar o peixe, á holandesa, que o fará máis competitivo e duradeiro que o realizado co tradicional galego. Este feito mostrábase moi relevante con respecto das exportacións para o territorio peninsular dado que a sardiña prensada polos cataláns ten máis duración que a escochada polos galegos, que oxida pronto coa calor polo seu alto contido en graxa. Chama a atención sobre esta caste o seu carácter asociativo, fortemente empresarial, vinculada politicamente co liberalismo practicante que haberá de preitear hostilmente cos privilexios da igrexa e fidalguía. Tamén ocuparán os altos cargos dos concellos liberais; alcaldes, secretarios, procuradores síndicos, e apertarán a causa liberal para a finais de século reproducir esquemas sociais e económicos propios da fidalguía en declive. Todo apunta a que o cénit desta primeira afluencia e instalación ten que ver con 1777 ano a partir do que comeza o período comprendido entre 1778-1808. Sexa como for, nesta primeira fornada o establecemento preferido serán as rías do norte en orde ós motivos anteriormente expostos; Ferrol, Ares, Pontedeume, Mugardos, Sada, Redes, mantendo unha pequena representación na ría de Arousa coa que se terán vínculos comerciais moi estreitos. Resumindo, nesta etapa contamos coa presenza, por exemplo, de Cardona, Bargés, Bosch, Curt, Buhigas, Barreras, entre outros moitos. Con todo, Dubert¹² apunta que oito de cada dez cataláns chegados a Galicia entre 1760-1777 tomaron asento no golfo Ártabro; Pontedeume, Mugardos, Ferrol, Ares, moitos menos nas Rías Baixas como fica anotado, curiosamente unha das zonas de meirande produción pesqueira do momento coa que haberán de manter relacións comerciais. Conclúe o mesmo autor que a súa entrada na escena litoral galega produciuse nun dos lugares menos indicados para o bo desenvolvemento dos seus negocios, máxime se temos en conta que o 79% deles recoñecía dedicarse ó salgado. Quizais a presenza do Arsenal ferrolá e a necesidade de fornecer de viños, augardentes y licores a unha poboación de traballadores que reclama alivio para unhas condicións de traballos en exceso duras, exercera os efectos de atracción necesarios para que estas xentes se instalaran aquí.

A vinculación da sardiña co Arsenal e por extensión co asentamento catalán nas rías norteñas reflíctese nos textos que narran ás épocas de crise no estaleiro de Esteiro. En efecto, Romero Lanza no seu informe sobre a consideración da mestrada en Ferrol revela o que comía esta xente e especifica que: *“ese linaje de gente que jamás agradece el beneficio que se le hace, y particularmente la gallega no necesitaba de más jornal pues, si bien admitía que Ferrol era caro, dicho colectivo no conoce el lujo ni necesita de otros géneros de primera necesidad que pan de borona (maíz), carne o sardina, unto y berciñas”*¹³.

12. DUBERT, Isidro: *El desembarco de los catalanes en Galicia y los remedios de los naturales a la crisis de sus pesquerías, 1757-1788*. En [http://www.usc.es/hmoderna/publicacion/dubert_14/]. Consultado o 2/IV/2019 ás 1031 horas.

13. SANTALLA LÓPEZ, Manuela: *La familia obrera. Ferrol: 1750-1936*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. 1995. Citada por VÁZQUEZ LIÓ, José Manuel: *El arsenal del Ferrol: un derrotero de esplendor. (1750-1820)*. En *Vientos de guerra. Apogeo y crisis de la Real Armada (1750.1823)*. MARCHENA FERNÁNDEZ, Juan y CUÑO BENITO, Justo (Eds.). Junta de Andalucía. Doce Calles. 2018. Vol III. P. 88.

A presenza catalá aquí estaba moi en consonancia coa exportación dos produtos da viticultura; viño, augardentes de destilación, e froitos secos como complemento do anterior¹⁴. Neste senso, especifica Fradera¹⁵ en recensión sobre a obra de Valls citada anteriormente, que grazas ó seu extraordinario dinamismo exportador, a mariña mercante catalá, a posteriormente engadimos nós para o caso que nos ocupa, e o sistema de casas comerciais establecidas en prazas estranxeiras medraron ó ritmo da coxuntura vitícola rexional e internacional. A consecuencia máis directa daquela liña de exportacións de tanta eficacia e ritmo de crecemento foi unha importante acumulación de activos nas prazas compradoras. As casas implicadas na exportación cara ou na importación dende aqueles mercados encontraron no envíos de teas de liño a forma de repatriar os beneficios dunha economía capaz de encontrar clientes en lugares alonxados. O mecanismo sostíñase sobre a presenza crecente dos augardentes cataláns nos mercados no norte de Europa. Na súa traxectoria narrada previamente os catalán arribarían a Galicia na que deixarían viños, augardentes e panos e cargarían cara o norte europeo a sardiña salgada galega. De volta a Cataluña cheos de panos brancos para estampar nas súas terras farían o propio co noso salgado. Pechábase o círculo comercial e o negocio saía redondo. Así, a presenza catalá nos mercados atlánticos, primeiro a través de prazas intermedias relativamente próxima (Cádiz, Lisboa), despois empregando os Países Baixos do norte como rampla para acceder a Inglaterra ou ós portos do norte de Europa e do Báltico, finalmente, camuflándose nos peiraos da Charente francesa para arribar de contrabando ó mercado inglés. A boa saúde do mercado de teas de liño en Barcelona tiña que ver co extraordinario dinamismo da exportación de augardente e alcohol de viño¹⁶.

Efectivamente, Vázquez Lijó¹⁷ deixa clara a relación dos cataláns co viño e os augardentes e o fomento que facían destas bebidas alcohólicas no seu asentamento na Coruña xa que é ben sabido que habitualmente os comerciantes cataláns que operaban en Galicia compaxinaban as súas actividades de salgado con investimentos no *corso*, tráfico de bebidas alcohólicas, chegando nalgún caso a arrendos do ramo de augardentes. En boa lóxica, intentaban fomentar o seu consumo¹⁸ e por elo foron acusados de favorecer o de bebidas alcohólicas e o formento doutros vicios anexos. Argumentábase contra eles o feito “*de establecer en cada taberna (más de 180, según su exagerado cómputo en la ciudad de A Coruña) otros tantos figones que sirven de anzuelos u estímulos para beber, de cuio*

14. ARG. Alcaldía maior de Ferrol e da Graña. Agustín Díaz, comerciante, veciño de Ferrol, con Bentura Sala, catalán, por impago duns seróns de figos e pasas. 1776-01-01 / 1776-12-31. Caixa 4971-53.

15. FRADERA, Josep M.: *F. Valls, La Catalunya atlàntica. Aiguarent i teixits a l'arrencada industrial catalana*. En [https://www.raco.cat/index.php/HistoriaIndustrial/article/view/63575]. Visto ó 14/IV/2019, ás 16,10 horas.

16. FRADERA, Josep M.: *F. Valls, La Catalunya atlàntica. Aiguarent i teixits a l'arrencada industrial catalana*. En [https://www.raco.cat/index.php/HistoriaIndustrial/article/view/63575]. P. 233. Visto ó 14/IV/2019, ás 16,30 horas.

17. VÁZQUEZ LIJÓ, José Manuel: *La Matricula de Mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII*. Tese de Doutoramento. Inédita. USC. Santiago de Compostela. 2005. Ps. 796-797.

18. ALONSO ÁLVAREZ, Luis: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen. 1750-1830*. Akal. Madrid. 1976. Ps. 129 e ss. MELIJE PARDO, Antonio: *Aspectos de la vida económica de Vigo*. Caja de Ahorros Municipal de Vigo. Vigo. 1983. P. 332 e ss.



Plano das rías de Ferrol, Coruña e Betanzos. Folio 1787. Archivo Histórico Nacional

ocio y desorden resultan muchos pecados y escándalos que no puede evitar el más zeloso párrocho, conductas que bajo el palio del fuero de Marina, inhibidas las demás justicias, resultaban difíciles de contener y castigar"¹⁹. Resulta sensato pensar que estes cataláns asentados nas augas coruñesas para mediados do XVIII estenderan a súa influencia ás de Ferrol e bisbarra.

En efecto, 70 anos máis tarde, Madoz²⁰ en 1844-45, no seu célebre Dicionario reseña que todos os portos da bisbarra ártabra fornecían de froitos, madeiras, pesca, homes..., ás obras do arsenal ferrolá e que cando a mediados do XIX as obras se paralizan tamén o fai o comercio e a actividade económica neles.

A segunda onda migratoria catalá comeza cara 1800 e continuou ata 1808 aproximadamente, xusto a comezos da Guerra de Independencia. Nela producírase o asentamento do 50 % dos cataláns censados na nosa terra para estes tempos, mentres que a terceira durará entre 1809 ata ben entrado 1825 co 25 % do total chegado. Pero esta nova masa de emigrantes diferénciase notablemente da anterior pois estas xentes traen consigo cartos e dispoñen dunha forte tesouraría e veñen coa mentalidade de empresarios, formando na maior parte dos casos sociedades mercantís, tal e como se desprende dos numerosos protocolos notariais consultados. Non son oportunistas, son verdadeiros capitáns de empresa que arriban a Galicia para quedar nela e integrarse nela, como así fixeron. Non instalan barracóns provisionais de madeira para traballar a sardiña, senón que erixen sólidas edificacións de pedra e unida á fábrica levantan tamén casa vivenda. O marco elixido será maioritariamente a ría de Arousa, zona de gran produción pesqueira o que pode resultar contradictorio coa primeira fase do asentamento xa que nas rías do norte non se daba a mesma circunstancia. Carmona Badía²¹ pecha o fluxo da emigración nos 30 posto que por estas datas a revolución industrial do Principado está en marcha e plenamente consolidada, daquela as oportunidades de negocios son moito maiores que as de Galicia, onde a crise da economía dos anos centrais do XIX empézanse a deixar sentir; a agricultura se estanca, o comercio de panos de liño está en caída libre e practicamente desaparece o comercio colonial a través do Porto da Coruña. Na década de 1820-30 non hai novos asentamentos o que pon de manifesto que a instalación dos fomentadores xa estaba consolidada como anota Carmona Badía en obra citada.

Así, foron anos duros os do comezo do século XIX posto que houbo que superar a Guerra contra a invasión napoleónica, o atraso que xerou, as campañas nas que escaseou moito o peixe e o estanco do sal que supuña un alto prezo para os industriais e particulares dedicados á salgadura, a Matrícula de Mar que deixaba orfos de homes a beiramar galega,... A situación social non era moito mellor e agora hai que resaltar os excesivos impostos das guerras carlistas, as levas continuas de mozos para estas, as fames negras, enfer-

19. VÁZQUEZ LUÓ, José Manuel: *La Matrícula de Mar*P. 795.

20. MADÓZ, Pascual: *Galicia*. "Diccionario Madoz". Edición facsimil. VI Vol. Voz Puente deume. Vol V. Editorial Breogán. Madrid. 1986. Ps. 1085-1089.

21. CARMONA BADÍA, Xoam: *Catalanes de Galicia, 1830-1900*. En "Els catalans a Espanya", 1760-1914. PÉREZ PICAZO, SEGURA I MAS, FERRER I ALÓS (Eds.). Universitat de Barcelona. Barcelona. 1996. Ps. 109-115.

midades infecto-contaxiosas como o cólera mórbida que provoca epidemias con gran mortalidades de ata o 50% dalgunhas parroquias, as pragas da vide, ...

3. OS CATALÁNS NAS RÍAS DO NORTE. O GOLFO ÁRTABRO

As causas da chegada e asentamento catalán ás costas do norte ponas de relevo Leal Bóveda²² e teñen que ver coa instalación do Arsenal de Ferrol nesta cidade. En efecto, no ano 1724, baixo o reinado de Felipe V decídese establecelo división do litoral español en tres Departamentos e declárase, en 1726, a Ferrol como Capital do Departamento Setentrional, a Cádiz do Mediodía e a Cartaxena das costas de Levante. Por aquel entón, a vila, cunha poboación de 222 habitantes, pertencía ó Señorío do Conde de Lemos, quen a cede á coroa ó ser declarado porto de guerra.

Para 1790 o Arsenal estaba practicamente terminado, cunha capacidade para manter 70 navíos, mediante unha prantiña de 5.440 homes²³. Parece evidente, que a un continxente de persoas desa envergadura habería que darlle formento e a proteína barata da sardiña salgada presentaríase como o alimento ideal. É posible que este feito e o do amenado comercio de viños teña que ver coa masiva instalación catalá no golfo ártabro en primeiro termo e non na despesa de sardiña que poderían significar as Rías Baixas.

Neste senso, á falla dun estudo pormenorizado das entradas de produtos no porto ferrolá resultan contraditorios os datos ofrecidos por Madoz no seu Dicionario²⁴. Vexamos; por una parte indica que nas vilas de Ferrol e Cedeira para 1845 é moi curta a pesca que se fai consistente, polo xeral, na modalidade de baixura. As especies son sardiñas, parrochas, xurelos, pescada, congro, róbalo, ollomoles, polbos brecas e merlóns. Como artes emprégase o xeito, traíña, xávega, chinchorro, palangres, rapetas, rascos e liñas. Finalmente, apúntase que todo o peixe é comido en fresco²⁵. Pero por outra banda, aporta cifras significativas de peixe pescado, convertido logo en salgado ou escabechado e exportado, principalmente a Castela. Non parece ser moi coherente este dato se atendemos ó feito de que en Ferrol e bisbarra había unha comunidade de operarios e militares que debían demandar alimento en grandes cantidades. Con todo, é rechamante a exportación de sardiña e saín cara o interior da Península o que ven a demostrar que a salga tiña unha importancia significativa nas actividades económicas da ría. A presenza dunha aduana

22. LEAL BÓVEDA, José María: *A pesca e a industria de transformación na Galicia Cantábrica. De Cariño a Ribadeo (1752-1940)*. Tese de Doutoramento en elaboración. Universidade de Santiago de Compostela. Do mesmo autor *A pesca e a súa transformación, salgado e conserva, na Galicia Cantábrica. O caso de San Cibrao*. Orixinal mecanografado. Museo do Mar de San Cibrao. 2017. P. 19 e ss.

23. [<http://www.armada.mde.es/ArmadaPortal/page/Portal/ArmadaEspannola/conocenosorganizacion/prefLang-es/04Apoyofuerza--01jal--05Arsenales--02arsenalferrol--03historiaresarsenal-es>]

24. MADÓZ, Pascual: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Establecimiento tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti. Madrid. 1845-1850. Ps. 525-553.
En [<https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=16877>]. Consultado o 31/III/2019, ás 21:03 horas.

25. MADÓZ, Pascual: *Ibidem*. P. 531.

de segunda clase na vila departamental atraería ós comerciantes da bisbarra ártabra que poderían remitir ós mercados a súa sardiña salgada e o saín e recibir outros produtos como alcatrán necesario para as redes ou bacallau. Así, por exemplo, para 1845 en Ares captúranse 2.244 arrobas de peixe das que se salgan 1.285 e consúmense en fresco 959 empregando 54 embarcacións e 550 mariñeiros. Mugardos, pola contra, especialízase no peixe maior con 4.344 arrobas de captura consumidas en fresco 676 polos pescadores e 3.668 polos consumidores. A especialización nos tipos e tamaño de peixes maniféstase no feito de que unhas vilas caracterízanse pola pesca de peixe miúdo; sardiña, por exemplo Ares, e outras polo de meirande tamaño para consumo en fresco, como Mugardos. No Cantábrico tamén parece producirse unha especialización nas especies pescadas con Viveiro onde se conseguen 12.330, 1.516 consumidas en fresco polos pescadores e 10.814 polos consumidores. Mentres tanto, no Barqueiro falamos de 24.438 arrobas capturadas, 10.816 salgadas, 2.676 escabechadas, 4.710 consumidas en fresco polo pescadores e 9.236 polo propio mercado. Neste caso, 10.416 arrobas salgadas destínanse cara Castela a onde tamén chegan 2.676 escabechadas.

De tódolos xeitos, e a pesares de que a aduana de segunda clase ocasionaba a residencia en Ferrol dos vicecónsules de Estados Unidos, Francia, Inglaterra e Portugal, faise patente a inexistencia de vías de comunicación e medios de transporte terrestres que comunicaran o porto co seu “hinterland” máis inmediato polo que o comercio faise fundamentalmente por mar ou en pequena medida a lombos das recuas dos maragatos cara ó interior peninsular. A pesares diso e ó socairo do arsenal, establécense no departamento moitos comerciantes, uns 70 cara 1845, entre os que destacan os franceses dedicados á importación de grans; millo e trigo destinados a satisfacela demanda dunha poboación, militar ou civil pero vencellada ó Arsenal, en continuo crecemento. O traslado das instalacións militares da Graña a Esteiro, desprazando cara Curuxeiras o peirao de pescadores e entrando en colisión con este sector, provoca un crecemento demográfico e urbanístico da vila e con el a aparición dun importante grupo social vencellado ó comercio, maiorista e minorista, amén doutro que ten que ver co artesanado. Ambolos-dous grupos xorden e se consolidan para a satisfacción da demanda de produtos dun mercado cada vez máis amplo relacionado coa instalación militar. Todo o que entre ou saia de Ferrol terá que ver con ela. Entran grans e viños, fundamentalmente, e saen graxa de peixe, saín, e peixe salgado que chega por mar das instalacións próximas ártabras de Pontedeume, Mugardos, Ares, Redes, Fontán, Sada... Este tráfico convértese nun lucrativo negocio para os produtores e ne-gociantes do mesmo xa que o milleiro de sardiña prensada ou en salmoira acaba vendéndose a 48 reais de vellón.

En definitiva, a partires de 1750 a meirande parte dos mariñeiros e pescadores pasa a engrosala nómina de peóns mariñeiros nas obras do Arsenal, inseridos na Matrícula de Mar e Ferrol trocou de ser núcleo exportador de peixe a mercados próximos, Betanzos, Pontedeume ou A Coruña a demandar nas súas prazas os produtos do mar, dos que principalmente se fornecía en orde ó labor dos mareantes das vilas inmediatas, en especial de



Plano del Arsenal Ferrol 1850 Biblioteca Museo Naval Ferrol

Mugardos²⁶. Así, para 1788 vanse asentado fomentadores como Manuel Vandrell, Joaquín Jofré, Ramón Torrens, Francisco Miró, Pedro e Jaume Domenech, Pau Haz, Juan Soler e Pedro Urgelle. Tamén o farán outros como Joaquín Jofré y Cía, Soler Domenech y Cía, Antonio Serracant y Cía, Torrent Martí y Cía, Joan Ferret, Josep Marset que posuían fábricas e almacéns na bisbarra ferrolá en portos como Mugardos, Ares, Betanzos ou San Felipe, pero tamén instalacións desas mesmas características nas rías atlánticas do sur; Vigo, Muros, O Grove ou Vilaxoán en Arousa²⁷.

Efectivamente, en 1858 segundo as estatísticas de cabotaxe en Ferrol entran 759 quintais de fariña, 1.357 de bacallau, 90 de augardente, 1.356 de millo e 10.379 de viño; 4.737 de Cataluña e 5.642 de diferentes partes de Galicia, O Salnés, Ribeiro..., tamén, 202 quintais de carne salgada, 946 de graxa de sardiña e 6.032 de peixe salgado. Pero nesa mesma data, xa en marcha as obras de consolidación do Arsenal, saen 382 quintais de

26. MARTÍN GARCÍA, Alfredo: *Población y sociedad del Ferrol y su tierra en el Antiguo Régimen*. Vol II. Ps. 627-638. Tese de Doutoramento. En [http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/.../1/MartinGarcia_Alfredo_TD_2001_01de2.pdf] e [http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/.../2/MartinGarcia_Alfredo_TD_2001_02de2_p1de2.pdf], consultados o 2/IV/2019 ás 9,32 horas.

27. MEIJE Pardo, Antonio: *La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: los salazoneros catalanes*. En "Anuario brigantino". Nº. 18, 1995, págs. 91-104, *La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos (1760-1830)*. En "Pedralbes. Revista d'histria moderna". Nº 4, 1984. Ps. 7-38, *Mercaderes catalanes en Galicia: Juan Carré y Bartra: 1806- 1844*. En "Boletín da Real Academia Galega". Nº. 333-338, 1959. Ps. 28-49, *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa (1780-1830)*. Comunicación presentada al I Coloquio de Historia Económica. Barcelona en 1972. La Coruña, 1973, *Economía marítima de la Galicia cántabrica en el siglo XVIII*. Universidad de Valladolid. Valladolid. 1971, LEAL BÓVEDA, José María: *Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa: los Peña y Valle-Inclán*. En "Cuadrante". Nº 33. Asociación de Amigos de Valle-Inclán. Cambados. 2000. 2016. Ps. 145-221, *Os cataláns no Salnés. Pesca e salga*. En "Ardentia. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial". Nº 10. 2018- Ps. 51-58, ALONSO ÁLVAREZ, Luis: *Emigrantes catalanes en Galicia, 1760-1832*. En "Els catalans a Espanya", 1760-1914. PÉREZ PICAZO, SEGURA I MAS, FERRER I ALÓS (Eds.). Universitat de Barcelona. Barcelona. 1996. Ps. 97-107, CARMONA BADÍA, Xoam: *Catalanes de Galicia, 1830-1900*. En "Els catalans a Espanya", 1760-1914. PÉREZ PICAZO, SEGURA I MAS, FERRER I ALÓS (Eds.). Universitat de Barcelona. Barcelona. 1996. Ps. 109-115. MARTÍN GARCÍA, Alfredo: *Ibidem*. Ps. 627-638.

trigo, 1.864 de millo, 5.804 de fariña (dos moitos muíños hidráulicos e de maré da bisbarra, como por exemplo o de Xubia obra dos franceses Lestache e Bocau)²⁸, 96 de graxa de peixe, saín, e 3.924 de peixe salgado; 1.239 cara Cataluña e 2.685 con destino a diferentes partes do “océano”. A clara función importadora dos anos 50 vese rachada por outra de signo inverso a partires dos mesmos aludindo a amentada necesidade de fornecer de alimento a unha bisbarra que crece ó ritmo das obras militares. O litoral ártabro vaise enchendo de cataláns que ocupan de xeito indiscriminado tódalas postas das praias dende as que largar e halar as xábegas. A finais de século, como veremos, fanse donos das antigas artes dos galegos, cercos, rapetóns, traíñas.

O outro fito que alimenta á chegada catalá ás rías do norte é o establecemento na cidade da Coruña do Real Consulado do Mar en 1785.

A carreira de Indias dende Galicia presentábase nun principio como unha rampla de lanzamento para facer negocios co novo mundo de modo que moitos dos que se instalan nestas terras teñen profesións máis relacionadas co comercio e a mariñeiría que co salgado²⁹. Pasado o tempo as cousas haberán de cambiar e a pesca e o seu transformado en salga tomarán o relevo das anteriores actividades³⁰.

A chegada dos cataláns producirá serias feridas en gran parte da orde establecida pesqueira galega, dominada pola fidalguía, a Igrexa a través dos gremios e os estamentos máis altos destes. A introdución da xábega, rede de arrastre moito máis produtiva que o cerco real ou a traíña, o acaparamento da sardiña dos pescadores mediante contratos con eles pagados, case en exclusiva, en viños e augardentes ou a concesión de préstamos para asegurarse a materia prima, a negativa a satisfacer o décimo da pesca ós cregos, os novos métodos de produción (salgado á holandesa, sen eviscerar coma no escochado galego), o aluguer dos arbitrios municipais do viño e augardente..., ergueron espullas no enramado social establecido do Antigo Réxime e pronto entraron en conflito coas elites locais que dominaban o negocio pesqueiro. A súa intromisión no mesmo comprometía as posibilidades que estas tiñan de seguir dispoñendo da metade das colleitas de sardiña e con elo as substanciosas ganancias que lles proporcionaba a súa posterior venda ós comerciantes asturianos e vascos³¹. O uso da xábega tamén xerou problemas porque non só competía coas artes ancestrais senón porque tiña que ser “largada” nos mesmos lugares onde os naturais o facían coas súas. Isto enfrontounos ós galegos que usaban a traíña e espoleados

28. MEIJEDE PARDO, Antonio; *El empresarismo industrial del negociante francés J. Lestache en el Ferrol del siglo XIX*. En http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1997PDF/1997%20035_050.pdf. Consultado o 31/III/2019, ás 20:58 h.

29. ALONSO ÁLVAREZ, Luis; *Emigrantes catalanes en Galicia, 1760-1832*. En “Els catalans a Espanya”, 1760-1914. PÉREZ PICAZO, SEGURA I MAS, FERRER I ALÓS (Eds.). Universitat de Barcelona. Barcelona. 1996. Ps. 97-107.

30. LEAL BÓVEDA, José María; *Cataláns, fomentadores e comerciantes da salga no Cantábrico galego (séculos XVIII–XIX)*. En “Terras de Ortegál”, nº 6. No prelo.

31. DUBERT, Isidro; *El desembarco de los catalanes en Galicia y los remedios de los naturales a la crisis de sus pesquerías. 1757-1788*. En “Modernitas”. Estudios en homenaje al Profesor Baudilio Barreiro Mallón. Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña. Betanzos. 2008. Ps. 351-364. Citado por LEAL BÓVEDA, José M^a: *Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa; los Peña y Valle-Inclán*. En “Cuadrante. Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos”. Nº 33. ARCHIVO DE LA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ACS): “Montepío de la pesca”. IG 411. 1777. Ps. 145-233.

polo clero e a fidalguía opuxéronse ós cataláns acusandos de roubarlles a sardiña. Estes lodos traerían como consecuencia a aprobación en 1769 das Ordenanzas de pesca para a Provincia da Coruña, de aplicación no distrito de Ferrol-Ortegal, que viña a ordenar ós patriás que non mantiveran “quimeras” cos cataláns. Con todo, tamén se aproban as da ría de Pontevedra de 1750 e, posteriormente, as de 1868 nas que se regula a con celo o uso das artes de enmalle dentro das rías. Seu autor foi o Ministro da provincia marítima de Pontevedra, Javier Sarmiento, irmán de Frai Martín Sarmiento coñecido ilustrado da época e defensor da orde establecida ata entón. As recomendacións de Sarmiento haberían de caer en saco roto posto que en 1772 Miguel Moré de Tosa, catalá de Mataró, veciño de Mugar dos denuncia a Juan de Cudillero, Pablo de Modia e outros matriculados do mesmo porto por terlle desarmado a xávega que acaba rota contra a muralla da dársena do Arsenal ferrolá. O mesmo fai Jaume Gelpi, mariñeiro matriculado en Mataró, residente en Mugar dos, establecendo querela contra Andrés Roxo, mestre dun dos cercos de traíña do porto de Redes, o seu contramestre e demais membros da compañía, porque tendo calada a súa xávega no lugar de Arnela da ría de Xunqueiras os demandados ameazárono “con gran furor y denuedo con ahogarlo con cuio hecho perdió (Gelpi) más de 15.000 reales de utilidad”³².

O bloque anticatalá funcionará á perfección nas augas da Coruña e Betanzos nas que os cercos e traíñas eran as artes dominantes e onde o estrato superior dos gremios, protoburguesía marítima segundo Carmona Badía³³, ó estar implicado na armazón daquelas e ver que a súa preponderancia poñíase en perigo, situárase en contra das xábegas e conseguirá bloquear o avance da rede barredoira coa colaboración do clero que comezaba a ter conflitos polo pago do décimo de mar. Xuntos os deputados da Coruña e Betanzos conseguen de S. Magestad no 1769 a aprobación dunha ambigua e amentada Ordenanza General que permitía ós subdelegados de mariña prohibir a xávega na súa demarcación. Aínda con todo, moitos pescadores seguían mercándolle ós comerciantes cataláns o fio para reparala rede tal e como se expón en numerosos documentos dos Arquivo do Reino de Galicia³⁴. Nestas, sinala Carmona que uns cataláns ficarán no golfo ártabro adaptándose ás condicións dos privilexiados e irán introducíndose como armadores para desprazar ós naturais como teremos ocasión de ver para 1791 con Pedro Galcerán, outros marcharán coas xábegas cara Portugal ou ás Rías Baixas, Fontanals ou Cuixeras, onde a situación era diferente³⁵.

Neste contexto, dada a precaria situación dos pescadores galegos ante a presión catalá Josep Cornide, Rexedor da cidade de Santiago, Gerónimo de Hijosa, industrioso ca-


32. ARCHIVO DE MARINA FERROL (AMF): “Protocolos Escribanía de la Real Armada (1739 e ss)”. Cortesía do profesor Bernardo Máiz que nos facilita a información.

33. CARMONA BADÍA, Xoan: *Producción textil rural y actividades marítimo-pesqueras en Galicia*. Tese de Doutoramento. Santiago de Compostela. 1983. Ps. 390-391.

34. ARG: Escrituras de constitución de sociedades. Sig. 4928-33-34, por exemplo.

35. CARMONA BADÍA, Xoan: *Ibidem*. P. 391.

talán asentado na Coruña que xa trouxera expertos franceses que o informasen da curación do abadexo e bacallau á francesa, Antonio Sáñet Reguart, Comisionado do Goberno para asuntos pesqueiros e Manuel Ventura Figueroa Gobernador do Real e Supremo Consello de Castela e Colector Xeral de Espolios e Vacantes, idean a fundación dun Montepío,



cuyo instituto fuese el de franquear caudales a los pescadores, sin premio alguno, con solas las condiciones de restituírlolos dentro de cuatro años; sujetándose a la pesca y salazón de la merluza, abadejo según el método que se practica en Terranova³⁶. O Rei aproba o seu establecemento por Real Orde de 6 de novembro de 1775 e comézanse a franquear fondos ás agrupacións de mariñeiros procedentes dos espolios e vacantes das catedrais de Santiago de Compostela, Mondoñedo e Tui. Ao tempo trouxéronse pescadores vascos de coñecida intelixencia, para ensinalles aquel método. Os esforzos dos ilustrados que, en definitiva, viñan ser un intento da fidalguía e clero por manter os privilexios dos décimos da pesca e mar que lles reportaban cuantiosos beneficios, acompañáronse do establecemento da Real Compañía Marítima en 1789, co obxecto de fomentar a pesca nas costas de España e América. Nin unha nin outra empresa haberán de ter os resultados apetecidos e resultarán un fracaso total, entre outras cousas, como apunta Labrada, *debido a la adhesión de los nuestros a sus antiguas prácticas...*(que)... *han hecho vanos los esfuerzos que hicieron los vascos por instruirlos*³⁷. Diso, o que nos interesa é o documento gardado no Arquivo da Catedral de Santiago posto que nos informa do estado en que se achaban as pesqueiras nas rías de Pontedeume, Mugardos, Ferrol, Ares, Mugardos, Arousa, Pontevedra, Vigo, Muros, Ortigueira e Viveiro.

Na quinta xunta concorren Francisco López e Joseph Vermudez, matriculados do porto de Sada, Subdelegación de Betanzos como representantes do mar ártabro. Expoñen que nestes portos fórmanse compañías de pesca, en concreto en Sada hai dúas, compostas cada unha delas por 50 ou máis homes segundo haxa ou non matriculados libres e non servindo na real armada, neste caso recórrese a persoal terrestre. Entre todos elixen a un patrón ou mestre ó que se subordinan mentres dure a campaña da sardiña e todos, mancomunadamente, contratan cun armador ou armadores para que lles armen a traíña, arte de pesca de cerco xa explicada en traballo precedente³⁸, *“obligándose los Pescadores por su parte á furnir 91 ó 92 quiñones o parte de Rede de 50 mallas de ancho y 10 brazas de alto concurriendo cada uno con 1^{1/2} ó 2, según sus fuerzas, y además de esto con el quiñon que corresponde á su Cuerpo, de modo que unidas las dos partidas vienen a entrar en la Compañía los Pescadores por su parte con 143 o 144 quiñones, y el Armador por la suya con la Ká ó cuerda en que se prende la Red, y se tira á los Barcos, y con el trincado lla-*

36. O documento do Montepío da Pesca consta dunha introdución feita polo propio Cornide na que se explica o porqué do Montepío. A continuación, veñen as Ordenanzas do Monte Pío de Pesca establecido na cidade de Santiago en beneficio dos naturais da costa de Galicia, por resolución de 6 de Novembro de 1775. Formadas por catro directores en virtud de Orden del Ilmo. Sr. Dn. Manuel Ventura Figueroa Gobernador del Real y supremo Consejo de Castilla y colector General de Espolios y Vacantes. Son 16 artigos nos que se especifican a normativa do Montepío. Logo danos a noticia da orixe, establecemento do Montepío, e primeira conferencia dos seus directores en 19 de xaneiro de 1777. Son 13 follas nas que se dá conta do acordado na reunión mantida. Daquela, a 4ª Xunta o día 23 na que se informa das 29 preguntas que se realizan a cada representante dos portos de Galicia que queiran acollerse aos fondos do Montepío. Na 5ª Xunta comezan os interrogatorios a estes representantes coa subdelegación de Sada e Betanzos, Baiona, Pontevedra, Marín, Carril, Vilanova e Vilamaior, Fisterra, Cangas, Vigo, Sanxenxo, Portonovo, Grove, Viveiro, Son, Palmeira, Santa Uxía e Deán, Caramiñal, Coruña e Malpica. ACS: *Montepío de la pesca...* *Ibidem*. P. 55.

37. LABRADA, Lucas: *Descripción económica del Reino de Galicia*. Editorial Galaxia. Vigo. 1971. Ps. 254/255.

38. LEAL BÓVEDA, José María: *O mar e os seus conflitos en Pontedeume. Séculos XVII-XIX*. En “Cátedra. Revista eumesa de estudios”. Pontedeume. Nº 25. Ps. 265-286. 2018.

*mado Galeon, en que se conduce, y tira la red, con sus remos correspondientes, reputada una y otra partida en 30 quiñones que con los 143 hacen 173, á que se añaden otros 5 que se abonan á los Patrones de los 5 Barcos llamados de la campaña por ser los en que se recoge, y conduce para su despacho la Pesca*³⁹. Outro exemplo témolo na escritura feita en Ferrol a 14 de 1789 na que José Ramos, Diego do Val, Juan Gelpi e outros 48 matriculados dos portos de Mugardos e Pontedeume, veciños deles e da freguesía de San Vicente de Meá, en nome deles e de sete persoas máis que non concorren ó acto por estar no servizo da Armada ou ser menores, asinan un documento no que mancomunadamente fan armamento e “*furnimiento*” dunha traíña “*o cerco real*” para a pesca da sardiña na ría de “*Junqueiras y demás parages donde tengan por conbenientes*”. Comezarían a traballar polo mes de agosto de 1790 e finirían o contrato cinco anos máis tarde, 1795, o que sería igual a outras cinco costeiras. Entre todos elixen como mestre ou patrón a José Ramos e especifican que José Toimil, Pedro Piñón, Juan de Souto, José de los Santos e Vicente Fernández han de facilitar un galeón, as redes, amarras, remos, rizóns, velame e o demais necesario para armalo referido cerco e telo todo listo para principios de agosto do ano 1790 ou buscar outro armador ou armadores. Piden que sexan matriculados antes que terrestres “*mediante a que la utilidad y producto de la pesca debe refundir a favor de los primeros y no de los ultimos*”. Deben facerse cargo de conseguir ó mesmo tempo dezaseis pezas de cala de trinta e seis brazas de longo cada unha cos “*entrillos*” necesarios e o alcatrán preciso para o quiñón da rede que “*forman por el mismo costo y costas que detengan con obligación que hacen de satisfacérselo en el primer reparto que se haga del dinero que produzca la primera proxima costera*”. Cada membro da compañía debería poñer para a formación da traíña un quiñón de rede “*a reserva de que el Diego do Bal lo ha de executar de dos compuesto cada quiñón de tres piezas de veta de sesenta mallas de ancho cada una y el largo una de ellas de diez y nueve brazas, otra de diez y seis y la otra de trece, dos piezas de cope, una de diez mallas de ancho y ocho brazas de largo. Una pieza de veta llamada raima de treinta mallas de ancho y diez brazas de largo. Otra veta de Compañia (...) de quarenta mallas de ancho y ocho brazas de largo con su raima para el cope y la otra pieza de cope de ochenta mallas de ancho y cinco brazas de largo, todo ello bien enjuto y acondicionado con los correspondientes corchos a satisfaccion del repetido maestre*”. José Toimil, Pedro Piñón, Juan de Santo, José de los Santos y Vicente Fernández deben achegar á compañía de pesca unha lancha con todo o necesario a satisfacción do patrón.

Do produto da pesca darianselle sete partes ou quiñóns ó armador do galeón, un a cada individuo pola rede e traballo, ós patróns por lancha e rede dous e ó mestre pola súa rede e persoa un e medio, “*lo mismo que levantará Diego do Cal por su trabajo y dos quiñones de red que ha de juntar mediante a que este y el citado Maestre por el trabajo que*

39. ARCHIVO DE LA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ACS): “*Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepio erigido en la Ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. para auxilio, y fomento de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777*”. SIG. I. G. 411. PS. 15-19. Citado por LEAL BOVEDA, José María: “O mar e os seus conflitos... Ps. 278 e ss.



Cargando traíña industrias pesqueras

han de tener y ser acredores a qualquiera gracia se le hace de medio quiñón que concede a los demas compañeros”.

Todos os compoñentes da compañía debían asistir á pesca da sardiña durante os cinco anos que duraba a sociedade, ou o que era ó mesmo ás cinco costeiras estipuladas así como ós demais traballos conducentes a elas, quedaba prohibido deixala compañía para pasarse a outra e resultaba unha obriga o feito de sacala rede do mar, enxugala e introducila no galeón toda vez que se saíra á costeira. De non ser así, sacaríaaselle unha parte do quiñón, cinco reais, unha vez realizado o reparto das ganancias que sería repartido entre o armador e compoñentes da sociedade, previo aviso ó intendente ou ministro do porto correspondente. Quedaban exentos destas obrigas aqueles que estiveran enfermos, impedidos, os que debían asistir ó soterramento de pais, fillos, recém nados ou os obrigados a engrosar as filas do servizo na real armada: “*y al que esto le acaeciére ó tocarse hir al Servicio se le admitira a sus mugeres viudas o Padres de los solteros su quiñón de red y satisfará uno entero del producto de la pesca como si personalmente asistiera a esta y demas faenas precisas sin descuento alguno*”. Tratábase con elo de cubrir calquera continxencia que afastara das ganancias ós matriculados.

Nin o patrón da lancha, nin ninguén da tripulación debía facer uso da cala do armador para amarrala ou outra faena agás somentes cando a traíña era largada, do mesmo xeito ningún patrón podía saírse da posta ou contraposta cando o mestre estivera exercendo labores de atalieiro. Especificábase que tódolos compoñentes da traíña deberían ser fieis e obedientes cos mestres e patróns baixo a pena de ser despedidos da contrata, poderíanse incorporar terrestres se as necesidades da pesca o fixeran necesario, chegan a engadir a Mateo da Grela e Bernardo do Bal baixo as mesmas obrigas e beneficios que os demais matriculados, nomean a José Toimil como armador que acepta o encargo e se compromete a facer entrega do capitulado na primeira condición. A escritura asinábana todos os que sabían facelo e no nome dos que non e estaba presente como testemuña; Pedro

Gavino Lopez de Castro. Como queda antedito, o armador tiña que fornecer de fío de cán-
ybo, alcatrán e demais utensilios á compañía os prezos que adoitaban ser⁴⁰:

	Quints. Gallo	Reales	Maravedís
Camaño	1	211	26
Alquitrán	1, Castº	55	
Brea	1	55	

Considerábase nos gremios ártabros, segundo revelan nas xuntas do Montepío da Pesca citado: “*Que se debe prohibir el Bou, y la Xabega por estarlo en la orden de S. M. de 26 de Noviembre, el Trabuquete por estarlo en la Ordenanza de Pontevedra, el Xeito desde el mes de Julio hasta Sta Cathalina por estarlo en la de Betanzos del año de 1566 y por una concordia de los Pescadores de la Ria de Junqueiras del 1694. Que no se permita largar dentro de las bahías ningún Palangre de media burdera incluso para abaxo por ser destructivo de la cria de congrio y otros pescados menores*”, e incidían que “*se hallan atrasados y Pobres por las excesivas utilidades que para remediar sus urgencias se han visto obligados á conceder á los Armadores y mas Tratantes*”⁴¹ en clara referencia a desigualdade no reparto do produto da pesca en orde a posesión ou non dos medios de produción narrados e ós prezos á baixa impostos por maragatos e cataláns.

Pese á rixidez das normas estipuladas, as sociedades non estaban exentas de desencontros e desordes e así ocorre, por exemplo, en agosto de 1790 cando estando a rede tendida non campo de Esteiro, o armador, José Toimil, ordena ós tripulantes introducila no galeón para saír a pescar. A orde é rexeitada por Nicolás Piñeiro, Juan Lopez e uns cuarenta compañeiros máis que diante das advertencias do armador dan por rotas as condicións especificadas na contrata. Un dos mariñeiros, o amentado Piñeiro, entra en cólera e ameaza de morte a Toimil, patrón e outros compañeiros ó tempo que cun coitelo corta a súa parte da rede do cerco. Elo impide saír ó mar nunhas datas nas que as restantes traíñas se aplicaran con éxito na pesca da sardiña dada a súa abundancia. Así, a tódolos amotinados: “*y como quiera que los expresados yndividuos por la contravención de lo pactado en dicho ynstrumento de Compañia no solo se constituyeron responsables a satisfacer el resto de ella, todos los daños y perjuicios que por aquel motivo ha sufrido sino que adem- mas se hicieron acreedores a la pena que V. (refírese ó intendente xeral de mariña do departamento ó que ía dirixida a denuncia) considere proporcionada y condigna a un deli- to de tanta gravedad. (Pídeselle) Condenarles en el resarcimiento de quantos perjuicios han ocasionado*”⁴²

40. ACS. Libro en que se dá noticia de las Causas, y origen del Montepio erigido en la Ciudad de Santiago por Real Resolucion de 6 de Noviembre de 75. para auxilio, y fomento de los Pescadores de la Costa de Galicia, nombramiento de sus Directores, sus Juntas y resoluciones. Año de 1777. SIG. I. G. 411. PS. 15-19.

41. ACS. *Ibidem*. Ps. 15-19.

42. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (ARG): Despachos. Sig. 5035-14.

Amén da traíña tamén se usaba o xeito, arte de enmalle que entraba en competencia coa anterior e que ocasionou non poucos preitos entre os mareantes das nosas rías. Rede de enmalle, deixábase á deriva durante a noite e recollíase ó alborealo día a entrada das rías. Dependendo do seu tamaño podía ser de 150, 300, 400 ou 500 mallas polo que o uso das máis grandes era considerado pernicioso polos mareantes das traíñas xa que ó chegar ata o fondo non deixaba pasar a sardiña ó interior das radas: *“los Mareantes de traíña, y mas matriculados empleados en ellas, en vista del desorden y abuso de los xeiteiros y trabuqueiros en dar a los aparejos de esa especie mas de la de ciento cincuenta mallas admitidas por el uso y costumbre con que lo estancan la pesca dando mas profundidad de la necesaria para que pueda entrar y salir (a sardiña) y proporcionar a las Trahiñas ó Cercos Reales de la que huye de esta barrera”*⁴³.

Enmarcábase a ría de Ares e “Junqueras” por orde do “Capitan General” de Galicia: *“desde la principal punta mas saliente a la mar del terreno cuitelada que se halla al Nor-nordeste de dicha Ría, y por el Sur debe servir de tal demarcacions de la indicada Ria la Marola grande, desde cuías demarcaciones adentro es ta Ria y para fuera de ella la mar”*.



La escala desemalle de sardinas

43. ARG. *Ibidem*.

En efecto, en 1810, os mestres de traíñas dos portos de Pontedeume, Ares, Sada e Fontán solicítanlle á Xunta Superior de Galicia que se suspenda a orde do comandante xeral do Departamento de Mariña de Ferrol, Francisco Vázquez Mondragón, de 26 de novembro de 1809, que permitía a pesca da sardiña con xeito e trabuquete durante todo o ano e en calquera lugar da ría de “Junqueras” debéndose entender que *“estos (os xeitos) no han de tener mas mallas que aquellas que por Ordenanza anteriormente estaban en uso”*. Deica ese intre ás traíñas ou cercos reais pescaban dende o primeiro de xuño ata o un de xaneiro ficando os meses restantes para beneficio dos xeitos, trabuquetes e xábegas. Previamente, o uso nas rías ártabras desta arte, amén da xábega dos cataláns dende principios de xuño ata finais de decembro agás na ría de Ferrol, estivera prohibido tal e como o aseveran os capitáns de traíñas dos portos de Pontedeume, Sada e Fontán; Isidro de Pico, Pedro Piñeiro, Pedro Falcón, Antonio Fía, Domingo Blanco, Salvador Lopez, Antonio Lopez e Agustín Bugallo: *“hacen presente (...) a la superioridad sobre los nobles perjuicios que causaban varios pescadores con redar a lo que llaman el Xeito, tanto para la fomentación de los quiñones de los que exponen como para los fabricantes del comercio en la salazón de la sardina en vista de lo qual y conociendo los justos motivos que les obligara á reclamar la misma superioridad se dignó tener a bien el concederles su pretensión (prohibir o uso do xeito) en el año de mil ochocientos”*. Advirten os anteditos que os pescadores xeiteiros da ría da Coruña achéganse ás de Ares, Sada, Pontedeume..., e entaboa liortas cos das traíñas. Amén diso, argumentase que os xeitos tan so empregan catro ou cinco homes por embarcación e algún deles é terrestre, a produción estimana en dous milleiros de sardiñas, espantan a sardiña que non enmalla cara fóra da ría co ruído de pedras e paos que fan os xeiteiros para que fique presa e desangrada polo que *“no tiene el menor merito, tanto para comer fresca, quanto para salarla pues le falta la natural sustancia y ademas se muele y es despreciable, lo que no sucede así con el método de pescar alos Cercos Reales por ser simples”*⁴⁴.

Pola contra, a traíña empregaba máis man de obra, uns 50 homes por compañía *“que a este efecto salaban, y los fabricantes fomentadores de ella, á muchos centenares de millares, que prensada y puesta en Cascos, da pues de alquitarada la grasa para el servicio y consumo comun embarcaban para las Américas y otros diferentes puertos de la Corona con conocido veneficio de sus naturales en su circulacion y uso para conservacion de la vida humana, y el Real Herario, por las numerosas fanegas de sal que se gastaban o invertian en la salazon, quanto por los derechos de salidas, intervenciones, ventas en primera y segunda suerte, compras y retornos de otros generos del producto de dicha sardina”*⁴⁵. Como apunta Carmona Badía: *“a desposesión dos mariñeiros galegos a mans dos cataláns á que se refiren autores como Cornide, Sarmiento, González de Zúñiga, Díaz de Rábago..., debe ser relativizada, xa que por moito que traballasen en réxime de parcería e que os propietarios das lanchas fosen en moitos casos matriculados, as tres*

44. ARG. *Ibidem*.

45. ARG. *Ibidem*.

*cuartas partes dos mareantes do país estaban xa desposuídos da propiedade das lanchas de pesca antes da penetración catalana. O feito de que posúiran algún pano de rede para armaren o xeito ou outras artes non modifica a argumentación, porque eses panos vannos conservar despois*⁴⁶.

En definitiva, os preitos con outras cidades ou vilas, coas autoridades señoriais polos dereitos do comercio, aqueles entre os mareantes pola xurisdición das augas ou polas artes empregadas, os referidos ás distintas remuneracións ou formas de repartilo excedente e, finalmente, coas autoridades locais polo gravame do cambo ou doutros, parecen indicar que as relacións no mundo do mar podían ser calquera cousa menos igualitarias e, dende logo, vivíase nunha beiramar que estaba moi lonxe de nadar no seo da paz ou da abundancia como a narrada polos ilustrados⁴⁷, segundo tamén anota Carmona Badía en obra citada.

Volvendo ó exposto por López e Vermudez para o Montepío da Pesca, todo indica que, para 1777, os cataláns non so están definitivamente instalados na beiramar ártabra senón que controlan o negocio da pesca e os seus transformados posto que xa teñen instalados nos peiraos alpendres nos que organizalas tarefas e gardar o necesario para esta actividade. A sardiña ten dous destinos; un para salgado na casa mediante o método tradicional galego do escochado, descabezado, eviscerado, salgado e leve prensado, ou para venda en fresco ós cataláns ou outros tratantes, maragatos, establecidos nas rías a un prezo corrente ou polo capitulado antes da colleita (que soe ser o dobre máis baixo do corrente) en satisfacción dos cartos que reciben en préstamo os pescadores. Deste xeito, consúmase a subordinación galega ós intereses comerciais cataláns. Con todo, non so se exportaba ás Indias senón tamén a prazas do Mediterráneo como Barcelona, principal receptora do noso peixe, ou ó mesmo Cantábrico e Francia chegando a sardiña salgada galega ó interior peninsular a lombos das recuas dos maragatos que ata aquí se achegaban e estaban exentos de calquera tipo de pago en forma de impostos á Igrexa⁴⁸.

Unha simple ollada ponnos de manifesto que para as datas que nos interesan do Montepío da Pesca os principais portos de captura de sardiña eran os da provincia da Coruña e o conxunto dos do golfo ártabro superaban con creces ós demais de calquera bisbarra galega. A pegada catalá nestas augas facíase notar.



Pataches pailebotets betanzos

46. CARMONA BADÍA, Xoán: *Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII*. En Grial. T. 27, Nº. 102, A Ilustración en Galicia (abril, maio, xuño 1989). Ps. 216-226.

47. LEAL BÓVEDA, José María: *O mar e os seus conflitos en Pontedeume. Séculos XVII-XVIII*. En "Cátedra. Revista eumesa de estudos". Nº 5. Pontedeume. 2018. Ps. 265-286.

48. MEIUIDE PARDO, Antonio: *La economía de Sada y Fontán*...Ps. 91-94.

Principais portos de captura de sardiña. 1774	
Portos	Milleiros de sardiña
A Coruña	80.000
Ares / redes	80.000
Combarro / Campelo	70.000
Cangas	60.000
Corcubión / Fisterra / Cee	60.000
Muros	40.000
Sada	40.000
Camariñas / Muxía	30.000
Mugardos	30.000
Pontedeume	30.000
Redondela	30.000
Caramiñal / Pobra do Deán	28.000
Marín	27.000
Ribeira	25.000
Viveiro	24.000
Outros	322.000
TOTAL	976.000

FONTE: CORNIDE. *Memoria sobre la pesca de la sardina en la costa de Galicia*. Madrid. 1774. Ps. 151–152. Citado por MEJIDE PARDO, Antonio: *La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos (1760–1830)*. En “Pedralbes. Revista d'història moderna”. N° 4, 1984. P. 14. Elaboración propia.

Milleiro de sardiña embarcados en Sada con destino a Cataluña e Levante	
Ano	Milleiros
1797	1.750
1801	6.005
1803	3.700
1807	2.000
1812	1.156
1815	1.820
1816	7.340
TOTAL	23.771

FONTE: MEJIDE PARDO, Antonio: *La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: los salazoneros catalanes*. En “Anuario brigantino”. N°. 18, 1995. P. 100. Elaboración propia.

Ares era o segundo porto en produción de sardiña das rías ártabras. Nótanse nas cifras uns altibaixos considerables que van dos 1.750 milleiros exportados a finais do século XVIII, a gran expansión de comezos do XIX con 6.005 milleiros, o descenso notable nos anos da guerra cos franceses e a recuperación posterior de 1816 con 7.340. Por produtores-exportadores; Ortoll-Miró e Cía comandaban a lista a distancia dos demais; Gassó, Domenech, Torréns, ...

Estado que amosa a pesca do golfo Ártabro e Cantábrico galego. Quintais de cecial. 1774

Portos	Barcos	Vascotes	Milleiros sardiña	Congro	Pescada	Abadexo	Traíñas e sacadas
A Coruña	16		80.000	300	600		2 T
Sada	14		40.000				2 T
Betanzos	7		20.000				1 T
Pontedeume	18		30.000				3 T
Redes y Ares	42		80.000				7 T
Mugardos	12		30.000				3 T
Cedeira	5						
Santa Marta	2						
Barqueiro	3						
Viveiro	28		24.000				4 S
Celeiro	12		15.000				2 S
Burela	3		900	300			
San Cibrao	3		1.000		4.380		
Nois	1		200				
Foz	6		1.400				
Rinlo	2		500		200		
Ribadeo	4		1.200				
TOTAL	178		324.378	600	5.380		24

FONTE: CORNIDE. 1774. Elaboración propia. T. Traíña. S. Sacada. Elaboración propia

O sal procedía das salinas de Setúbal; Portugal, Cádiz e Torrevieja e sobre el había un estrito control por parte dos interventores patrióticos que podían chegar a paralizalas descargas do mesmo se non se facían seguindo as normas protocolarias. Así ocorre no porto de Fontán en 24 de marzo de 1811 cando o interventor patriótico do mesmo detén a descarga de sal do iate portugués “La Concepción” atendendo a que non había presenza da “Junta Provincial” de Betanzos e non se garantían as medidas necesarias para evitar medicións incorrectas que defraudaran á facenda real⁴⁹.

A falla de fornecemento ós alfolíns locais era a norma común tal e como o pon de manifesto ó escrito remitido pola “Junta Provincial de Betanzos” á “Junta Superior de este Reino”, o 12 de decembro de 1810, advertindo da escaseza dela no porto de Pontedeume e da necesidade de que sexa fornecido por dous navíos españois que a transportaban cara o

49. ARG. Facenda. Sig. 39985/179-2-3-4-5-6.

porto de Ferrol⁵⁰. Por esas datas tamén se piden 25 fanegas de sal pola baixa, prezo de graza de 8 reais por fanega, para os fomentadores do porto de Sada que está a piques de quedar sen ela co conseguinte mal para o salgado de sardiña. O mesmo sucede con Pontedeume no 14 de decembro do referido ano⁵¹. Para facerse con ela os pescadores, o gremio nomeaba a dous ou tres homes que acompañaban ós mestres de traíñas que con unha certificación do Subdelegado portuario pedían a cantidade necesaria no alfolín e pasaban a tomalo. Logo pagábano ó tempo de repartir as ganancias da compañía en orde ó quiñón que lles correspondía e á cantidade consumida. Dito gremio tiña un cabo celador que era a máxima autoridade da organización e a través del pasaba as ordes o amentado subdelegado portuario. Para a súa organización dispoñía dunha xunta de patróns nas que se deliberaba dos asuntos necesarios e en caso de contumacia recoñecía-se a autoridade do cabo celador.

Pero de cantos fomentadores cataláns estamos a falar nas rías ártabras para o período 1760-1830? Mejjide Pardo, Alonso Álvarez e Martín García dannos as cifras do seguinte cadro, mentres que Leal Bóveda advirte de que moitos dos asentados aquí; Domenech, Galcerán, Miró, Martí, Fuster, Torrén, Montaner, e outros, acabarán desprazándose a Cariño, Bares, O Barqueiro e Viveiro en sucesivas ondas que irían dende 1761 a 1830⁵².



Cargando peixe no concello de Cariño

50. ARG. Facenda. Sig. 39985/142-1.

51. ARG. *Ibidem*. Sig. 3995/142-3-4.

52. LEAL BÓVEDA, José María: *Cataláns, fomentadores e comerciantes da salga no Cantábrico galego (séculos XVIII-XIX)*. En “Terras de Ortegál. Revista de estudos locais”. Nº 6. Ortigueira, No prelo. Do mesmo autor: *A pesca e a industria de transformación na Galicia Cantábrica. De Cariño a Ribadeo (1752-1936)*. Tese de doutoramento en elaboración. Universidade de Santiago de Compostela. 2019.

Número de cataláns asentados nas rías do golfo Ártabro e outras bases (1760–1830)

Portos	Número cataláns
Mugardos	2
Mugardos – Ferrol	50
Betanzos – Mugardos	1
O Grove – Mugardos – Ferrol	1
O Grove – Mugardos	1
Pontedeume – Mugardos – Ferrol	1
Pontedeume	6
Arousa – Mugardos	1
Ferrol	16
Sada – Fontán	28
Betanzos	2
TOTAL	109

FONTE: MEJIDE PARDO (1959, 1971, 1972, 1984, 1995), ALONSO ÁLVAREZ (1996), MARTÍN GARCÍA (2001).
Elaboración propia.

Por localidades, teríamos os seguintes nomes:

Cataláns asentados nas rías do golfo Ártabro e outras bases (1760–1830)

Portos	Nomes dos cataláns
Mugardos	Pau Badía, Salvador Alsina
Mugardos – Ferrol	Salvador Alsina, Benito Badía, Esteban Badía, Félix Badía, Félix Badía (hijo), Pau Badía, Juan Balaguer Rabassa, Jaime Baldriz, Juan Ballester, José Bujons, Juan Bujons, Ventura Bujons Llanusa, Pau Calvet, Salvador Carbonell, Francisco Carreras, José Carreras, Salvador Carreras, Furriol Carrero, Antonio Domenech, Jaime Domenech, Luis Domenech, Miguel Domenech, Antonio Esteva, Antonio Fábregas, Magín Farrés, Esteban Ferrer, Magín Ferrer, Juan Ferret, Ramón Fuster, Pedro Galcerán Finet, Pedro GAlcerán Valls, Miguel Gassó Miró, Félix Gelpi, Jaume Gelpi, José Gelpi, Juan Gelpi, Pablo Gelpi, Pedro Gelpi, Simón Gelpi, Pedro Gené, Lorenzo Ginesta, Miguel Ginesta, Máximo Golar Llanusa, Antonio Marques, José Marset, Gerardo Martí i Mestre, José Martí Molins, Antonio Martí Soler, Pedro Mas, Juan Mille Gassó, Jacinto Mir, Francisco Miró, Juan Mirós, Antonio Moret, Juan Moret Esteva, Juan Ortoll, Pau Pascual, Bartolomé Plana, Francisco Plana, Juan PUig Escardo, Antonio Ríos, Andrés Roldós, Antonio Ros, José Ros, Antonio Roset, Ramón Roset, Antonio Torrens, José Torrens, Juan Torrens, Juan Torrens, Antonio Troche Lladó, José Vadell, Manuel Vandrell, Pablo Vidal
Betanzos – Mugardos	Josep Marset
O Grove – Mugardos – Ferrol	Joan Ferret
O Grove – Mugardos	Jaume Domenech

Cataláns asentados nas rías do golfo Ártabro e outras bases (1760–1830)	
Portos	Nomes dos cataláns
Pontedeume – Mugardos – Ferrol	Antoni Martí i Soler
Pontedeume	Ramón Rafols, Josep Sole, Josep Vadell, Tomás Vadell, Josep Illa, Josep Guasch
Arousa – Mugardos	Pau Haz
Ferrol	Manuel Vandrell, Ramón Torrens, Francisco Miró, Pedro e Jaume Domenech, Pau Haz, Juan Soler, Josep Albanel, Manuel Teixidor e Pedro Urgelle, Joaquín Jofré y Cía, Soler Domenech y Cía, Antonio Serracant y Cía, Torrent Martí y Cía, Joan Ferret, Josep Marset
Sada – Fontán	José e Juan Albanell, Francisco Bargalló, Juan Ballester, José Caminada, José Carbonell, Andrés e Caietano Reus, Gerónimo Estefanell, Francisco Ferrer, José Goel, José Grau, Juan Lampallás, Tomás Maristany, Francisco Marticó, Francisco e Juan Miró, Daniel e Juan Pascual, Francisco Plá, Francisco Pullés, Juan Oliver, Juan Ortoll, José Torréns, Ramón Tort, Cristobal Vidal, Francisco e Juan Vidal
Betanzos	Antoni Sola, Blas Illa
TOTAL	109

FONTE: MEIJIDE PARDO (1959, 1971, 1972, 1984, 1995), ALONSO ÁLVAREZ (1996), MARTÍN GARCÍA (2001).
Elaboración propia. Nota: en Mugardos–Ferrol engadimos todos os mencionados por Meijide Pardo no seu traballo sobre o porto de Mugardos e non seguimos a clasificación feita por Alonso Álvarez.
Elaboración propia.

4. OS CONFLITOS COS CATALÁNS POLA MATRÍCULA DE MAR

O asentamento catalán na bisbarra produciu cambios no mundo do mar que racharon co tradicional existente. Introducíronse no negocio dos viños e augardentes que traían dende Cataluña, o mesmo que os panos, copando as sisas municipais ata o de agora controladas polo clero e a fidalguía. Ademais, anticipaban con eles e con cartos os pagos das futuras costeiras de sardiña asegurándose así o fornecemento da mesma e a subordinación dos patriás. O desprazamento do negocio pesqueiro ata o de agora controlado polas elites privilexiadas consumábase e colocaba ós cataláns no cumio desta pirámide. Pero, por encima de todo, traían unha arte de pesca moito máis intensiva na extracción; a xávega que puxo na súa contra ós mestres das traíñas e ós pescadores que os acusaban de roubarlles a pesca e de baixarlles os prezos da sardiña. Estes, co apoio do clero, da fidalguía e estratos superiores gremiais pronto entraron en conflito con aqueles. Os escritos dos ilustrados como Cornide, Sarmiento, Zúñiga, Monsorío e outros, contra estas xentes estaban viciados por ser parte interesada e pretendían fender unhas augas bravas que erguían tempestades na beiramar do Antigo Réxime: “*y he aquí se presentan los industriosos catalanes: esos holandeses del Mediodía, que vinculan su subsistencia en los productos de su industria: esos hombres especuladores, cuyas operaciones dirige solo el interes; y des-*

ramándose en varias colonias de Pescadores, y traficantes por la costa, ocupan hasta la mas pequeña ensenada: emprenden la ruina de su pesca: trastornan el comercio de sus Naturales, dexándolos en una sujecion precaria: abusan de la sencillez de los incautos Pescadores; empeñándolos en contratos, que causan su ruina; y anticipándoles en vinos, y aguardientes el valor de su futuro trabajo, vician sus costumbres, y fomentan su ociosidad; porque no pudiendo el deudor disponer de su producto, le mira con tedio y reputa por perdido”⁵³. Diante destas liortas acábase redactando a “Ordenanza de Pesca para la provincia de la Coruña en 1769” na que se procedía a regular con calculada ambigüidade o uso das xávegas con obxecto de que a meirande parte dos mariñeiros non andivera en “quimeras con catalanes, o otros, y sólo si el el que creyese que en la práctica se perjudica, los avisara al Ministro o Subdelegado para que tome providencia, pues si alguno renovar disturbios pasados será correspondientemente castigado”⁵⁴. Finalmente, os mariñeiros galegos estaban suxeitos á Matricula de Mar, que agora explicaremos, mentres que os cataláns a eludían alegando estar matriculados no Principado catalán.

As primeiras medidas de recrutamento marítimo voluntario datan de 1606 e 1625 pero non deron o resultado apetecido volvendo a poñerse en práctica en 1717 e 1735 como antesala do que serían as “Reales Ordenanzas de la Armada”, redactadas no 1748, preámbulo da “Matricula Obligatoria” do Marques de la Ensenada de 1751⁵⁵. Viñan a facer obrigatorio o servizo na Armada de pescadores, mariñeiros, carpinteiros de ribeira e calafates en idades comprendidas entre os 14 e 60 anos, tramo que se reduciría máis adiante, no 1802, pasando de 18 a 48 anos. Con estas levas pretendíase dispor de tripulacións axeitadas en caso de guerra ou crises diplomáticas e lembremos que, como queda anotado, España pretendía sela bisagra que arbitrara a política de contendas entre Inglaterra e Francia polo que guerras teremos dabondo. Outra das causas que podían provocar a demanda de homes para a Armada era a necesidade de protección da flota de Indias ou das colonias americanas tal e como se desprende deste documento: “El Comandante General de Marina del Apostadero de la Habana pide 151 hombres de mar de matricula europea para el completo que necesita el apostadero de la Habana y manifiesta las razones en que está fundada la reclamación. El número de plazas que necesita este Apostadero para cubrir sus atenciones en la actualidad es de 1088, de los cuales 555 son naturales de esta Ysla y la de Puerto Rico y de sus matriculas, que a decir que la mitad es de esta clase, agreguese a este número 24 levas de todas partes, de que resulta que solo son 292 los

53. CORNIDE SAAVEDRA, Josef: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Por D. Joachin Ibarra Impresor de Cámara de S. M. Madrid. 1774. Facsimil. Consello da Cultura Galega. 1997. P59-60.

54. “Ordenanza de Pesca para la provincia de la Coruña”. En Santiago, en la Imprenta de Sebastian Montero Y Frayz, impresor. 1769. Disposición XXI. Citado por DUBERT, Isidro: *El desembarco de los catalanes en Galicia y los remedios de los naturales a la crisis de sus pesquerías, 1757-1788*. En Modernitas. Estudios en homenaje al Profesor Baudilio Barreiro Mallón. Manuel-Reyes García Hurtado (ed.). Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña. A Coruña. 2008. P. 354.

55. Para este tema ver DE SALAS, F. J.: *Historia de la Matricula de Mar*. Madrid. 1870. Para o caso galego; VÁZQUEZ LUÓ, José Manuel: *Los privilegios de la Matricula del Mar y su cuestionamiento práctico. La dureza del Real Servicio en la Armada en el siglo XVIII*. En “Obradoiro de Historia Moderna”. N° 6. 1997, e sobre todo *La Matricula de Mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII*. Tese de Doutoramento. Inédita. USC. Santiago de Compostela. 2005.

matriculados europeos. Si la experiencia no nos hubiese puesto de manifesto en tiempos pasados lo que se arriesga en estos países al confiar las armas a los naturales, lo que me propongo sería acaso infundado...”. O documento asinabao “El Comandante General de Marina del Apostadero de la Habana” e ía dirixido ó “Escmo. Sor. Secretario de Estado y del Despacho de Marina”, o 30 de xullo de 1836⁵⁶.

O alistamento outorgaba varios privilexios entre os que o principal era que so podían dedicarse ás tarefas do mar aquelas persoas inscritas na Matrícula de Mar, quedando excluídos delas os denominados “terrestres” chamados así porque, tendo como ocupación fundamental a terra, alternaban estas tarefas coa pesca ou marisqueo... Por outra banda, liberábanse os homes de mar de ter que cumprir servicio militar no exército de terra ou de ter que pagar calquera imposto sobre a pesca, banastaría ou mesmo quedaban exentos da obriga de albergar na súas casas as tropas militares que se instalaran na localidade en cuestión, permanentemente ou de paso. Parece ser que nun principio o ministro de Mariña Valdés fixo unha boa labor de captación de homes, cuestión que axudada polos decretos de Libre Comercio con América supuxeron unha inxección de homes na Matrícula que pasou de 40.000 matriculados no 1780 ós 75.470 en 1792⁵⁷. Neste senso, o “Intendente General del Reyno de Galicia” dirixíase a tódolos concellos ó abeiro da Capitania de Mariña de Betanzos e facíalles saber que por orde de S. M. aqueles mozos matriculados non deberían empadroarse nas listas de remprazo do exército de terra en virtude dos privilexios que outorgaba a Matrícula de Mar⁵⁸.

Aínda con estas, todo indica que os resultados distaron moito de selos agardados porque, en definitiva, os homes de mar non consideraron tan atractivos os privilexios anunciados posto que o servizo nos “Bageles de su Magestad” supuña o abandono das actividades piscatorias, marítimas, amén de limitar a participación do capital e do traballo no sector⁵⁹. En efecto, as levas de homes e os pagos de contribucións especiais eran continuas co que era frecuente que os representantes dos mariñeiros, mesmo os propios ilustrados (Cornide, Labrada, Sarmiento, Monsoriú...) se laiasen da gran abundancia de embarcacións que empodrecían nas praias por non ter quen as gobernase: “*con tanta leva se llevó el diablo cercos y pesquerías*”, sentenciaba Sarmiento. O fin da Guerra de Sucesión e a chegada dos Borbóns coa súa obsesión pola protección das nosas costas e do comercio atlántico dulcificará en certa medida as duras condicións nas que vivía a xente do mar para o XVIII. Pero as cosas non cambiarán no relativo a ditar normas que favorecesen a pesca e a mariñeiría xa que “*se formó la matrícula, concediéndola el privilegio*

56. ARCHIVO GENERAL DE MARINA “ÁLVARO DE BAZÁN” (AGMAB). 1836. Leg. 79. Doc. 95.

57. ALFONSO MOLA, Marina: *La Armada Real del siglo XVIII. El telar de Penélope*. En “Crepúsculo naval español. Trafalgar”. En [<http://www.educa.madrid.org/web/.../La%20Aventura%20de%20la%20Historia%2084.pdf>]. Consultado o 26/III/2017, ás 19,50 horas.

58. Arquivo Histórico Municipal de Ortigueira (AHMO): Atados de Fomento Marítimo. I/IV, de data 8/VIII/1801.

59. LÓPEZ LOSA, Ernesto: *El Estado, la Marina y el sector pesquero en España durante los siglos XVIII y XIX*. En [<http://docplayer.es/41703392-El-estado-la-marina-y-el-sector-pesquero-en-espana-durante-los-siglos-xviii-y-xix-1.html>] Consultado o 10-III-2017, ás 12,57 horas.

exclusivo de la pesca; pero no se ha tenido presente que los privilegios sólo animan a aquéllos que son capaces de aprovecharse de ellos, y esto no podía verificarse en una clase de vasallos que se hallaba sumergida en la miseria, sin créditos, sin recurso y sin auxilios para hacer las anticipaciones que se necesitaba, sujetos por reglamento a vivir hasta los 60 años expuestos a dejar a cada paso su domicilio para trasladarse al servicio de los buques de la Armada, sólo se limitaban en lo general a pescar por cuenta de armadores que anticipadamente les compraban, salaban y vendían los frutos de su industria; vendiendo ellos únicamente por cuenta propia algunas partidas de pescado fresco, y sin tener otra ocupación ni recurso”⁶⁰.

En realidade, hai moitas razóns polas que o enrolamento da mariñeiría non deu os resultados apetecidos; entre elas a ausencia de axudas económicas que facilitasen o transporte dos homes dende o seu lugar de orixe ó de destino. O mesmo ocorría cando se licenciaban tendo que procurarse a chegada ó seu fogar por conta propia polo que a cotío se podía observar a estes mariñeiros exercendo a mendicidade en terras estrañas. As pagas non eran abondosas, máis ben rácanas e tardaban en chegar meses ou anos obrigando a vivir a estas xentes e ás súas familias na indixencia. No caso de morte as viúvas dificilmente recibían normalmente a pensión ou aqueles intereses que proviñan do curso feito pola embarcación na que servía calquera individuo, debendo pagar un notario que levantase poder de outorgamento de potestade para reclamála a un procurador da Real Audiencia de Galicia. Aínda con esas, o tempo en recibir o subsidio ou as ganancias que os falecidos fixeran en actividades de curso incrementábase considerablemente⁶¹.

Pois ben, neste contexto, os matriculados cataláns que pescaban, salgaban e comerciaban en Galicia evadían estas prestacións á Armada e Cornide laiábase así: *“que os cataláns establecidos nas súas costas con mulleres e fillos, e atraídos por outros comerciantes terrestres, de quen son puros xornaleiros, presentan unhas licencias temporais dos ministros de Cataluña, que teñen moitos visos de supostas, pois a ser certas, reclamaríannos aqueles, logo que fosen fenecidas, e non se manterían un, e outro ano, sen facelo servicio alá, nin acá servíndolles, para se substraeren ás faenas da Real Armada, o pretexto de estaren matriculados noutro departamento”⁶²*. Parece evidente que estas xentes actuaban en Galicia baixo a norma de conseguir o meirande beneficio comercial sen importarlles os aspectos sociais tinguidos de miseria que rodeaban á sociedade litoral, e as rias do noroeste non ían ser unha excepción tal e como se reflicte no 1789 cando Bartolomé Fernández, comerciante de Betanzos, tenta fornecer de alcatrán, “jarcias”, cânabo, barcos e demais aparellos a dúas compañías de rapetón e traíña que pretenden formar os pes-

60. LABRADA, Lucas: *Descripción económica del Reino de Galicia*. Editorial Galaxia. Vigo. 1971. P. 254. También en [<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=3475>]. Consultado o 11-III-2017, ás 11,07 horas.

61. LEAL BÓVEDA, José María: *A Matricula de Mar e o recrutamento de homes para a Armada Borbónica*. En “Terras de Ortegal. Revista de estudos locais”. Nº 4. Tórculo. 2017. Ps. 7-37.

62. SANTOS CASTROVIEJO, Santiago: *Historia da pesca e a salgazón nas Rías Baixas dende as Ordenanzas da Armada de 1748 ata o desestaque do sal de 1870*. Unipro Editorial. Noia. 1990. P. 33.

cadores dos portos de San Pantaleón e Betanzos para faenar no ano en curso na ría de “Junqueras” (Ares, Betanzos). Pero advírtese da “*suma pobreza en que se halla la Decadencia de dicha Marina en los dos Puertos, que hapenas hay doze hombres de Servicio para la Real Armada, por no haberse matriculado dimanado de que para de 20 años non han armado cercos, por no tener fondos, ni que se los diese para ello, bibiendo en una lastimosa miseria en la que a continuar mas tiempo no quedará un hombre para el Servicio* (cando) *un siglo atrás, avia en dichos Puertos mas de 400 hombres capaces*”⁶³. Diante do panorama decide xuntar ós hábiles e inhábiles e tan so consegue 30 homes ós que lles da todo o necesario para armala traña coa condición de que se son chamados ó servizo militar deben acudir e os seus quiñóns pasarían a ser percibidos polas mulleres ou fillos, o mesmo ocorrería en caso de morte. Adiántalles 4.000 pesos a pagar en catro anos, tempo que dura a contrata e o único interese que lles impón e que lle dean a sardiña que collan ós mesmos prezos que a merquen os cataláns na mesma ría. Dispón xa de almacéns e solicita que lle sexa concedido o sal ó prezo de graza que rexe para os fomentadores cataláns e estranxeiros que exporten fóra do reino.

A cousa complicaselle porque necesitando 20 homes máis para completala compañía acude ó porto de Miño en busca deles e atópase con que se lle adiantou un catalán, Pedro Galcerán, que aportando barcos e cerco propios recolleu a toda a xente dispoñible. Fai escritura para a armazón da arte na que consta que se quedaría coa metade da pesca collida e a outra restante sería para os pescadores e que a costeira duraría dende xullo ata decembro. Bartolomé, de Betanzos, protesta por este modo de facer contrata prohibido, segundo el, por leis e ordenanzas e pon de manifesto que a desposesión da propiedade das redes e barcos non fomentará a entrega dos galegos ás artes pesqueiras, reducirase logo a matrícula e as mulleres, viúvas, fillos..., fícarán sen o montepío que lles outorga o gremio. As queixas chegan a Antonio Sáñet Reguart, delegado rexio para asuntos pesqueiros e autor do dicionario das artes pesqueiras, quen ordena ós intendentos dos portos amentados consultalas escrituras de constitución de ambas compañías, a de Bartolomé Fernández e a de Pedro Galcerán, e da súa lectura chega á conclusión de que as condicións que lles impuña ó primeiro ós mariñeiros eran máis duras de cumprir que as do segundo⁶⁴.

En realidade, para o que nos ocupa, varias cousas son rechamantes, a saber; os galegos son chamados a filas cando é necesario pero os cataláns non, dedicándose a comerciar mentres os primeiros son enrolados, demostran unha acusada actitude comercial que prima sobre calquera aspecto social dos factores pesqueiros, por exemplo a miseria, adiantan en cartos e medios de produción (redes, barcos...) o necesario para as tarefas pesqueiras ós patrianos asegurándose a entrega de parte da colleita e o pago do pecunio dado, traballan nestas rías no que Carmona Badía⁶⁵ denomina á parte ou parceria, mentres que o salario non

63. AGMAB: “Bartolomé Fernández, vecino de Betanzos..”. Leg. Matrícula-Pesca. Asuntos Particulares. 1789. Cortesía do profesor Carmona Badía.

64. Reproducimos en documento anexo I a transcripción do documento notarial pertencente a Pedro Galcerán.

65. CARMONA BADÍA, Xoán: *Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII*. En Grial. T. 27, Nº. 102, A Ilustración en Galicia (abril, maio, xuño 1989). P. 219. Do mesmo autor;

aparece nomeado nos numerosos documentos consultados, logo coidamos que o capitalismo triunfante que parecen achegar os cataláns non se odvirte por ningures pero se a fame do mareante galego. Para as mesmas datas Leal Bóveda fálanos para Ortegal de compañías que combinan a parte co salario. É o caso do comerciante do porto de Ares Francisco Bugallo que fai compañía de traíña para a pesca da sardiña co patrón da lancha de Cariño “San Joaquín y Santa Ana”, Tomás Casal e varios compañeiros máis: “*que por este respecto, trabajo y ocupación les ha de pagar y satisfacer el referido Francisco Bugallo a todos y qualesquiera de los individuos qual sea Patron qual marinero un mil reales de vellón por todo el tiempo de la costera o agostera que es el que va señalado desde esta fecha hasta el quince de octubre, cuia entrega y pago ha de verificar en epta forma, doscientos reales el dia en que principien a trabajar, y los ochocientos reales restantes dentro del mas termino de aquellas: Que si alguno de los marineros o Patrones cause enfermo, no por ello dejará de hacerse el quiñón o parte que le corresponde como si estuviese sano*”⁶⁶.

Outro exemplo é o de Manuel Torréns, representante dos Torréns Montaner do Ferrol que arma compañía de traíña en Cariño traendo dende Mugardos como mestre dela a José de Lago e outro que nomearían os Torréns. Os salarios irían dende os 1.000 reais do patrón, 1.500 pola súa lancha, 1.000 para os mariñeiros máis antigos, 850 para os máis novos e 460-500 para os rapaces. A traíña habería que ir buscala a Ferrol pagándoselle a aqueles que fosen por ela 40 reais máis pan e viño⁶⁷.

Para mediados do século XVIII a desigualdade na propiedade das artes maiores, cercos, galeóns, trincados, rizóns e demais adherentes, era evidente que pola súa magnitude e complexidade prestábase pouco á propiedade individual, sendo polo contrario moi axeitados para o seu manexo dentro do marco dos gremios de mareantes, xa que se trataba de artes compostas que permitían que cada mariñeiro aportara un ou máis panos de rede para a formación do conxunto⁶⁸. Neste senso, para o que nos ocupa, apunta o citado Carmona que o galeón podería ser propiedade dalgún particular, xeralmente comerciante, que a cambio de poñela embarcación e demais cousas necesarias cobraba un certo número de quiñóns sen necesidade de ir ó mar. Este é o caso que tratamos xa que entre os mariñeiros de Betanzos, San Pantaleón, Miño..., reina a miseria segundo se desprende da documentación aludida na que aparecen dous comerciantes; un Fernández de Betanzos e outro comerciante e fomentador da pesca, Pedro Galcerán de Mugardos, Bares e O Barqueiro. Ámbolos dous aportan barcos, traíñas e enseres propios da pesca da sardiña pero un é galego e o outro catalá⁶⁹: “*y al dicho dn Bartolome se le han de dar diez*

66. ARCHIVO DEL COLEGIO DE NOTARIOS DE A CORUÑA (ACNC). Protocolos. Ramón Fernández Poyán. 1815. Sig. 1.881/2. Citado por LEAL BOVEDA, José María: *A pesca e a industria de transformación na Galicia Cantábrica. De Cariño a Ribadeo (1752-1936)*. Tese de doutoramento en elaboración. Universidade de Santiago de Compostela. 2019.

67. ACNC. Protocolos. Ramón Fernández Poyán. 1815. Sig. 1.881/4. Citado por LEAL BÓVEDA, José María: *A pesca e a industria de transformación na Galicia Cantábrica. De Cariño a Ribadeo (1752- 1936)*. Tese de doutoramento en elaboración. Universidade de Santiago de Compostela. 2019.

68. CARMONA BADÍA, Xoán: *Ibidem*. P. 217.

69. AGMAB. Leg. Matriculas-Pesca. Asuntos particulares. Doc. xullo de 1789. Cortesía do profesor Carmona Badía.

*quiñones y medio redondos, y por las lanchas lo que se acostumbre en los mas Arma-mentos de la ria y a igualdad se han de entender con los mas barcos que entren en esta campaña y a particion del producto según y en la forma que se ejecutare con los mas de dicha ria*⁷⁰. No caso dos pescadores de Miño, San Pantaleón e Betanzos co catalán Galcerán a cuestión quedaba así: “*dijeron (os mariñeiros) tienen tratado y concertado con el dn Pedro Galcerán el que esa para el efecto de Pesca de sardina en las Rías de ese dicho Puerto les haia de armar y costear la Embarcación y Aparejos necesarios para un rapeton o trahiña sirviendoles en ello de Armador y Aparejador*”. Elixen como mestre e patrón a Juan Fachal, el Mozo, e as ganancias repárense desta forma: “*contribuyendo con la mitad xeneralmente de toda la pesca al rreferido Galceran por su adelanto de caudales que haze en el costo del mencionado Barco, redes y Aparejos, y siempre que quiera o se le ofresca mas sardinas o pesca de el de su mitad porque la otra quedará para dicho Patrón y Compañia para entre si usar de ella y su producto con arreglo a las partes o quiñones que entre ellos se estila en este caso ha de ser Privilegiado el rrepetido Galceran a otra persona que quiera comprarla dejandosela un Real menos en millar del precio a que corra en la villa de Ares y puerto de Fontán*”⁷¹. Parece evidente que para finais do século XVIII as cousas tiñan cambiado no respecto da propiedade das artes grandes, por exemplo das traíñas ou cercos, e se antes eran os chanzos altos dos gremios e o seu conxunto os propietarios dos medios de produción agora xa o son os cataláns os que teñen a amentada propiedade. Galcerán é un bo exemplo neste senso para o golfo ártabro ou para Ortegal, rías nas que ademais tamén son os amos das xávegas. En definitiva, as pesqueiras galegas non eran o idílicas e igualitarias que pregoaban os ilustrados⁷² nin o absolutamente rudimentarias e de subsistencia que afirmaban os cataláns e, aínda cunha acusada e endémica baixa produtividade, tiñan un marcado carácter mercantil absorbendo “*capital tanto de dentro como de fóra do sector... dando lugar a un proceso de diferenciación social no seu interior do que se vía o agromar dun grupo burgués de base marítima. As pesquerías galegas podían estar todo o eivadas que se queira, pero en absoluto eran un sector de subsistencia. E en todo caso, o seu nivel de integración mercantil era sen dúbida de ningún tipo o máis elevado de toda a economía galega*”⁷³. Os cataláns non so detentaron a propiedade dos cercos e traíñas para o último terzo do XVIII senón que tamén o fixeron coas xávegas tal e como se desprende dos documentos consultados. En efecto, para 1771 Pascual Barreras, veciño de Ferrol pero de ascendencia catalá, vende a Manuel Ferreira, Juan Fachal, Alonso Martínez, Bernardo Quintás, Domingo de Anido e Miguel Palmeiro, vecinos do porto de Miño, todos matriculados agás o último que era

70. *Ibidem*. P. 5.

71. *Ibidem*. P. 12.

72. CARMONA BADÍA, Xoán: *Ibidem*. P. 225, LEAL BÓVEDA, JOSÉ M^o: “Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa; los Peña y Valle-Inclán”. En Cuadrante. Revista semestral de Estudos Valleinclinianos e Históricos. Amigos de Valle Inclán. N^o 33. Cambados. 2016. P. 145.

73. CARMONA BADÍA, Xoán: “Producción... Ps. 374-389.

labrador, polo tanto terrestre, una “jábega red de pesca de media vida con su lancha también de media vida de unos 150 Qs. de carga, con su veta, palo, remos dos rezones y una amarra”, en 40.000 reais de vellón. Os compradores comprometíanse a venderlle a sardiña da próxima costeira a un prezo prefixado dándolles o citado Barreras a metade do importe da que transportara cada barcaza. Os pescadores irían pagando a débeda contraída cos cartos satisfeitos en cada costeira ata o remate do importe total. Do mesmo xeito, para 1794, Miguel Moré de Tosa, matriculado de Mugardos da en venda real a Victoriano de Torrete, mariñeiro xubilado matriculado de Maniños, un chinchorro de rede para pesca de sardiña dentro do porto, coa súa cala, corcho e chumbeira para poner “*en la mar, usado de media vida*”, en 1.100 reais de vellón⁷⁴.



Miño anos 20

E chegamos ó problema coa Matricula de Mar da que fuxían os cataláns e tan so cumprían os galegos⁷⁵. Así, os pescadores patrianos non haberían permanecer impávidos diante da ausencia catalá no servizo militar na real armada e reclamarán contra o que consideraban unha inxustiza: “(Esos) *catalanes que suenan matriculados, sin serlo del Puerto de Mugardos de esta Provincia en donde estan establecidos hace muchos años, según comprenderá V. E... mediante que habiendose ausentado de los Pueblos de su domicilio en Cataluña con las limitadas licencias ... para ejercitarse en la Pesca en estas Costas, llevádos de la utilidad que este trabajo les producía, buscaron los fraudulentos medios ... para perpetuarse en el enunciado Puerto*”⁷⁶. Así se laiaban os mariñeiros de Mugardos diante do feito amentado e incidían en que: “*habiendo sido su residencia tan*

74. AMF: “Protocolos Escribanía de la Real Armada (1739 e ss)”. Cortesía do profesor Bernardo Máiz quen nos facilita a información.

75. Sobre a instalación catalá no golfo ártabro ver MEIJE Pardo, Antonio: “La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos (1760-1830)”. En Pedralbes. Revista d'història moderna. Nº 4, 1984. Ps. 7-38.

76. AGMAB. Leg. Matriculas-Pesca. Asuntos particulares. Doc. 10-XII-1785.

prolongada, que ni pudieron por Ordenanza darles permiso para ella los Subdelegados de los Puertos de Cataluña, ni devieron convertirlos los de este Reino en tiempo alguno y mucho menos en él de la ultima Guerra, en que hubo tanta falta de Marineria para tripular los Vageles, que obligó a la urgencia á hacer convocar todos los patrones de Barcos mayores, y menores en que no cavia indulgencia alguna para que dejasen de concurrir los catalanes, ni otro algun matriculado de aquellas provincias que con verdaderas ò fingidas licencias hubiesen venido à las de este Reyno a emplearse en la pesca, en cuio uso no era posible hubiesen permanecido tan à su arvitrio, si los Cavos de mar de los Puertos que estan a la vista de los hechos, celasen en cumplimiento de quanto mandan las ordenanzas”⁷⁷.

Por outra banda, como non estaban matriculados nin pertencían a gremio de mar algún non contribuían coa parte correspondente da pesca ou quiñón como os naturais para o fondo que tiña a organización gremial de cada porto para socorro de viúvas, orfos, pensións...: *“Habiendo ademas una adversion natural entre los Matriculados de las citadas provincias de Cataluña y Galicia, que no penetro medio de conciliar sus animos para que vivan en paz, y unan à ella las demas felicidades que le son consiguientes*”⁷⁸. Nestas andamos cando diante da presión dos gremios ártabros e máis en concreto do de Mugardos o rei dita unha providencia o 25 de maio de 1785 para que os cataláns desta vila se retirasen ás súas localidades de procedencia e realizasen o servizo militar cando lles correspondese. Os motivos tiñan que ver, segundo os galegos, con que: *“(…) se ausentaron de sus Provincias con el fin de no servir al Rey, como corresponde a todo Matriculado, siendo que muchos de ellos no lo son por no acreditarlo con las zertificaciones correspondientes pues su idea no se ha dirigido, ni dirige sino a pescar libremente sin querer servir al Soberano. Y desde ha mas de 24 años que los tales catalanes avitan estos puertos jamas han hecho una sola campaña... haciendose ricos mientras los de la Patria sirven al Soberano en sus Armadas y Arsenales*”. Os galegos aducían tamén que os cataláns non os aprenderan a pescar tal e como eles alardeaban, de feito, toda vez que no 1775 fora prohibido o seu uso, aínda que se restablecera no 1777, en Galicia seguíuse pescando como se fixera sempre. Amén diso, consideraban os patriás que os barcos dos do Principado, laudes de 40 quintais, non tiñan a capacidade dos deles polo que eran máis axeitados estes para a pesca nas nosas augas. Así, déuselles ordes repetidas ós foráneos por parte do intendente, a través do seu delegado en Mugardos, Juan de Lago, de regresar ós seus domicilios so: *“(…) pena de que serian reputados como desertores, y a los que se hallan con naturalizados y con arraigo en Mugardos y otro puerto de esta capital, y igualmente les hize presente devian acudir a los Ministros de sus Provincias para que no teniendo algun embarazo pasase ser el pliego de sus asientos ante Ministerio de Matricula a fin de Alistarlos en los puntos de su residencia por la debida alternativa en el Real servicio con los naturales del pays a que no quisieron asentir, insistiendo en que*

77. *Ibidem*.

78. *Ibidem*.

se le permitiese el uso de la pesca interin hacian sus diligencias”. Estaban interesados todos aqueles que non tiñan licenza de pesca en Mugardos ou xa estaban cumpridas as que lles proporcionaran os respectivos ministros das súas provincias. Por algunha razón a estancia aquí íase prolongando por mor dos apoios que debían ter das autoridades de mariña, seguramente por ser unha fonte de ingresos considerable relacionada coa compra do sal para salpresala sardiña, ata o punto de que Juan de Puente, Simón de Costa e Vicente de Yemes, cabos do gremio de mar de Mugardos son encarcerados e desposuídos dos seus empregos por intentar que se cumpriran as ordes de expulsión. O propio delegado do intendente, Juan de Lago é relegado das súas funcións: *“Ultimamente despues de diversas representaciones à mas de las adjuntas, pareció no dio la Orden à los que representan por el Delegaddo del Intendente Dn Juan de Lago para que prendieran a los catalanes faltos de los precisos requisitos para permanecer alli, i habiendolo verificado los exponentes con algunos de estas circunstancias, que consiguieron asegurar siguiose inmediatamente la libertad de los Catalanes, prision de los cavos, i muda o relevo de Lago de su destino de Delegado como de la Mesa de Matriculas de esta Provincia*”. Entre os máis remisos á ser repatriados estaban Jaume Gelpi, Francisco Josef Gerónimo, Pablo, Pedro e outro Jaume Gelpi, de avanzada idade polo que sabía que non sería chamado a listas, e Miguel Moré, autodenominados armadores e fomentadores da pesca das rías do Departamento de Ferrol. Esgrimían como argumentos para non seren expulsados o feito de ter dado moito traballo ós naturais como tripulantes das súas embarcacións, aprendelos a pescar, levar moitos anos residindo na bisbarra coas súas familias, comportarse conforme ás Ordenanzas de abril de 1768 e, sobre todo, ser unha fonte de ingresos importante para a real facenda por mor da moita sal consumida no salgado da sardiña. Ademais, sinalaban que coa súa actividade fomentaban a mariñeiría polo que o “Supremo Consejo de Guerra” de abril de 1789 mandara ó Intendente de Mariña do Ferrol e Subdelegados que: *“(...) no los molestasen, ni impidiesen el exercicio de la Pesca por conseguirse de ello notorias ventajas a dicho Real Herario, y en manera alguna puede causarse perjuicio de Tercero, antes si conocida conveniencia, y beneficio comun*”.

Pola contra, o informe que elabora Juan de Lago como delegado de Matricula da provincia de Ferrol é demoledor contra estes argumentos xa que mantén que os cataláns amentados anteriormente non son matriculados polo porto de Mugardos nin ningún outro da provincia marítima ferrolá, tampouco son patróns de barcos exceptuados por ordenanza nin considera que fomentasen a pesca naquel porto xa que antes de que chegaran a el había cercos, traíñas e outros aparellos usados polos matriculados. Certamente, introduciron barcos palangreiros ou laudes, 40-50 quintais de porte, cos que saían a pescar a alta mar segundo os costumes do seu país. A eles agregáronse mariñeiros galegos durante a costeira da sardiña e con elo, si aumentou esta pesca foi polo feito de establecerse tan so en Mugardos máis de 30 cataláns. Por todo elo, establecía que aínda sen eles o pobo estaba provisto de peixe dabondo polo que é evidente que non se reducirían os dereitos reais polo consumo de sal: *“(...) por la falta de hicieren en estos Puertos, abrigandose en ellos por*



Fábrica envases Bernardo Barreras

*su propio ynteres, eximirse de la concurrencia al Real servicio*⁷⁹. En definitiva: “Pues aunque tiene alguna embarcacion (refírese a Jaime Gelpi), son llaudes pescadores que ha ganado en el tiempo de su permanencia en Mugardos, y solo por un efecto de la Real clemencia se le puede dar esta distincion, con tal que sus hijos se matriculen, y hagan las campañas consecutibas, de que se ha libertado su padre por la emigracion de su provincia, y que serán crecidos los gastos que se le ocasionarán para el regreso, ademas del abandono de sus aparejos, y embarcaciones de pesca”. Pasaba que en vez de extremarse os controis sobre os cataláns para evitar toda exención fraudulenta do servizo na Armada, en 1790 o Intendente de Ferrol dispensoulles un trato de favor. En cumprimento da real orde de 7 de xullo de 1790 e dos avisos que lle comunicara o Gobernador-Capitán General de Galicia “para que no quedase en los Puertos hombre alguno útil”, engadidos os empregados na Real Compañía Marítima de pesca, aprobou o executado no control de matrículas. Nembargante, dispuxo o recoñecemento médico dos patróns cataláns de Mugardos logo de que alegasen achaques que á hora da inspección no tiñan manifestado por crerse exentos do servizo. Deste exame resultou que nese intre todos eles estaban imposibilitados fisicamente para a prestación militar, algo, en verdade, extrano. En consecuencia, Du Bouchet retrasou o seu envío ó arsenal de A Graña hasta que se recuperasen das súas doenzas, a todas luces, finxidas⁸⁰.

79. *Ibidem*.

80. AGMAB.- Matrículas. Generalidad. Leg. 1.872. Doc. Ferrol, 6-X-1790. Citado por VÁZQUEZ LIJÓ, José Manuel: *La Matrícula de Mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII*. Tese de Doutoramento. Inédita. USC. Santiago de Compostela. 2005. P. 808.

Sin embargo, está dándose con Balsa un caso verdaderamente insólito en cuestiones de box. Ello es que nuestro luchador, aun encontrándose en condiciones de inferioridad profesional con otros boxeadores, ha tenido la virtud de entusiasmar al público sudamericano por su bravura extraordinaria, su corrección y su "vergüenza". La colonia española está orgullosa de él.

En un "match" celebrado a 10 rounds con el campeón canadiense Dawe Mills, en Santiago de Chile, Balsa obtuvo una señalada victoria gracias a su extraordinaria resistencia y a su valor, después de haber sufrido golpes terribles. La concurrencia le aclamó.

Posteriormente midió sus puños con el campeón sudamericano Rodríguez, de verdadera fama, y aunque este venció por puntos, Balsa obtuvo frenéticas ovaciones por su nobleza, sin decaer un momento ni "hacer la maula."

Todos los juicios de los críticos deportistas convienen en que Balsa llegará a ser uno de los mejores boxeadores del mundo si persiste en su entusiástica afición, ya que condiciones naturales las posee superabundantes para ser temible aun hoy ante los más fuertes campeones.

## EN LA AUDIENCIA

### POR REPESAR EL PAN

El día 2 de marzo del año pasado, cuando el guardia municipal de la villa de Mugarlos, en Puente deume, Juan Martínez, se dedicaba a repesar el pan en el establecimiento de Gabriel Rega Alvarez, éste le agredió, echándole fuera del local.

Por este hecho acusó al reo el fiscal señor Echevarría, y pidió se le impusiese la pena de tres años, cuatro meses y ocho días de prisión correccional, pero en el acto del juicio retiró la acusación por falta de pruebas.

18 de diciembre

La industria salazonera de Ares, está de enhorabuena, pues es tal la cantidad de garrocha que arriba a dicha ría, que irrum-pieron en aquel puerto todos los vapores pesqueros de Cariño, con objeto de hacer la costera invernal.

Los almacenes del fomento de Ares, que por falta de sardina, permanecían cerrados desde hace algunos años, fueron arrendados por los industriales de Cariño. Los vecinos de Ares, están, pues, de enhorabuena.

31 de diciembre



## PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME 2018

### ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do XXI Premio de Investigación Concello de Pontedeume, composto por **D. Carlos de Castro Álvarez**, profesor de Historia, **D. Francisco Calo Lourido**, antropólogo, catedrático de Geografía e Historia e membro do padroado do Museo do Pobo Galego, **D. José Manuel Yáñez Rodríguez**, arquitecto técnico e doutor en Historia da Arte e actuando como presidenta, **Dona Yolanda Vázquez Busto**, Concelleira de Cultura de Pontedeume; e como secretario do xurado **D. Alexandre Caínzos**, bibliotecario municipal, decidiu conceder o premio ó traballo titulado **Os hórreos tradicionais de Montero** do que son autores D. Álvaro Iglesias Maceiras, Dona Rebeca Pita Golpe e Dona Laura Porca García.

*En Pontedeume a 6 de setembro de 2018*



# HÓRREOS TRADICIONAIS DE MONFERO

Álvaro J. Iglesias Maceiras, Rebeca Pita Golpe e Laura Porca García

1. Introducción
2. A produción de cereais en Galicia
3. A orixe do hórreo en Galicia
4. Lei de patrimonio cultural de Galicia e réxime de protección dos hórreos
5. Tipoloxías de hórreos en Galicia
6. Análise dos hórreos de Monfero
7. Conclusións
8. Glosario
9. Agradecementos
10. Bibliografía



## 1. INTRODUCCIÓN

Este artigo pretende informar da forma dos hórreos do Concello de Monfero (A Coruña), como elementos da arquitectura popular, a partir do estudo e desenvolvemento dos traballos de campo e toma de datos realizados polos autores durante os meses de xaneiro, fe-breiro e marzo de 2018.

Monfero é un Concello da Comarca do Eume<sup>1</sup> situado, climatolóxicamente falando, dentro do dominio oceánico-húmido, coa maior parte do territorio nunha planimetría en torno a os 400 m de altitude, interrompida por outras superficies máis elevadas, a uns 700 m. Na xeoloxía e a litoloxía da zona predominan os xistos e os gneis con baixo contido en cuarzo cara o Leste, e o granito cara o Oeste.

1. A Comarca do Eume está situada na provincia da Coruña e está formada polos concellos de A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Cabanas, Pontedeume e Monfero. Limita ó norte cas comarcas de Ferrolterra e Ortegal, ó sur ca de Betanzos e ó leste ca da Terra Chá, pertencente á provincia de Lugo. Recibe o seu nome do río Eume, o cal alberga nas súas marxes o parque natural das Fragas do Eume, no que se encontran os Mosteiros de orixe medieval de San Xoán de Caaveiro e de Santa María de Monfero.






Figura 1: Mapa litolóxico de Galicia. Fonte: Servicio de Información Territorial de Galicia SITGA

A historia deste territorio aparece estreitamente unida á do Mosteiro cisterciense de Santa María de Monfero fundado no 1135, relacionado co conde de Traba durante o reinado de Afonso VII, cando unha pequena comunidade de monxes beneditinos acolleu a reforma do Císter.



Figura 2: Mosterio de Santa María de Monfero. Fonte propia

A agricultura, a gandería e a madeira foron as principais ocupacións económicas tradicionais, adquirindo na actualidade unha grande importancia a explotación de gando vacún para a produción de leite.

Na paisaxe deste termo municipal detéctase que gran parte dos terreos de cultivo son descontinuos, estando mesturados o monte e as tenzas de labradío nas que tradicionalmente proliferaba o policultivo, aínda que xa se mencionou que na actualidade empeza a predominar o cultivo dedicado á alimentación da gandería, con abundancia de prados naturais que favorece o seu desenvolvemento, sendo, por tanto, a cría de gando principalmente vacún, xunto cos produtos agrícolas, outro dos alicerces en que se baseaba dende sempre a economía agrícola e gandeira deste territorio.

Como di o xeógrafo irlandés Patrick O'Flanagan:

*“Unha das características de Galicia que mais impresiona ao forasteiro é o alto grao de humanización da súa paisaxe. Isto complementase coa sensación de que todo o que se ve é antigo, venerable e inmutable: os campos, as fincas, as estradas, todo parece estar envolto nun aire morno e canso. A primeira impresión, polo tanto, tende a confirmar a idea de que, en Galicia, a inmovilidade foi, durante séculos, o leit motiv da paisaxe e do modo de vida das xentes, e que os cambios só tiveron lugar nunha época recente... e, por certo, con ben pouca fortuna, porque os modelos e prácticas de organización cultural dominantes sobreviviron a través dos séculos e permaneceron alleos as modificacións...”*<sup>2</sup>.

Todas estas actividades agrícolas e gandeiras necesitaban de espazos e construcións axeitadas para que os bens producidos puidesen ser almacenados, aloxados e transformados para a súa utilización e consumo. Algunhas destas construcións derivadas da función de preservación e utilización dos produtos agrícolas poden ser a eira, o hórreo, a palleira, o alpendre, o sequeiro, o muíño, o forno e outras. As derivadas da actividade gandeira serían as cortes, cortellos e poleiros. A casa-vivenda é a construción fundamental do núcleo familiar, aínda que con gran diversidade destas outras construcións citadas anexas a ela. Este é o tipo de construcións que Manuel Caamaño chama adxectivas<sup>3</sup>:

*“As construcións adxectivas, como prolongación da casa-vivenda, á que complementan, conteñen os espazos necesarios para o desenvolvemento dunha economía agrícola tradicional”.*

2. O'FLANAGAN, Patrick. 1996. *Xeografía histórica de Galicia*. Vigo (Pontevedra): Edicións Xerais de Galicia, 1996. ISBN 84-7507-969-5. Páx. 17.

3. CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel. 1999. *As construcións adxectivas*. A Coruña: Ed. Museo do Pobo Galego. ISBN 84-88508-320-4. Páx. 5.

Deste xeito, podemos entender a arquitectura popular como o conxunto de realizacións encamiñadas a transformar a contorna dun determinado grupo social, pero abordadas por individuos pertencentes ao propio grupo, cunha adecuación e economía de medios e co obxectivo de conseguir determinada funcionalidade. Nas construcións populares existe unha marcada tendencia á estabilidade ou ao inmovilismo, de forma que están sometidas a unha lentísima evolución diacrónica, seguramente ligada á súa forma de produción artesanal, á súa dependencia da economía agraria e ás súas actividades cíclicas (sementeira, recolección...).

En xeral todos os autores e estudosos da arquitectura popular (Caamaño Suárez, 2003,23) coinciden en que as características máis destacadas da súa tipoloxía construtiva son as seguintes:

- Reflexo directo dos condicionantes físicos, económicos, sociais e culturais, xa que nacen como resposta ás concretas necesidades e posibilidades dos seus usuarios pero dentro das esixencias derivadas da súa tradición cultural.
- Traballo dentro dunha determinada tradición, con poucas variacións e tipoloxías dentro da mesma zona. Os modelos arquitectónicos presentan poucas modificacións ao longo do tempo, debido a atoparse nun medio estático e de incomunicación secular.
- Importancia determinante do lugar de emprazamento e do seu microclima. Teñen unha acusada dependencia do terreo que ocupan, integrándose no territorio presentando un gran respecto polo medio natural e a contorna sobre o que se asentan. Así, os lugares apropiados para construír os hórreos son aqueles ben ventilados, é dicir, encarados cara aos ventos dominantes pero, a súa vez, protexidos das choivas.
- Estreita participación dos destinatarios na súa construción, xa que o usuario moitas veces é tamén o construtor, e pretende que a súa obra construtiva sexa semellante ás outras da súa contorna.
- Recursos limitados en canto aos materiais e técnicas utilizadas. Constrúese cun gran sentido da economía en canto a materiais e técnicas, derivado do limitado dos recursos dos que se dispón. Utilízanse os materiais presentes na zona de proximidade, por iso podemos diferenciar en Monfero, segundo as zonas, hórreos con muros de xisto ou de granito, e tamén cubertas en lousa ou tella cerámica.
- Métodos construtivos artesanais propios de etapas preindustriais e precapitalistas, presentando unha serie de elementos construtivos que os personalizan: sólidos muros perimetrais, tellados con pouca pendente, ...
- De autor descoñecido, arquitectura anónima sen preocupacións estilísticas, procurando que teñan un carácter definitivo e que sirvan non só para o usuario inicial, senón para os seus descendentes. Aínda que máis adiante veremos que algúns hórreos presentan elementos arquitectónicos que poden considerarse de adorno.

- Carácter rural das súas realizacións, carentes de pretensións teóricas, con vocación utilitarista e de permanencia no tempo, vinculadas a explotacións agropecuarias que carecen de carácter especulativo algún, procurando soamente a satisfacción dunhas necesidades concretas vinculadas á economía agrícola e gandeira na que se atopan inmersas, sen que se pretenda un beneficio económico diferido ou unha plusvalía.

## 2. A PRODUCCIÓN DE CEREAIS EN GALICIA

Galicia foi, desde sempre, un país eminentemente agrícola. Os produtos que tradicionalmente eran os cultivos básicos da economía agraria de moitas zonas de Galicia eran o millo, o centeno, o trigo, a pataca, e os derivados da horta e a vide. Sendo o millo o cereal de maior produción sobre todo nas áreas máis próximas ao litoral e o centeo, máis abundante nas comarcas do interior.

Desde tempos antigos, o uso de celeiros<sup>4</sup> aéreos en Galicia vai unido ó cultivo do millo, que xa se practicaba na cultura castrexa, cultivo que perdurou perante a Idade Media e que foi posteriormente substituído por un novo cereal, o millo americano a partir da súa chegada a Europa no século XVII<sup>5</sup>.

Durante moito tempo, o sustento principal da alimentación galega estivo baseado no pan elaborado a partir do centeo, en menor medida do trigo, e de painzo<sup>6</sup>, pero sobre todo dunha especie de planta herbácea que era coñecida polo nome común de “millo” (*Panicum miliaceum*), pero que máis adiante pasaría a coñecerse como “millo dos paxaros” ou “millo miúdo” para diferenciarse do millo procedente de terras americanas<sup>7</sup>, que pasaría a chamarse “millo americano” ou “millo groso”, quedándose finalmente co nome de “millo” a secas:

*“El maíz (zea mays), cereal de origen americano, fue introducido en Galicia a principios del s. XVII. Se hace difícil precisar la fecha de introducción, como escribió Murguía, porque el nuevo cereal fue designado con la misma denominación del viejo cereal de cultivo tradicional, el mijo (panicum miliaceum), al que vino a sustituir. La palabra gallega millo, nombre*

4. A palabra “celeiro” ou “cileiro” ten a súa orixe no “cellarium” latino, de “cella”, almacén, silo ou bodega baixo terra.

5. O primeiro millo americano que chegou a Europa foi en 1604, traído polo gobernador e Capitán Xeral da Florida, o almirante asturiano Gonzalo de Castro. Tiveron lugar as primeiras plantacións do novo cereal no seu lugar natal de Casariego, en Asturias, e no da súa esposa, Magdalena de Luaces, en Mondoñedo (Galicia).

6. Painzo (*Setaria itálica*): Planta da familia das gramíneas, orixinaria de oriente, de talo máis groso ca do trigo, e grans redondos de cor amarela que se utilizaba como alimento humano e animal e, en verde, como forrage.

7. Millo procedente de América (*Zea mays*): Planta da familia das gramíneas que pode chegar aos catro metros de altura, de follas longas e lanceoladas e flores masculinas e femininas no mesmo pé, que produce unhas mazarocas de grans grosos de cor amarela.

*gallego del mijo y del panizo (setaria itálica), fue aplicada al maíz y cuando en los viejos documentos se encuentra la voz millo no se puede precisar si ha dejado de referirse al cereal panificable de muy antiguo cultivo y hace ya alusión al introducido de América en fecha posterior a su descubrimiento (s. XV). ”<sup>8</sup>*

Pero ¿como é posible que un cereal que era orixinario de zonas tropicais e subtropicais do Novo Continente alcanzase tan rápida difusión e tan grande importancia económica nun lugar dominado polo clima oceánico como é Galicia? As razóns de tan rápida adaptación e de este profundo arraigo na economía rural galega son diversas, unhas de orde físico e outras de orde económico. O novo cereal americano, que en orixe era esixente en calor e humidade, puido adaptarse como cultivo de estío, nos típicos veráns curtos e non excesivamente cálidos de Galicia, mediante o emprego de variantes de curto período vexetativo que dan o seu froito antes da chegada dos primeiros fríos outonais e debido á influencia dos ventos oceánicos (ventos mareiros) que manteñen unha elevada humidade do aire e producen frecuentes choivas nesta estación.

Por outra banda, na rotación tradicional faltaba un cultivo de verán de bo rendimento:

*“El maíz, planta de elevados rendimientos, llegó como una “providencia” a cubrir con su abundante producción economía la “laguna” en la producción agrícola de Galicia (...) Además de su gran rendimiento y de llenar con su rica cosecha un período de escasez en la vida rural, el cultivo de maíz tenía otra gran ventaja y es que su corto período vegetativo permitía su inclusión en el sistema agrícola tradicional sin distorsionarlo. El maíz ocupa el campo, después de la siega de los cereales invernales, apenas durante el tercio más caliente del año y lo deja libre y en buenas condiciones para la siembra sucesiva. Sustituía en la rotación al mijo, que era un cultivo de verano, sin alterar la sucesión natural de cultivos, integrándose en ella y enriqueciéndola. Pudo así el maíz, por su condición de planta de gran producción, eliminar radicalmente al mijo, cuyo cultivo, pese a su arraigo secular, fue totalmente abandonado”<sup>9</sup>.*

O pan de boroa ou de “millo” (o americano) foi unha mellora importantísima na alimentación dos séculos XVIII e XIX o cal, á súa vez, foi suplantado posteriormente polo pan de trigo, que ata entón era sinónimo de riqueza.

8. En MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. 1979. *El hórreo gallego: estudio geográfico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrie de la Maza Conde de Fenosa, Servicio de Publicaciones; ISBN 84-85728-00-9. Páx. 17.

9. *Ibidem*. Páx. 25



*“En pleno esplendor primaveral a finales de abril o principios de mayo, los labradores efectúan la siembra del maíz mediante un sistema llamado pimpear, que consiste en ir andando por el rego, echando grano a grano. Cuando las semillas quedan muy juntas (muchas y muy juntas entre sí) se debe desmestar o rarear, es decir, arrancar algunas plantas para separarlas. La cosecha del maíz se realiza entre los meses de septiembre y octubre, época en la que es segado por el pie con el fouciño (hoz). Las cañas se almacenan a cubierto, ya que constituyen un excelente forraje para el ganado, mientras que las mazarocas (espigas) se van debullando o desgranando a lo largo del año para dar de comer a los animales. Los carozos se aprovechan para encender el fuego”<sup>10</sup>.*

Debido ó seu formidable rendemento, en comparanza co coñecido ata entón, o cultivo do millo americano suscitou no campesiño galego un problema que habería de solucionar: o almacenamento e conservación da voluminosa colleita recollida. A unidade familiar de explotación producía ata entón o necesario para abastecer as propias necesidades, e con moi poucos excedentes. A economía rural era fundamentalmente unha economía de subsistencia. A partir das boas colleitas proporcionadas polo millo americano xorde a necesidade, que co tempo vaise incrementando paulatinamente, de almacenamento axeitado para proveer ao consumo cotián do cereal durante todo o ano.

Esta é a razón deste celeiro especializado para a conservación do millo nas mazarocas sen debullar. A súa función é dobre: o secado do cereal e o almacenamento das mazarocas.

*“El enemigo del grano es la humedad; si la temperatura se eleva se produce la hidratación del almidón que se convierte en glucosa; los azúcares se descomponen rápidamente. Si la humedad alcanza el 30 por 100 el grano fermenta; se deteriora y pierde peso y calidad. Para conseguir el enfriamiento y a la vez la evaporación es preciso airearlo repetidamente. Un sistema de continua ventilación, produciendo corriente de aire o facilitando la circulación del mismo (...) Por otra parte, la atmósfera interior de la cámara del hórreo se encuentra protegida contra la radiación solar por el material mal conductor del calor de las paredes y del techo de la construcción, ya sea el hórreo de piedra o de madera.”<sup>11</sup>.*

10. En REY ÍNSUA, Lucía. 2006. *Labregos, gandeiros e feirantes: reencuentro con la Galicia rural*. A Coruña: Ed Editorial. ISBN 978-84-96561-03-8. Páx. 36.

11. En MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. 1979. *El hórreo gallego: estudio geográfico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrie de la Maza Conde de Fenosa, Servicio de Publicaciones; ISBN 84-85728-00-9. Páx. 38.

Para conseguir a adaptación ao clima chuvioso e húmido, o hórreo cumpre ser sempre unha construción illada de toda outra e tamén do chan, adoitando estar suspendida ou separada do mesmo para evitar a humidade deste; tamén estará protexido por un sólido e ben construído tellado, que fai beirado sobre as paredes laterais para defendelas das frecuentes e persistentes choivas. Debe ter paredes perforadas por numerosas aberturas, largas e estreitas, para permitir a circulación do aire e facilitar a aireación do interior, evitando a penetración da chuva.

Para conseguir a adaptación ao entorno con economía de medios, no hórreo utilízanse como materiais empregados na súa construción os existentes na súa contorna. Desde o punto de vista xeolóxico e litolóxico, en Monfero predominan os xistos e gneis cara o Leste e o granito cara o Oeste.

### 3. A ORIXE DO HÓRREO EN GALICIA

O hórreo galego é un tipo específico de construción de uso agrícola destinada a secar, curar e gardar millo e outros cereais antes de desgranalos e moelos para facer fariña.

A primeira proposta sobre a orixe do hórreo débese, entre outros, ao antropólogo polaco *Eugeniusz Frankowski* (a Teoría PALAFÍTICA), o cal consideraba que este tipo de construción procede das vivendas palafíticas de madeira que levantaron os primitivos poboadores lacustres en Galicia. Vía no hórreo unha supervivencia das construcións palafíticas de madeira, baseándose no feito de que ambas construcións se apoian sobre pilares:

*“Los hórreos de Asturias, Galicia, Provincias Vascongadas y Portugal, deben de ser considerados como reliquias de tiempos muy lejanos, cuando en estas tierras reinaba la construcción palafítica de madera”*<sup>12</sup>.

A arqueóloga *González Serrano* defende que ao aparecer a agricultura alá polo ano 10.000 a.C. (Teoría NEOLÍTICA) xurdiu o hórreo como consecuencia da necesidade de almacenar os produtos da recolección en cestos ou canastros de vimbio elevados do chan, fóra do alcance dos animais e da humidade.

*“Estos graneros se construyeron sobre estacas verticales con el fin de proteger el grano y las simientes en ellos almacenados de la humedad y de los roedores”*<sup>13</sup>.

12. En FRANKOWSKI, Eugeniusz. 1918. *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*. Junta para ampliación de estudios e investigaciónes científicas, Comisión de investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas, Memoria número 18. Ed. Museo Nacional de Ciencias Naturales. Madrid. p. 143.

13. En GONZÁLEZ SERRANO, Pilar. 1985. *Arquitectura Prerromana y Romana de España, en Historia de la Arquitectura Española*, vol. I, Ed. Planeta, Madrid.

Para o profesor *Gomez-Tabanera*, a expansión do hórreo puido coincidir con un ciclo pluviométrico extraordinariamente elevado acaecido en Europa a mediados do primeiro milenio antes de Cristo<sup>14</sup>.

Os etnólogos portugueses *Días, Veiga de Oliveira e Galhano* consideran que estas construcións son a transformación de primitivos cestos colgados (tipo cabazo e de orixe neolítica) nos actuais hórreos, por influencia dos Suevos (Teoría SUÉVICA) tras a súa chegada ao NO Peninsular (século V) e as súas importantes contribucións as técnicas agrícolas<sup>15</sup>. Baséanse na similitude que presenta unha urna funeraria xermánica da épo-ca do Bronce, atopada en Oblowitz, que re-corda na súa forma a un hórreo rectangular apoiado en catro pes.




Figura 3: Urna funeraria de Oblowitz. Fonte: *Días, Jorge; Veiga de Oliveira, Ernesto e Galhano, Fernando. 1994. Espigueiros Portugueses: sistemas primitivos de secagem e armazenagem de produtos agrícolas.*

Case todas as fontes testemuñan a existencia do hórreo desde tempos moi antigos, pero o certo é que a súa orixe exacta, o seu nacemento e evolución aínda permanecen insuficientemente explicados, sen que exista entre os diversos estudosos unha unanimidade sobre o tema.

Máis consenso aparece acerca da orixe latina da palabra hórreo (Teoría ROMANA). Parece estar fóra de toda dúbida que deriva seguramente do latín *horreum*<sup>16</sup> (construción maciza realizada con ladrillos) e das súas variacións *horreum erectum* ou *horrea granaria*, o de *granarium* (construción realizada en madeira apoiada sobre trabes).

A referencia escrita máis antiga sobre o hórreo na Península Ibérica pertence ao século I a.C. Así *Marco Terencio Varrón*, na súa obra "*Rerum rusticarum*" describe desta maneira uns antigos almacéns agrícolas:

*"Granaria in agro sublimia faciunt, ut in Hispania Citeriores et in Apulia: ita ut solum a lateribus per fenestras, sed etiam subtus a solo ventus refrigerare possit"*<sup>17</sup>.

14. En GÓMEZ TABANERA, José M. 1986. *Ante la reimpresión facsimilar de Hórreos y Palafitos, de la Península Ibérica, de Eugeniusz Frankowski*. Madrid: Ediciones Istmo. ISBN 84-7090-168-0, p. 299.

15. En DÍAS, Jorge; VEIGA DE OLIVEIRA, ERNESTO E GALHANO, Fernando. 1994. *Espigueiros Portugueses: sistemas primitivos de secagem e armazenagem de produtos agrícolas*. Ed. Publicações Dom Quixote.

16. E á súa vez do grego ὀρεῖον, σιτοφυλακεῖον, ἀποθήκη (celeiro), que designaba a un edificio no que se gardaban frutos do campo, especialmente o gran. Durante o Imperio o termo *horreum* empregábase para calquer lugar destinado a conservar cousas de todo tipo, por exemplo viño (*horrea vinearia*), mercancías ou provisións (*horreum penarium*).

17. "*Construén nos seus campos uns celeiros suspendidos, como na Hispania Citerior e en Apulia: os cales ventilan non só polos lados, co aire que penetra polas fiestras, senón tamén polo que sopra por baixo do piso*".

Outros autores latinos tamén fan referencia a estas construcións: Cayo Plinio Segundo (*El viejo*), na súa “*Naturalis historia*” sinala que:

*“Nosos lugareños, polo contrario, constrúen os seus celeiros de madeira suspendidos sobre columnas, preferindo deixar que o aire sopre por todos os lados e aínda por baixo”.*

Así mesmo, Lucio Junio Moderato Columela, nos seus “*XII Libros de agricultura*” dicía:

*“Pero nós, vivindo en rexións de abundante humidade, aproveitamos mellor o hórreo colgado que descansa sobre soportes”.*

Pedro de Llano recolle unha cita de Jovellanos da súa “*Carta sobre la Agricultura*”:

*“Os adiantos da agricultura e da carpintería que os romanos difundiron pola rexión influíron sobre maneira na reforma deste celeiro”.*

E el mesmo puntualiza:

*“Agrandaron as dimensións para permitir o almacenaxe de maiores cantidades de gran, e posiblemente substituíron o seu primitivo sistema de construción por unha nova técnica, a carpintería, antes non utilizada”.*

Unha testemuña moi interesante do século XIII sobre a antigüidade destas construcións (é a primeira imaxe de hórreos, da que se teña coñecemento) é a miniatura da lámina 203 que ilustra a cantiga CLXXXVII de “*As Cantigas de Santa María*” do rei Alfonso X O Sabio.

Como conclusión de todo isto, en relación ca orixe do hórreo en Galicia, hai que considerar que:

- Son construcións anteriores aos romanos, pero perfeccionadas coa súa chegada (a Romanización).
- Son orixinarias do norte da península Ibérica (aínda que non en exclusiva).
- Foron evolucionando ao longo de




Figura 4: Miniatura 203. Fonte: Cantiga CLXXXVII. “*Cantigas de Santa María*” de Alfonso X O Sabio

tempo, adaptándose aos produtos procedentes do Novo Mundo, entre os que destaca o millo, como xa vimos nun apartado anterior.

- A adopción da pedra na súa construción a partir de comezos do século XVIII para lograr maior solidez e duración, condicionada a aquelas comarcas con afloramentos rochosos (Petrificación).

#### 4. LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA E RÉXIME DE PROTECCIÓN DOS HÓRREOS

No Artigo 33 da Constitución Española (ano 1978) di que:

*“La protección del patrimonio debe entenderse como una consecuencia principal de la función social del derecho de propiedad”.*

O Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia (ano 1981) asume:

*“La competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico y arqueológico de interés de Galicia”.*

No Artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia (ano 1981) determínase que:

*“Le corresponde a la Comunidad Autónoma la defensa y la promoción de los valores culturales del pueblo gallego”.*

O Artigo 148.1 da Constitución Española (ano 1978) di que:

*“Reconoce el derecho de las comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental de interés de la comunidad autónoma o en materia de fomento de la cultura”.*

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, supuxo un avance respecto á lexislación anterior na materia, a Lei de 13 de maio de 1933, e a adaptación da normativa á nova distribución competencial establecida pola Constitución Española.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, estableceu os procedementos e instrumentos específicos para garantir a súa conservación, así como un réxime sancionador para corrixir as infraccións que afectasen ó Patrimonio Cultural Galego.

O 4 de maio do ano 2016 promulgouse a nova Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, a Lei 5/2016, que derroga á anterior do ano 1995, e na que se compromete á:



*“Protección, conservación, acrecentamiento, difusión y fomento del patrimonio cultural de Galicia (bienes muebles, inmuebles o manifestaciones inmateriales que, por su valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, paleontológico, etnológico, antropológico, industrial, científico y técnico, documental o bibliográfico, deban ser considerados como de interés para la permanencia, reconocimiento e identidad de la cultura gallega a través del tiempo)”.*

No Artigo 8 establece dous tipos de bens protexidos:

*“Bienes de interés cultural: bienes inmuebles, muebles o inmateriales declarados como tales por ministerio de la ley o mediante decreto del Consejo de la Xunta de Galicia.*

*Bienes catalogados: bienes muebles, inmuebles e inmateriales, no declarados de interés cultural, que por su valor cultural notable se incluyan en el Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia“*

Ademais considera que os bens inmoebles son:

*“Monumento, jardín histórico, sitio histórico, yacimiento o zona arqueológica, vías culturales, lugar de valor etnológico, conjunto histórico, paisaje cultural y territorio histórico”.*

O Artigo 23 di que:

*“Los bienes declarados de interés cultural se inscribirán en el Registro de Bienes de Interés Cultural de Galicia, cuya gestión corresponde a la consejería competente en materia de patrimonio cultural”.*

O Artigo 32 establece o deber de conservación e mantemento, evitar a pérdida, destrución ou deterioro dos bens protexidos, por parte das persoas titulares, posuidoras, arrendatarias e demais titulares de dereitos reais.

O Artigo 35 di que:

*“Los instrumentos de planeamiento urbanístico incluirán necesariamente en su catálogo todos los bienes inmuebles del patrimonio cultural, tanto los inscritos en el Registro de Bienes de Interés Cultural de Galicia como en el Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia situados en el ámbito territorial que desarrollen, en el momento de la aprobación inicial de la figura de planeamiento, como aquellos que indique motivadamente la consejería*

*competente en materia de patrimonio cultural o la entidad local correspondiente, estén o no incorporados en el censo”.*

No Artigo 91 determina os bens que integran o Patrimonio Etnolóxico, que son:

*“a) Los **hórreos**, los cruceiros, las cruces de muertos, las de término y los petos de ánimas.*

*b) Las construcciones tradicionales de cubierta vegetal como las pallozas y los chozos característicos de las sierras gallegas.*

*c) Los batanes y los molinos de río, de mareas o de viento tradicionales, incluida la infraestructura hidráulica necesaria para su funcionamiento.*

*d) Las fuentes y los lavaderos comunales o públicos de carácter tradicional.*

*e) Las herrerías, los tejares, los talleres artesanales y los hornos de cal, cerámicos o de pan de uso comunal, de carácter tradicional.*

*f) Los caminos reales, las pontellas tradicionales y las eras de trillar de carácter comunal, siempre que conserven de forma suficiente su traza, aspecto, carácter, formalización y pavimento tradicional.*

*g) Los colmenares, los neveros, las pesqueiras o gamoas y los foxos de lobo.*

*h) Los recintos de feria, los santuarios tradicionales, los quioscos de música y las robledas de uso público o consuetudinario relacionado con el tiempo de ocio y la celebración festiva de carácter tradicionales.*

*i) Las fábricas de salazón, las carpinterías de ribera y las embarcaciones tradicionales del litoral y de los ríos de Galicia”.*

Ademais o Artigo 92 determina en canto ós hórreos que:

*“Son bienes de interés cultural y quedan sometidos al régimen jurídico previsto para ese tipo de bienes en esta ley... los **hórreos**, los cruceiros y los petos de ánimas de los que existan evidencias que puedan confirmar su **construcción con anterioridad a 1901**.*

*No se podrá autorizar la construcción de cierres perimétricos, totales o parciales, a partir de sus soportes, ni la construcción de edificaciones o instalaciones adosadas a estos que afecten a sus valores culturales.*

*Los hórreos, cruceiros y petos de ánimas cuya antigüedad no pueda ser determinada o que hubiesen sido construidos con posterioridad a la fecha señalada podrán ser declarados de interés cultural o catalogados cuando se les reconozca un especial valor cultural, principalmente etnológico.*

*Las actuaciones de conservación o restauración de hórreos declarados de*

*interés cultural o catalogados se realizarán preferentemente utilizando los materiales y técnicas constructivas tradicionales que correspondan a cada tipología. En estas intervenciones el tratamiento y la utilización de material no tradicional deberá ser autorizado por la consejería competente en materia de patrimonio cultural.”*

A Xunta de Galicia informa a través da súa web <https://www.cultura.gal/gl/catalogo-patrimonio-cultural-galicia> que:

*“Provisionalmente, en canto se establece o desenvolvemento regulamentario do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e as condicións de acceso á información contida nel, e segundo o que dispón o artigo 30 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, que indica que os bens inmobles que se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de Planeamento urbanístico e ordenación do territorio forman parte do devandito Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, toda a información relativa aos bens catalogados pode consultarse nos Catálogos do Planeamento vixente que é ofrecido na páxina web de Planeamento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”.*

## 5. TIPOLOXÍAS DE HÓRREOS EN GALICIA

Dependendo do material de construción os hórreos clasifícanse en: hórreos de varas entretecidas, de madeira, de pedra, mixtos e de albanelería. Dentro destes grupos hai varios tipos.

A continuación imos amosar unhas fichas de realización propia, coas principais características de cada unha das tipoloxías, así como fotografías que se atopan no libro “*El Hórreo en la Península Ibérica*” de Lucas Vidal Rouco.

|                             | Planta cámara          | Dim. Cámara        | Soporte                                       | Tornarratos                      | Base cámara   | Paredes cámara                      | Cuberta     | Porta          | Cruz     | Escalera Situación     | Observacións                          |
|-----------------------------|------------------------|--------------------|-----------------------------------------------|----------------------------------|---------------|-------------------------------------|-------------|----------------|----------|------------------------|---------------------------------------|
|                             |                        |                    |                                               |                                  |               |                                     |             |                |          |                        |                                       |
| HÓRREOS DE VARAS ENTRECIDAS | CABAZO GALEGO          | Ø 1,30 - 1,50 m    | Mol baixo                                     | As veces lousas granito ou xisto | Grade madeira | Troncocónica cerrada madeira        | Cónica      | Non            | As veces | Poucos en toda Galicia | Primitivo e rudimentario              |
|                             |                        | Altura ≈ 1,50 m    | Esteos pedra ou madeira ou muretes cachotería |                                  |               | Entrecido de varas madeira          | Colmo       |                |          |                        |                                       |
|                             | CABA-CEIROS DE VIVENZO | Ø 1,60 m           | Altura 80-90 cm                               |                                  | Grade madeira | Troncocónica cerrada madeira        | Cónica      | Non            | Non      | Melón (Ourense)        | Primitivo e rudimentario              |
|                             |                        | Altura ≈ 1,00 m    | 3 esteos granito ou 4 esteos formigon         | Non                              |               | Entrecido de varas madeira          | Colmo       |                |          |                        |                                       |
| RECTANGULAR                 | CABA-CEIRO GALEGO      | Ancho: 1,90-2,50m  | Baixo                                         | As veces lousas circulares       | Grade madeira | Verticais cerradas madeira          | 2 Vertentes | Penal          | Non      | Poucos en toda Galicia | Evolución do circular                 |
|                             |                        | Longo: 3,58-5,75 m | Esteos pedra ou madeira, 2 muretes cachotería |                                  |               | Entrecido de varas madeira          | Colmo       | Táboas madeira |          |                        |                                       |
|                             | PALLEIRA DE POIO       | Ancho ≈ 1,00 m     | Altura ≈ 1,00 m                               | Lousas circulares de pedra       | Grade madeira | Verticais cerradas madeira          | 2 Vertentes | Penal          | Non      | Poio                   | O máis grande dos de varas entrecidas |
|                             |                        | Longo: 1,50-2,00 m | 6 esteos cilíndricos ou prismáticos de pedra  |                                  |               | Entrecido trenzado de varas madeira | Colmo       | Táboas madeira |          |                        |                                       |

## HÓRREOS DE VARAS ENTRECIDAS CIRCULAR



Cabazo galego



Cabaceiro de Vivenzo

## HÓRREOS DE VARAS ENTRECIDAS RECTANGULAR



Cabaceiro galego



Palleira de Poio

|                |                   | Planta cámara                                                  | Dim. Cámara                | Soporte             | Tornarratos            | Base cámara                                           | Paredes cámara                                                  |                      | Cuberta | Porta                        | Cruz Lampión                   | Escalera                                                | Situación                                                              | Observacións |
|----------------|-------------------|----------------------------------------------------------------|----------------------------|---------------------|------------------------|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|----------------------|---------|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|--------------|
| MARIÑÁN        | Rectangular       | Ancho ≈ 1,10 m                                                 | Alto                       | Rectangulares       | Grade madeira          | Grade madeira                                         | Verticals abertas madeira                                       | 2 Vertentes          | 1       | As veces un ou os dous       | De man de madeira              | Rias de A Coruña e Belanzos                             | Frecuencia sobre os muros de acceso á finca ou sobre outra construción |              |
|                |                   | Longo ≥ 1,80 m                                                 | ≥ 2 muretes                | Cachotería          |                        |                                                       | Doelas verticais, columnas, esquinais e 1 ou 2 faixas. Pintadas | Tella curva ou plana | Costal  |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
|                |                   | Altura ≥ 1,45 m                                                | Perpiaño                   |                     |                        |                                                       |                                                                 |                      |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
|                | PALLEIRA O PIORNO | Rectangular                                                    | Ancho ≈ 1,65 m             | Altura ≈ 1,20 m     | Circulares de pedra    | Grade madeira                                         | Verticals abertas madeira                                       | 2 Vertentes          | 1       | Non                          | De man de madeira              | Centro e Sur de Galicia                                 |                                                                        |              |
| Longo ≈ 3,75 m | Esteos cadrados   | Doelas verticais ou horizontais, columnas, esquinais e 1 faixa | Tella, colmo ou xisto      | Penal ou Costal     |                        |                                                       |                                                                 |                      |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
| CABANAS        | Rectangular       | Ancho ≥ 1,10 m                                                 | Baixo                      | Rectangulares       | Grade madeira          | Verticals abertas madeira                             | 4 Vertentes                                                     | 1                    | Non     | Fixa de pedra nos de cepa    | Norte da provincia de A Coruña | Aprovétiase a parte inferior entre os muretes para leña |                                                                        |              |
|                |                   | Longo ≥ 1,80 m                                                 | Muretes trans. ou cepa     | de xisto            | Grade ou lousa granito | Doelas verticais, columnas, esquinais e 1 ou 2 faixas | Tella ou xisto                                                  | Penal                |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
| VILALBA        | Rectangular       | Ancho ≈ 1,10 m                                                 | Baixo                      | Rectangulares       | Grade madeira          | Verticals abertas madeira                             | 2 Vertentes                                                     | 1                    | Non     | Fixa de pedra nos máis altos | Meseta lucense occidental      | Pequeno balcón diante da porta                          |                                                                        |              |
|                |                   | Longo ≥ 1,80 m                                                 | Muretes trans. ou cepa     | xisto ou formigón   | Grade ou lousa xisto   | Doelas verticais, columnas, esquinais e 1 faixa       | Xisto                                                           | Penal                |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
| TUI            | Rectangular       | Ancho ≈ 1,65 m                                                 | Baixo                      | Rectangulares       | Grade madeira          | Verticals abertas madeira                             | 2 Vertentes                                                     | 1                    | Non     | De man de madeira            | Próximo a Tui                  | Beirado moi saínte no penal Sur que fai de alpendre     |                                                                        |              |
|                |                   | Longo ≈ 3,75 m                                                 | 3 Pares de esteos cadrados | de pedra            | Grade madeira          | Doelas horizontais cravados ós barrotes               | Tella                                                           | Costal               |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
| SALNÉS         | Rectangular       | Ancho ≥ 1,65 m                                                 | Baixo                      | Circulares de pedra | Grade madeira          | Verticals abertas madeira                             | 2 Vertentes                                                     | 1                    | Non     | De man de madeira            | Comarca do Salnés              |                                                         |                                                                        |              |
|                |                   | Longo ≥ 3,75 m                                                 | 4 Pares de esteos cadrados | de pedra            | Grade madeira          | Doelas verticais sin columnas e 2 faixas              | Tella                                                           | Costal               |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
| BERGANTÍNÁN    | Rectangular       | Ancho ≥ 3,00 m                                                 | Alto                       | Rectangulares       | Grade madeira          | Verticals abertas madeira                             | 2 Vertentes                                                     | 1                    | Non     | Fixa de pedra                | Comarca Bergantiños            | O máis grande dos de madeira                            |                                                                        |              |
|                |                   | Longo ≥ 3,75 m                                                 | Muretes trans. ou celeiro  | de granito          | Grade madeira          | Doelas horizontais con columnas                       | Tella                                                           | Penal                |         |                              |                                |                                                         |                                                                        |              |
|                | Longo moi variable | Perpiaño ou cantería artística                     |                                 |                                | Doelas verticais e 1 faixa de madeira Columnas de granito Penais de perpiaño con aberturas            | Xisto ou tella          | Costal          |                        |                                    |                                         |                                                                                           |  |  |
| Rectangular    | Ancho ≈ 1,65 m     | Baixo<br>≥ 3 Pares de esteos cadrados              | Circulares de granito           | Grade madeira ou granito       | Verticais abertas mixto                                                                               | 2<br>Vertentes          | 1               | Si                     | Fixa de pedra ou de man de madeira | Provincia de Pontevedra                 |                                                                                           |  |  |
|                | Longo moi variable | Granito                                            |                                 |                                | Doelas verticais e 1 faixa de madeira Columnas de granito Penais de perpiaño con aberturas            | Tella ou xisto          | Costal ou penal |                        |                                    |                                         |                                                                                           |  |  |
| Rectangular    | Ancho ≥ 3,00 m     | Alto<br>≥ 3 muretes ou celeiro                     | Rectangulares granito           | Grade madeira ou granito       | Verticais abertas mixto                                                                               | 2<br>Vertentes          | 1               | Si                     | Fixa de pedra                      | Comarca de Bergantiños                  | Beirado de madeira tallado                                                                |  |  |
|                | Longo ≥ 3,75 m     | Cachotería                                         |                                 |                                | Doelas verticais e 2 faixas de madeira Columnas de granito Penais cachotería                          | Tella                   | Penal           |                        |                                    |                                         |                                                                                           |  |  |
| Rectangular    | Ancho ≈ 3,50 m     | Alto<br>≥ 2 muretes ou celeiro de cachotería       | Rectangulares granito           | Grade madeira ou lousa granito | Verticais abertas mixto                                                                               | 2<br>Vertentes          | 1               | Non                    | Fixa de pedra ou de man de madeira | Municipio de O Pino e leste de Santiago | Pode ter un corredor por un lado                                                          |  |  |
|                | Longo ≈ 4,50 m     |                                                    |                                 |                                | Costais de madeira e penais de cachotería. Os máis recentes son de ladrillo ou formigón con aberturas | Tella                   | Penal           |                        |                                    |                                         |                                                                                           |  |  |

**HÓRREOS  
MIXTOS  
ESTREITOS**


Carral



Mondoñedo



Mariñán lucense



Maia



Pontevedra

**HÓRREOS  
MIXTOS  
ANCHOS**


Carballo



O Pino

**HÓRREOS  
DE ALBAÑILERÍA  
ESTREITOS**


Lugo



Cedeira

**HÓRREOS  
DE ALBAÑILERÍA  
ANCHOS**


Carballo



Valga

|                         | Planta cámara | Dim. Cámara                     | Soporte          | Tomarratros           | Base cámara                       | Paredes cámara          | Cuberta     | Porta | Cruz Lam-pión                | Escaleira                   | Situación                                                                     | Observacións                                                                    |
|-------------------------|---------------|---------------------------------|------------------|-----------------------|-----------------------------------|-------------------------|-------------|-------|------------------------------|-----------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| HORREOS DE ALBANELLERÍA | LUGO          | Rectangular                     | Ancho ≤ 1,10 m   | Rectangulares granito | Grade de madeira ou lousa granito | Verticais abertas mixto | 2 Vertentes | 1     | Si                           | De man de madeira           | De Lugo a Sarria e de Lugo a Ourense                                          | Pansis de ladrillo pintados de vermello e estrutura da cámara pintada de branco |
|                         |               |                                 | Longo ≥ 1,80 m   |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
|                         |               |                                 | Altura ≥ 1,45 m  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
|                         |               | Cachotería                      |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
| CEDEIRA                 | Rectangular   | Ancho ≥ 1,10 m                  | A base da cámara | Lousa de formigón     | Verticais abertas mixto           | 4 Vertentes             | 1 ou 2      | Non   | Fixa formigón ou man madeira | Rias de Ferrol e Ortigueira | Pansis de ladrillo pintados de escuro e estrutura da cámara pintada de branco |                                                                                 |
|                         |               | Longo ≥ 1,80 m                  |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
|                         |               | Celeiro de ladrillo ou formigón |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
|                         | Xisto         |                                 |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
| CARBALLO                | Rectangular   | Ancho ≥ 3,00 m                  | A base da cámara | Lousa de formigón     | Verticais abertas mixto           | 2 Vertentes             | 1           | Si    | Fixa formigón ou man madeira | Comarca de Bergantiños      | Paredes pintadas de branco e azul ou branco e amarelo                         |                                                                                 |
|                         |               | Longo ≥ 3,75 m                  |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
|                         |               | Celeiro de ladrillo ou formigón |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
|                         | Tella         |                                 |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |
| VALGA                   | Rectangular   | Ancho ≥ 3,00 m                  | Alto             | A base da cámara      | Lousa de formigón                 | Verticais abertas mixto | 2 Vertentes | 1     | Si                           | De man de madeira           | Comarca de Valga                                                              |                                                                                 |
|                         |               |                                 |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               | Celeiro de ladrillo ou formigón                                                 |
|                         |               | Longo ≥ 3,75 m                  |                  |                       |                                   |                         |             |       |                              |                             |                                                                               |                                                                                 |



## 6. ANÁLISE DOS HÓRREOS DE MONFERO

Nas seguintes páxinas amósase un resumo da información acadada durante o traballo de campo realizado no Concello de Monfero.

Foron estudados e analizados 14 hórreos, dos cales 1 pertence á parroquia de Queixeiro, 1 á de Taboada, 2 á de Vilachá, 3 a San Fiz, 2 a Santa Xíá, 3 a Val Xestoso e 2 a Alto Xestoso.

As parroquias de Queixeiro, Taboada e Vilachá atópanse na zona Oeste, mentres que as parroquias de Val Xestoso e Alto Xestoso na zona Leste. San Fiz está na zona central do Concello.

Para levar a cabo o traballo primeiro realizouse un traballo de campo que consistiu en facer varias visitas a cada un deles, nas que se falou cos propietarios, se sacaron fotos, se tomaron datos e medidas e se realizaron esbozos para logo poder debuxar planos en dúas e tres dimensións. Co traballo de campo feito puidemos facer unha análise para chegar a unhas conclusións e determinar como son os hórreos en Monfero.

Para levar unha organización nomeáronse co código:

MO\_HR\_X

no que MO refírese ó Concello de Monfero, HR o tipo de construción, sendo o hórreo e X é o número de orde.


A continuación amósase unha táboa coa situación e coordenadas de cada un dos hórreos que foron analizados:

| CÓDIGO   | FECHA 1ª VISITA | SITUACIÓN    |                     | COORDENADAS  |             |
|----------|-----------------|--------------|---------------------|--------------|-------------|
|          |                 | Parroquia    | Lugar               | Latitude     | Lonxitude   |
| MO_HR_1  | 30/01/18        | Queixeiro    | Ponte da Pedra nº 6 | 43°22'47.9"N | 8°04'47.2"W |
| MO_HR_2  | 30/01/18        | Taboada      | O Lombo nº 6        | 43°23'49.4"N | 8°05'38.7"W |
| MO_HR_3  | 30/01/18        | Vilachá      | Feal nº 4           | 43°21'35.8"N | 8°05'14.5"W |
| MO_HR_4  | 21/02/18        | Vilachá      | Abercovo nº 10      | 43°21'27.0"N | 8°06'54.8"W |
| MO_HR_5  | 28/11/17        | San Fiz      | Vilaboi nº 2        | 43°19'53.7"N | 8°04'36.2"W |
| MO_HR_6  | 21/02/18        | San Fiz      | Regueiro            | 43°23'31.2"N | 8°01'55.7"W |
| MO_HR_7  | 28/11/17        | San Fiz      | Eirabella nº 2      | 43°21'36.1"N | 7°57'31.6"W |
| MO_HR_8  | 28/11/17        | Santa Xíá    | O Canedo nº 1       | 43°18'37.0"N | 8°00'19.5"W |
| MO_HR_9  | 21/02/18        | Santa Xíá    | Rioseco nº 8        | 43°18'51.5"N | 8°01'05.6"W |
| MO_HR_10 | 28/11/17        | Val Xestoso  | Castro nº 6         | 43°19'35.3"N | 7°57'24.2"W |
| MO_HR_11 | 28/11/17        | Val Xestoso  | Restrebas nº 2      | 43°18'08.6"N | 7°57'25.9"W |
| MO_HR_12 | 29/01/18        | Val Xestoso  | Reto nº 2           | 43°17'28.7"N | 7°57'30.8"W |
| MO_HR_13 | 21/02/18        | Alto Xestoso | Portolago s/n       | 43°19'33.8"N | 7°56'03.3"W |
| MO_HR_14 | 21/02/18        | Alto Xestoso | Caulfe nº 4         | 43°21'15.9"N | 7°55'58.4"W |

A seguinte táboa é un resumo dos datos máis representativos dos 14 hórreos estudados, referíndonos na primeira columna á situación e nas seguintes dende a orientación ata os aspectos construtivos e estruturais.

|                                                   | Orientación | Dim. Cámara | Altura ó cume | Cimentación          | Soporte                | Coron. Soporte | Paredes cámara      | Cuberta                    | Porta                      | Amazons verticais ventilación                   | Cruz Lamplón | Estrutura escalera | Estrutura cuberta           | Características especiais                                     |
|---------------------------------------------------|-------------|-------------|---------------|----------------------|------------------------|----------------|---------------------|----------------------------|----------------------------|-------------------------------------------------|--------------|--------------------|-----------------------------|---------------------------------------------------------------|
| <b>MO HR_01</b><br>Quexeiro<br>Ponte da Pedra nº6 | NO - SE     | 5,35x1,23 m | 4,03 m        | Soleira Form. Masa   | Cepa Cach. granilo     | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 41% Lousas         | Penal NO Castilheiro       | 3 NE, 3 SO, 1 SE<br>Dóeas verticais Castilheiro | Si           | -----              | Par e cumio Castilheiro     | Proteído. "Gualdrapados" perpiño granito                      |
| <b>MO HR_02</b><br>Taboada                        | NO - SE     | *           | *             | -----                | Cepa Cach. granilo     | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas *<br>Tella curva   | Penal NE Castilheiro       | 3 NO, 3 SE, 1 SO<br>Dóeas verticais Castilheiro | Si           | -----              | Am. trabe curva Castilheiro | Proteído. "Gualdrapados" perpiño granito                      |
| <b>MO HR_03</b><br>O Lombo nº6                    | NO - SE     | 6,98x1,10 m | 4,19 m        | -----                | Cepa Cach. granilo     | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 41%<br>Tella plana | Costal SE Castilheiro      | 4 NO, 4 SE<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Si           | Perpiño granito    | Am. trabe curva Castilheiro | Antes porta en NE. "Gualdrapados" perpiño granito             |
| <b>MO HR_04</b><br>Feal nº4                       | NO - SE     | 5,41x1,14 m | 3,91 m        | -----                | Cepa Perp. granilo     | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 64%<br>Lousas      | Penal NO Castilheiro       | 3 NE, 3 SO<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Non Si       | -----              | Am. trabe curva Castilheiro | Tila cruz. Decoración madeira. Penal Sur perpiño granito      |
| <b>MO HR_05</b><br>Abercovo nº10                  | NO - SE     | 6,10x1,15 m | 5,65 m        | Zócalo Cach. granilo | Murelas trans. Granilo | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 57%<br>Lousas      | Penal NO Metal Castilheiro | 3 NE, 3 SO<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Si Si        | -----              | Am. trabe curva Castilheiro | Decor. made. Penal SE perpiño granito. "Gualdrapados" granito |
| <b>MO HR_06</b><br>Viaboi nº2                     | NO - SE     | 5,03x1,13 m | 3,67 m        | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 52%<br>Lousas      | INO, 1 SE Castilheiro      | 3 NE, 3 SO<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Non Si       | -----              | Par e cumio Castilheiro     | Casa Rural 2 lamplóns formiñón                                |
| <b>MO HR_07</b><br>Rigueiro s/in                  | NO - SE     | 3,28x1,06 m | 3,55 m        | Soleira Granito      | Estreos Granilo        | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 58%<br>Lousas      | 1 NO, 1 SE Castilheiro     | 2 NE, 2 SO<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Si Si        | Trabe zanca form.  | Am. trabe curva Castilheiro | Antes soporte cepa. Decoración madeira                        |
| <b>MO HR_08</b><br>Erabela nº2                    | NO - SE     | 4,90x1,16 m | 3,42 m        | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 39%<br>Lousas      | Penal SO Castilheiro       | 3 NO, 3 SE<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Si Si        | Cachotería xisto   | Am. trabe curva Castilheiro | Decoración madeira. Penal NE perpiño granito                  |
| <b>MO HR_09</b><br>Santa Xá                       | NO - SE     | 4,90x1,26 m | 3,93 m        | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 44%<br>Lousas      | 1 NO, 1 NE Castilheiro     | 3 NE, 3 SO<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Si Si        | -----              | Par e cumio Castilheiro     | Proteído. Decor. mad. Pombal. Penal SE perpiño granito        |
| <b>MO HR_10</b><br>Vai Xistoso                    | Oeste-Leste | 5,72x1,07 m | 4,02 m        | Soleira Xisto        | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 62%<br>Lousas      | Penal Norte Castilheiro    | 3 O, 3 E, 1 S<br>Dóeas verticais Castilheiro    | Non Non      | Cachotería xisto   | Am. trabe curva Castilheiro | Decoración madeira. Oco en soporte para garfiteiro            |
| <b>MO HR_11</b><br>Vai Xistoso                    | NO - SE     | 6,37x0,96 m | 3,78 m        | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 65%<br>Lousas      | 1 SO, 1 NE Castilheiro     | 3 NO, 3 SE<br>Dóeas verticais Castilheiro       | Si Si        | -----              | Am. trabe curva Castilheiro | Proteído. Casa Rural. Decor. madeira. "Gualdr." Granito       |
| <b>MO HR_12</b><br>Vai Xistoso                    | Norte-Sur   | 6,64x1,00 m | 3,30 m        | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 60%<br>Lousas      | Penal Oeste Castilheiro    | 3 N, 3 S, 1 E<br>Dóeas verticais Castilheiro    | Si Si        | Cachotería xisto   | Par e cumio Castilheiro     | Casa Rural. "Gualdr." granito                                 |
| <b>MO HR_13</b><br>Alto Xistoso                   | Oeste-Leste | *           | *             | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas *<br>Lousas        | Penal Norte Castilheiro    | 3 O, 3 E, 1 S<br>Dóeas verticais Castilheiro    | Non Non      | -----              | Am. trabe curva Castilheiro | "Gualdrapados" perpiño granito                                |
| <b>MO HR_14</b><br>Alto Xistoso                   | NO - SE     | 3,88x1,00 m | 3,82 m        | -----                | Cepa Cach. Xisto       | Lousas Granilo | Vert. Abertas Mixto | 2 Augas 35%<br>Lousas      | Penal SE Castilheiro       | 3 NE, 3 SO, 1 NO<br>Dóeas verticais Castilheiro | Si Non       | Cachotería xisto   | Am. trabe curva Castilheiro | Proteído. O soporte é atiravado por canal de auga             |

\*Impedimentos dos propietarios para medir.



A continuación imos facer o desenvolvemento e a análise de toda a información acadada durante o estudo.

O Concello está redactando un novo planeamento urbanístico, polo que a día de hoxe se basea nas Normas Subsidiarias Provinciais. Existe un catálogo de protección de bens no que comprobamos que non se atopa ningún hórreo, entón nestes momentos non hai existencia de hórreos protexidos polo Concello.

Referente a protección, a Lei de Patrimonio de Galicia 5/2016 di que: “*son bens de interese cultural, sen necesidade da tramitación previa, os hórreos, cruceiros e petos de ánimas nos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901*”. Consideramos de importancia tomar nota dos hórreos que eran anteriores ou posteriores a esta fecha, resultando 5 hórreos protexidos dos 14 totais, polo que a maioría dos hórreos non están protexidos pola Lei 5/2016.

| PROTEXIDOS POLA LEI 5/2016 | Nº hórreos |
|----------------------------|------------|
| SI                         | 5          |
| NON                        | 9          |
|                            | <b>NON</b> |

Os hórreos en Monfero son construcións adxectivas de almacenamento moi abundantes, debido á gran cantidade de millo que se producía. Todos eles son de titularidade privada, é dicir, pertencen e son empregados soamente polos donos da casa. Non acontece como noutros lugares de Galicia, onde hai gran cantidade de hórreos na mesma eira e eran compartidos por tódolos veciños do lugar.

En Galicia danse cinco tipos de hórreos, os hórreos de varas, de madeira, mixtos, de pedra e de albanelería. No caso de Monfero os hórreos son mixtos, é dicir, están construídos de madeira e pedra, a cámara é rectangular estreita de paredes verticais e está apoiada nun soporte formado por un muro de pedra lonxitudinal chamado cepa. Existe un caso en que o soporte é de esteos, pero foi reformado, xa os donos da casa dixerón que antes era de cepa. Hai outro caso no que o soporte é de muretes transversais. Tanto un caso como o outro non os tivemos en conta para determinar a existencia desta tipoloxía.

A orientación é unha característica moi importante, xa que estas construcións teñen que estar continuamente ventiladas, polo tanto están colocados na dirección dos ventos dominantes e á vez na dirección de menor precipitación para evitar a entrada de auga da choiva. O criterio que utilizamos é o eixe menor do hórreo, é dicir, a orientación dos costeiros, xa que son estes os que van a favorecer a aireación. Atópanse sempre, o seu eixo transversal, en direccións Noroeste-Sueste ou Nordeste-Suroeste, polo que hai unha clara área de orientación corresponde ó cuadrante Nordeste-Sueste. Atopamos un no eixe

| ORIENTACIÓN | Nº hórreos    |
|-------------|---------------|
| NO-SE       | 4             |
| NE-SO       | 7             |
| O-E         | 2             |
| N-S         | 1             |
|             | <b>NE- SE</b> |



Figura 5: Hórreo mixto con muretes transversais. Vilaboi, San Fiz (MO\_HR\_05). Fonte propia

### MURETES TRANSVERSAIS

| TIPO    | Nº hórreos |
|---------|------------|
| Cepa    | 12         |
| Muretes | 1          |
| Esteos  | 1          |
| Cepa    |            |

| PAREDES CÁMARA    | Nº hórreos |
|-------------------|------------|
| Verticais abertas | 14         |
| Vert. Abertas     |            |

### ESTEOS

Figura 6: Hórreo mixto con esteos de granito. Eirabella, San Fiz (MO\_HR\_07). Fonte propia





Norte-Sur, pero trátase dunha propiedade que está destinada a turismo rural. A principal edificación é de nova construción e o soporte e a escaleira do hórreo teñen a mesma pedra que esta, sen embargo a cámara vese claramente que está composta por materiais máis antigos, polo tanto consideramos que neste hórreo se reutilizou a cámara, mentres que o soporte e a escaleira se fixeron de novo, polo que pensamos que no momento da reconstrución foi colocado buscando a estética e non a funcionalidade.



Figura 7: Hórreo mixto orientado ó Norte-Sur. Reto, Val Xestoso (MO\_HR\_12). Fonte propia

A parte inferior do hórreo, o soporte, sobre a que se sustenta a cámara sempre é un muro lonxitudinal, chamado cepa, de cachotería de granito na zona Oeste do Concello e de cachotería de xisto no Leste. Isto débese á propia natureza do terreo da zona, na que na parte esquerda do Concello o terreo é granítico mentres que na parte dereita é de xisto. Ten unhas dimensións de entre 5,00 e 7,00 m de longo e de entre 1,00 e 1,20 m de ancho, así como unha altura de entre 1,30 e 1,60 m. En canto á cimentación do soporte, ás veces, pódese ver que este está apoiado sobre unha soleira, pero normalmente o soporte entérrase no terreo uns centímetros polo que a cimentación sería un apoio directo do muro sobre o terreo.

| SOPORTE | Zona  | Nº hórreos |
|---------|-------|------------|
| Granito | Oeste | 6          |
| Xisto   | Leste | 8          |

| CIMENTACIÓN   | Nº hórreos |
|---------------|------------|
| Soleira       | 4          |
| Apoio directo | 10         |
| Apoio directo |            |

| DIMENSIÓNS SOPORTE |            |               |            |               |            |
|--------------------|------------|---------------|------------|---------------|------------|
| Longo              | Nº hórreos | Ancho         | Nº hórreos | Altura        | Nº hórreos |
| 3,00 - 4,00 m      | 2          | 0,90 - 1,00 m | 1          | 1,00 - 1,30 m | 3          |
| 4,00 - 5,00 m      | 2          | 1,00 - 1,10 m | 4          | 1,30 - 1,60 m | 5          |
| 5,00 - 6,00 m      | 4          | 1,10 - 1,20 m | 5          | 1,60 - 1,90 m | 3          |
| 6,00 - 7,00 m      | 4          | 1,20 - 1,25 m | 2          | 1,90 - 2,20 m | 1          |
| 5,00 - 7,00 m      |            | 1,00 - 1,20 m |            | 1,30 - 1,60 m |            |

O soporte está coroado por lousas de granito rectangulares, de maior dimensión en planta que o soporte, de tal maneira que forman un beiril polos catro lados de entre 22 e 24 cm, facendo a función de tornarratos, para que os ratos non teñan maneira de acceder á cámara.

| COROACIÓN SOPORTE |                |            |            |
|-------------------|----------------|------------|------------|
| Material          | Nº hórreos     | Beiril     | Nº hórreos |
| Lousas granito    | 14             | 20 - 22 cm | 1          |
|                   |                | 22 - 24 cm | 4          |
|                   |                | 24 - 26 cm | 3          |
|                   |                | 26 - 28 cm | 1          |
|                   |                | 28 - 30 cm | 3          |
|                   | Lousas granito |            | 22 - 24 m  |



Figura 8: Detalle da cachotería de xisto na cepa do hórreo. Río seco, Santa Xíá (MO\_HR\_09). Fonte propia

**TORNARRATOS** ←

**CEPA** ←



Figura 9: Cepa de cachotería de xisto e tornarratos formado por lousa de granito. Río Seco, Santa Xíá (MO\_HR\_09). Fonte propia

A cámara é rectangular estreita e está formada por dous penais e dous costais. É mixta, é dicir, de madeira e de pedra. As paredes maiores, costais, están formadas por tres estallas separadas por columnas de granito de ó redor de 20x20 cm de sección. As estallas están formadas por armazóns verticais de ventilación, consistentes na disposición de doelas verticais de madeira de castiñeiro de 6 cm de ancho e separadas unhas

das outras entre 2 e 3 cm e reforzadas cunha faixa na parte media, táboa horizontal cravada ás doelas polo exterior. Ten unhas dimensións exteriores de entre 5,00 e 7,00 m de longo e de entre 1,00 e 1,20 m de ancho, así como unha altura de entre 1,60 e 1,70 m. A superficie útil ronda os 3,50 e 4,00 m<sup>2</sup> e a superficie construída os 6,00 e 6,50 m<sup>2</sup>.

| SUPERFICIE DA CÁMARA       |                                  |                                  |
|----------------------------|----------------------------------|----------------------------------|
|                            | ÚTIL                             | CONSTRUÍDA                       |
|                            | Nº hórreos                       | Nº hórreos                       |
| 2,00 - 2,50 m <sup>2</sup> | 2                                | -                                |
| 2,50 - 3,00 m <sup>2</sup> | -                                | -                                |
| 3,00 - 3,50 m <sup>2</sup> | 1                                | 1                                |
| 3,50 - 4,00 m <sup>2</sup> | 5                                | 1                                |
| 4,00 - 4,50 m <sup>2</sup> | 3                                | -                                |
| 4,50 - 5,00 m <sup>2</sup> | -                                | -                                |
| 5,00 - 5,50 m <sup>2</sup> | 1                                | -                                |
| 5,50 - 6,00 m <sup>2</sup> | -                                | 2                                |
| 6,00 - 6,50 m <sup>2</sup> | -                                | 4                                |
| 6,50 - 7,00 m <sup>2</sup> | -                                | 2                                |
| 7,00 - 7,50 m <sup>2</sup> | -                                | 1                                |
| 7,50 - 8,00 m <sup>2</sup> | -                                | 1                                |
|                            | <b>3,50 - 4,00 m<sup>2</sup></b> | <b>6,00 - 6,50 m<sup>2</sup></b> |

| DIMENSIÓNS EXTERIORES DA CÁMARA |                      |               |                      |               |                      |
|---------------------------------|----------------------|---------------|----------------------|---------------|----------------------|
| Longo                           | Nº hórreos           | Ancho         | Nº hórreos           | Altura        | Nº hórreos           |
| 3,00 - 4,00 m                   | 2                    | 0,90 - 1,00 m | 1                    | 1,30 - 1,40 m | 2                    |
| 4,00 - 5,00 m                   | 2                    | 1,00 - 1,10 m | 4                    | 1,40 - 1,50 m | 1                    |
| 5,00 - 6,00 m                   | 4                    | 1,10 - 1,20 m | 5                    | 1,50 - 1,60 m | 3                    |
| 6,00 - 7,00 m                   | 4                    | 1,20 - 1,25 m | 2                    | 1,60 - 1,70 m | 6                    |
|                                 | <b>5,00 - 7,00 m</b> |               | <b>1,00 - 1,20 m</b> |               | <b>1,60 - 1,70 m</b> |

| ARMAZÓNS VERTICAIS DE VENTILACIÓN |            |                 |                |
|-----------------------------------|------------|-----------------|----------------|
| Nº estallas                       | Nº hórreos | Situación       | Nº hórreos     |
| 2                                 | 1          | Costais         | 8              |
| 3                                 | 12         | Costais e penal | 6              |
| 4                                 | 1          |                 |                |
|                                   | <b>3</b>   |                 | <b>Costais</b> |

As armazóns verticais de ventilación atópanse nos costais ou nos costais e nun penal.

Os que teñen só armazóns verticais de ventilación nos costais, nun penal teñen a porta, xeralmente cara o Norte, Noroeste ou Nordeste e o outro penal é de perpiaño de granito. Mentres que os que teñen armazóns verticais de ventilación nos costais e nun penal, no outro penal atoparíase a porta ca mesma orientación que o anterior caso. É dicir, en tódolos casos os hórreos de Monfero teñen a porta nos penais e nunca nos costais.

As portas sempre son de madeira de castiñeiro e abatibles ó exterior para facilitar a entrada. Hai dous tipos, as macizas e as que están formadas por doelas verticais, da mesma maneira que as armazóns verticais de ventilación. En tódolos casos a parte superior da folla da porta é curva, de tal maneira que enriba delas atópase o pinche, peza de granito que axuda a soportar a cuberta e que ten forma angular na parte superior e curva na parte inferior.



Figura 10: Porta maciza. Castro, Val Xestoso (MO\_HR\_10). Fonte propia



Figura 11: Porta de doelas verticais. Portolago, Alto Xestoso (MO\_HR\_13). Fonte propia

**PINCHE**

**DOELAS**



Figura 12: Penal de perpiño. Vilaboi, San Fiz (MO\_HR\_05). Fonte propia



Figura 13: Armazóns verticais de ventilación. O Canedo, Santa Xiá (MO\_HR\_08). Fonte propia

Para acceder ó hórreo utilízase unha escada, escaleira de man de madeira. Hai algúns casos que teñen unha escaleira fixa de cachotería de granito ou de xisto, pegada á cepa e de menor altura que esta, de maneira que queda separada da coroación do soporte, para impedir a subida dos roedores. Outro caso ten escaleira de viga zanca de formigón, pero foi construída anos despois do hórreo e non o consideramos tradicional nin usual da zona.

| ESCALEIRA | Nº hórreos |
|-----------|------------|
| SI        | 6          |
| NON       | 8          |
|           | <b>NON</b> |



Figura 14: Escalera fija de estrutura de cachotería de xisto e chanzos de lousas de xisto. Caulfe, Alto Xestoso (MO\_HR\_14). Fonte propia



Figura 15: Escalera de trabe zanca de formigón. Eirabella, San Fiz (MO\_HR\_07). Fonte propia

A cuberta é a dúas augas, cunha pendente de entre 55-65 %. No material de cubrición predomina a lousa, excepto algúns casos localizados en lugares máis accesibles ou próximos ó Concello de Pontedeume que son de tella, tanto curva como plana. A altura dende o terreo ó cumo está entre 3,00 e 4,00 m.

| CUBERTA            |              |               |                      |            |                  |
|--------------------|--------------|---------------|----------------------|------------|------------------|
| Material cubrición | Nº hórreos   | Altura ó cumo | Nº hórreos           | Pediente % | Nº hórreos       |
| Tella curva        | 1            | 3,00 - 4,00 m | 8                    | 35 -45 %   | 5                |
| Tella plana        | 1            | 4,00 - 5,00 m | 3                    | 45 -55 %   | 1                |
| Lousa              | 12           | 5,00 - 6,00 m | 1                    | 55 - 65 %  | 6                |
|                    | <b>Lousa</b> |               | <b>3,00 - 4,00 m</b> |            | <b>55 - 65 %</b> |

A estrutura da cuberta é de armazón de trabe curva de madeira de castiñeiro. A trabe curva ten unhas dimensións de sección aproximadas de 10,00x20,00 cm sobre a que se apoia o pontón do cumo de 10,00x10,00 cm de sección. Enriba das columnas dos costeiros apoiase a soleira cunha sección en forma de U, onde a base superior é do orde de 12,00 cm, a altura superior de

| ESTRUTURA CUBERTA      | Nº hórreos              |
|------------------------|-------------------------|
| Par e cumio            | 4                       |
| Armazón de trabe curva | 10                      |
|                        | <b>Arm. trabe curva</b> |






Figura 16: Cuberta de lousas. Eirabella, San Fiz (MO\_HR\_07). Fonte propia

8,00 cm, a base inferior de 6,00 cm e a altura inferior 3,00 cm. Na soleira encaixan as doelas verticais. As latas, sobre as que se van suxeitar as lousas ou as tellas, crávanse ó pontón do cume e ás soleiras.




Figura 17: Estrutura de cuberta de armazón de trabe curva do hórreo. Casal do Salgueiro, San Fiz. Fonte propia




Figura 18: Trabe curva apoiada sobre as soleiras e columnas. Casal do Salgueiro, San Fiz. Fonte propia

**DOELAS****SOLEIRA**

Figura 19: Detalle do encaixe das doelas verticais na soleira. Casal do Salgueiro, San Fiz. Fonte propia

**TRABE CURVA****SOLEIRA**

Figura 20: Detalle da trabe curva, soleira, columnas e doelas. Casal do Salgueiro, San Fiz. Fonte propia

Chama moito a atención nestas construcións a procura da estética ademais da funcionalidade. A cuberta case sempre ten nun extremo do cume unha cruz e no outro un lampión de granito. Ademais na metade dos casos puidemos ver “*gualdrapeados*” de perpiaño de granito na cepa e tamén o beirado e as armazóns verticais de ventilación están decorados con motivos ornamentais de madeira que van dende sogueados, frechas e ata formas xeométricas.



Figura 21: Cruz latina de granito en hórreo. Ponte da Pedra, Queixeiro (MO\_HR\_01). Fonte propia



Figura 22: Lampión de granito en hórreo. Feal, Vilachá (MO\_HR\_03). Fonte propia

**GUALDRAPEADOS**

Figura 23: "Gualdrapeados" de granito na cepa do hórreo. Ponte da Pedra, Queixeiro (MO\_HR\_01). Fonte propia



Figura 24: Ornamentación de madeira en forma de frechas no beirado do hórreo. Abercovo, Vilachá (MO\_HR\_04). Fonte propia

|                      | Nº hórreos |
|----------------------|------------|
| CRUZ                 | 1          |
| LAMPIÓN              | 2          |
| CRUZ E LAMPIÓN       | 9          |
| NIN CRUZ NIN LAMPIÓN | 2          |
| CRUZ E LAMPIÓN       |            |

| "GUALDRAPEADOS" | Nº hórreos |
|-----------------|------------|
| SI              | 7          |
| NON             | 7          |
| SI E NON        |            |

| DECOR. MADEIRA | Nº hórreos |
|----------------|------------|
| SI             | 7          |
| NON            | 7          |
| SI E NON       |            |

Máis tarde faremos un estudo dos tipos de cruces e ornamentación de madeira, así como dos lampións vistos.

Para rematar a análise dos hórreos de Monfero amosamos esta táboa na que indica a modo de esquema as características principais destes.

|                              |                                                                     |
|------------------------------|---------------------------------------------------------------------|
| PROTECCIÓN                   | NON                                                                 |
| TIPOLOXÍA                    | MIXTO RECTANGULAR ESTREITO PAREDES VERTICAIS                        |
| ORIENTACIÓN                  | CUADRANTE NE-SE                                                     |
| CIMENTACIÓN                  | APOIO DIRECTO                                                       |
| MATERIAL SOPORTE             | GRANITO NO OESTE E XISTO NO LESTE                                   |
| DIMENSIÓNS SOPORTE           | L (5,00-7,00) x A (1,00-1,20) x H (1,30-1,60) m                     |
| CORONACIÓN SOPORTE           | LOUSAS GRANITO CON BEIRIL DE ENTRE 22-24 cm                         |
| MATERIAL CÁMARA              | PAREDES VERTICAIS ABERTAS GRANITO E CASTIÑEIRO                      |
| DIMENSIÓNS EXTERIORES CÁMARA | L (5,00-7,00) x A (1,00-1,20) x H (1,60-1,70) m                     |
| SUPERFICIES CÁMARA           | ÚTIL: 3,50-4,00 m <sup>2</sup> CONSTRUÍDA: 6,00-6,50 m <sup>2</sup> |
| ARMAZ. VERT. VENTILACIÓN     | 3 ESTALLAS/ COSTEIROS/ DOELAS VERTICAIS/ CASTIÑEIRO                 |
| CUBERTA                      | LOUSA / ALTURA CUME 3,00-4,00m / PTE. 55-65%                        |
| ESCALEIRA                    | DE MAN, DE MADEIRA                                                  |
| ESTRUTURA CUBERTA            | ARMAZÓN TRABE CURVA MADEIRA CASTIÑEIRO                              |
| CRUZ E LAMPIÓN               | SI, DE GRANITO                                                      |
| "GUALDRAPEADOS"              | METADE SI E A OUTRA NON                                             |
| DECORACIÓN MADEIRA           | METADE SI E A OUTRA NON                                             |

Como dixemos anteriormente para facer o estudo primeiro realizamos o traballo de campo, no que diséñamos unha ficha para a toma de medidas e datos. A continuación imos amosar a ficha de cada un dos hórreos analizados.

Posteriormente imos entrar en máis detalle en dous hórreos en particular, amosando debuxos en dúas e tres dimensións, as perspectivas, alzados, plantas, seccións e detalles.

O primeiro, MO-HR-01, atópase na parroquia de Queixeiro, ó Oeste do Concello e o segundo, MO-HR-11, na de Val Xestoso, localizada no Leste. Ambos os dous presentan as características típicas dos hórreos de Monfero.

Despois faremos unha clasificación dos diferentes tipos de cruces e ornamentación de madeira dos beirados e armazóns, así como dos lampións vistos.

E finalmente amosaremos unha ficha cuns hórreos singulares que non pertencen á tipoloxía do hórreo de Monfero e que teñen particularidades especiais.

## FICHA 1

|                 |                  |                          |  |                 |               |
|-----------------|------------------|--------------------------|--|-----------------|---------------|
| <b>Concello</b> | <b>Parroquia</b> | <b>Dirección postal</b>  |  | <b>Casa</b>     | <b>Código</b> |
| Monfero         | Queixeiro        | Lugar Ponte da Pedra nº6 |  | Casa do Banco*1 | MO_HR_01      |




| NORMATIVA URBANÍSTICA                                                    |                       |                                                                                                                                                                                                                                                              |                          |                                  |                                                   |                         |                           |
|--------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------------------|---------------------------------------------------|-------------------------|---------------------------|
| <b>Titularidade</b>                                                      |                       | <b>Ordenanza de aplicación</b>                                                                                                                                                                                                                               |                          |                                  | <b>Condições de protección</b>                    |                         |                           |
| Privada                                                                  |                       | Normas subsidiarias                                                                                                                                                                                                                                          |                          |                                  | Protegido por Lei 5/2016 de Patrimonio de Galicia |                         |                           |
| PARTE DESCRIPTIVA                                                        |                       |                                                                                                                                                                                                                                                              |                          |                                  |                                                   |                         |                           |
| <b>Contorna</b>                                                          |                       |                                                                                                                                                                                                                                                              |                          |                                  | <b>Orientación</b>                                |                         |                           |
| Conxunto arquitectónico formado por vivenda unifamiliar, hórreo e pellar |                       |                                                                                                                                                                                                                                                              |                          |                                  | Eixe Nordeste-Suroeste                            |                         |                           |
| <b>Planta de cámara</b>                                                  | <b>Dim. Cámara</b>    | <b>Sup. const.</b>                                                                                                                                                                                                                                           | <b>Sup. útil</b>         | <b>Altura exterior ó beirado</b> | <b>Altura exterior ó cumo</b>                     |                         |                           |
| Rectangular estreita                                                     | 5,35x1,23 m           | 6,58 m²                                                                                                                                                                                                                                                      | 4,11 m²                  | 3,69 m                           | 4,03 m                                            |                         |                           |
